



Roberto González Pastoriza

Un xurista de lei



**XUNTA
DE GALICIA**



DEPUTACIÓN DE
PONTEVEDRA



Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística



**IRMANDADE
XURÍDICA GALEGA**

© dos textos: os autores

© da publicación: Asociación de Funcionarios para a
Normalización Lingüística

Edita:



PIO GARCIA
EDICIÓNS

Coordinación: Xosé González Martínez

Carmen Pérez Vaquero

Deseño e maquetación: Pío García

Imprime: Imprenta Deputación de Pontevedra

Deposito Legal: VG 320-2013

GALEGUIZAR GALICIA

Roberto González Pastoriza



Un xurista de lei



Prólogos

Neste libro que agora ten vostede nas súas mans, lector ou lectora, recóllense ensaios inéditos escritos ad hoc sobre don Roberto González Pastoriza. Son follas verdes de loureiro en homenaxe cívica a unha persoa da que moitos pouco sabiamos ata este momento que se dá á luz este volume. Non se pense, malia esta circunstancia, que se tratan estas páxinas dunha oda inmerecida ou dunha loa artificiosa nacida dun capricho elexíaco insubstancial. Non. Os textos que aquí se ofrecen obedecen a un acto de xustiza ben consciente e lexítimo a unha persoa de vida exemplar que cativou, polas súas virtudes morais, a todos os coetáneos que o coñeceron e trataron. Xusto é, polo tanto, que recuperemos, no momento presente, un modo de estar no mundo que nos debe servir de lección e guía, agora que se cumpren 115 anos do nacemento, en Moaña, deste ilustre avogado que lle prestou gran atención á tradición consuetudinaria como principio inspirador dun marco xurídico galego enraizado na tradición, a partir do que construír un sistema xurídico mellor.

Home bo en tempos inicuos, valente ante as circunstancias adversas, posuidor dunha gran curiosidade intelectual e comprometido coas causas xustas, Roberto González Pastoriza forma parte, ademais, da tradición ilustre e extensa de xuristas que exerceron a súa profesión dende as premisas ideolóxicas do galeguismo, como Luís Porteiro Garea, Lois Peña Novo, Fermín Penzol ou Sebastián Martínez Risco, entre tantos outros. Dende esas premisas e nunha conxuntura histórica ben difícil, avogaríase e defenderíase incansablemente a presenza da lingua galega nos tribunais de xustiza, pois entendeu sempre que o

lingüístico constituía un dos dereitos inalienables dos galego-falantes.

As colaboracións que neste volume se recollen ofrécennos o retrato realista e fiel de Roberto González Pastoriza, un retrato feito con trazos de admiración e erudición por diversos especialistas en ámbitos do saber moi variados, que foron convocados, para esta cita coa historia e a memoria, pola Irmandade Xurídica Galega.

Santiago de Compostela, febreiro de 2013

Valentín García Gómez

Secretario xeral de Política Lingüística

Roberto González Pastoriza no camiño da Irmandade

No sexto ano de andaina, despois de percorrer como irmandiños do galego vilas como Castro Caldelas, Celanova, Chantada ou A Estrada, e as cidades de Santiago, Lugo, Pontevedra e A Coruña, chegou a hora de presentármonos en Vigo, a principal urbe económica de Galicia.

No medio da fonda crise económica, social, cultural e ata moral que apreixa o noso país, é tamén o momento de manter a man rexa no temón das nosas convicións e, como dicía Quinto Horacio, o poeta clásico por excelencia,

“ rebus angustis animosus atque fortis appare...”

ou, en román paladino e para o que agora nos ocupa, nos tempos ruíns é cando temos que botar o peito na defensa das nosas ideas.

Velaí que, consonte o que xa constitúe unha tradición na Irmandade, este ano dediquemos o acto central de Vigo a honrar a memoria dun dos nosos ilustres devanceiros no mundo do dereito. Falamos, en concreto, do abogado D. Roberto González Pastoriza, que veu ao mundo case canda o século XIX, iniciou os seus estudos universitarios en 1917 –daquela botaban a andar as Irmandades da Fala-, participou na creación do Grupo Autonomista Galego de Vigo –un dos xermolos do Partido Galeguista-, desenvolveu unha destacada actividade cultural durante a II República, defendeu a líderes políticos, sociais e

sindicais na represión da guerra civil, sufriu desterro temporal en Verín e traballou máis de 50 anos como avogado, chegando a ser un xurista de referencia. E, ao par de todo iso, portou a bandeira da nosa lingua.

Con esta homenaxe, xuntamos a González Pastoriza con Claudio Movilla, Orencio Pérez, Casado Nieto, Daniel García Ramos, Sebastián Martínez Risco, Fermín Bouza Brey, Victorino Gutiérrez Aller, Arturo Noguerol, Lois Peña Nieto e outros ilustres xuristas que son patrimonio colectivo de Galicia.

A todos eles nos une a valoración da lingua como presuposto da cultura, e da lingua galega en concreto como eixo vertebrador da identidade do pobo galego.

Como xa dixemos nalgúns ocasións, vivimos un tempo en que as tecnoloxías da comunicación impoñen a primacía das imaxes cunha degradación evidente da capacidade lingüística das persoas, o que nos converte en usuarios automáticos de trebellos que non comprendemos. Iso modula as nosas inquedanzas arredor da normalización lingüística e da situación especialmente conflitiva pola que atravesamos.

A posesión dunha lingua propia é, como dixemos, un dos principais elementos lexitimadores da autonomía política de Galicia: cuestionar a lingua é poñer en cuestión o autogoberno. Nese marco, a política lingüística non é outra cousa que unha intervención dos poderes públicos democráticos cara a preservaren bens comúns valiosos no canto de deixalos á súa sorte. Noutras palabras, a política lingüística é un elemento de auto-

rregulación que quere garantir a igualdade e a liberdade dos falantes e dos grupos lingüísticos, preservando o pluralismo.

Por outra parte, a política lingüística como actividade específica e sistemática, formulada de xeito explícito, suxeita a debate público e materializada en normas legais, é recente pero non é exclusiva deste ámbito: tamén hai intervencións gubernamentais noutras esferas da vida social (como a educación, a sanidade, a ordenación do territorio, o urbanismo, a paisaxe, o medio ambiente, etc.) nas que se que experimentaron nas últimas décadas transformacións históricas semellantes. As obxeccións á política lingüística, como ás actuacións estatais naqueloutros ámbitos, suscítanse desde un marco supostamente liberal e os defensores dela, pola contra, consideramos inaceptable o status quo.

A política lingüística require unha orientación clara do proceso no seu conxunto e un desenvolvemento gradual deste. A clareza do obxectivo é fundamental: non é outro que situar o uso do noso idioma en pé de igualdade xurídica e real co castelán. Pero esa clareza do obxectivo debe ir aparellada coa súa adaptación aos distintos contextos e situacións.

Non aceptamos que ao proxecto de normalización lingüística se lle contrapoña o discurso da “liberdade de lingua” porque non é que a normalización sexa incompatible coa liberdade da lingua, senón que a democracia é requisito para a normalización. E a noción de “liberdade lingüística” é unha aplicación forzada ao eido das linguas das concepcións ideolóxicas neo-

liberais que pugnan por un individualismo a ultranza, pregoan as bondades do libre mercado e mercantilizan todas as ordes da vida social. O individuo escollería ou pode escoller a lingua que fala nun mercado aberto no que naturalmente por efecto do xogo da libre concorrencia imponse o idioma máis competitivo, máis apto, o que máis vantaxes ofrece. O vello darwinismo social é a cerna do neoliberalismo lingüístico.

O certo é que esas dicotomías ideolóxicas son inaceptables porque a lingua é un fenómeno ao par individual e social (que só se explica na interacción social) e deféndense desde perspectivas ferozmente monolingües. Tampouco é verdade que exista un mercado lingüístico libre porque os idiomas son moitos máis ca mercadorías e as persoas falantes moito máis que simples actores económicos.

Todo iso leva á falacia da imposición do galego: se o galego é lingua oficial en Galicia e o noso ordenamento xurídico, democráticamente constituído, sinala como obxectivo a normalización do seu uso social, carece de sentido falar de imposición.

En resumo, o uso normalizado da nosa lingua propia en todos os ámbitos da vida social constitúe un signo visíbel da identidade colectiva. A lingua desempeña un papel central porque é unha estrutura que está presuposta na maior parte das outras estruturas da cultura sen estar presuposta por estas. A normalización da lingua galega é unha tarefa colectiva, un desafío para toda a sociedade galega, que debe ser afrontado solidariamente, cunha perspectiva integradora e non excluín-te. A iso

somos convocados pola Irmandade Xurídica Galega, invocando a memoria de homes como González Pastoriza e superando a concepción lacrimosa da historia (a lacrimous conception of history) da que falan certos profesores.

Xoaquín Monteagudo Romero
Presidente da Irmandade Xurídica Galega



Roberto González Pastoriza
Un galeguista republicano con todo dereito

Xurxo Martínez González
Escritor

En Vigo existe unha lembranza, decote máis diluída na memoria colectiva, de Roberto González Pastoriza grazas fundamentalmente á súa tarefa profesional como avogado. Un exercicio que comezou dende ben novo, á sombra e protección do poderoso Adolfo Gregorio Espino, alcalde vigués nos anos da ditadura de Primo de Rivera. O éxito acompañouno no decurso temporal, ocupando cargos de relevancia, deica acadar sona dentro e fóra de Galiza.

Na elite intelectual da urbe atlántica tamén aparece o seu nome ligado a unha faceta menos coñecida pero non menos importante como foi a da existencia do compromiso republicano e galeguista. Principios que lle trouxeron o olor acedo da represión nos anos inmediatos á guerra civil pero que non dobregaron a súa vontade democrática.

O testemuño familiar é, sen dúbida, unha das fontes máis importantes para esta investigación e, por ende, expresamos a gratitude a Margot González-Pastoriza Sanjurjo e ao seu fillo, Jaime Barreras, avogado que traballou canda o noso protagonista. Estendemos o agradecemento a todas as persoas que dun ou doutro xeito nos axudaron con este traballo.

Xúntanse a este vieiro informativo a correspondencia epistolar, marco de confesións e reflexións que se converten nunha nutritiva liña documental, e a prensa, memoria escrita do transcorrer vital.

Os primeiros anos deica licenciarse en Dereito

A orixe de Roberto Víctor González Pastoriza atopámola en Moaña, onde naceu o 26 de febreiro de 1898. O seu pai, José Benito González Portela, traballaba como secretario do xulgado da vila costeira e a súa nai, Teodora Dolores Pastoriza Díez, era a filla dun mestre local. A familia González Pastoriza completábana os seguintes fillos: José, Filomena, Roberto, María, Gerardo, Amelia, Dolores e Carmen.

Era un casal de coidada educación e cultura, dentro dos parámetros dun catolicismo humanista. Así, José Benito González, recoñecido funcionario e home respectado, ensinaba a ler e escribir os analfabetos do lugar sen cobrarlles un patacón. A imaxe do seu pai axudando á xente sen posibilidades nin tan sequera de se educar, os homes e mulleres carentes duns mínimos coñecementos para defenderse das adversidades creadas pola miseria humana, debeu marcar a retina dos ollos do cativo Roberto. Será por iso que tamén quixo filtrar aquel necesario humanismo dende a xudicatura axudando a aqueles que o precisasen.

As primeiras letras aprendeunas nunha escola de Moaña. Daquela época lembraba, e narraba decote aos amigos epistolares, a aprendizaxe do galego “qu’eu deprendera, de cativo, cand’a miña escolanía de Moaña. Me non eu esquecín dendesd’entón e saime arreo sin m’eu decatarse”¹.

Entre 1912 e 1915 atopámolo como estudante no Colegio Cívico-Militar de María Auxiliadora, en Vigo, onde obtivera no

primeiro curso unha destacada matrícula de honra na materia de Latín, como nos relata *El Noticiero de Vigo*². Foi un alumno aplicado con excelentes cualificacións académicas.

O grao de bacharelato acadouno o 19 de xuño de 1916, tras superar unha proba no Instituto de Pontevedra, obtendo un sobresaínte³.

Con parecida e aplicada dedicación cursou a disciplina de Dereito na Universidade de Santiago de Compostela, na cal se matricula en 1916. Entre o cadro de mestres atopamos os significativos nomes de Luís Porteiro Garea (líder das Irmandades da Fala e morto prematuramente en 1918) e de Lois Peña Novo (profesor axudante do anterior e igualmente líder nacionalista)⁴. E entre os compañeiros de facultade están algúns dos seus bos amigos ao longo da vida: Manuel Rivas Landeira, Luis Losada, Fermín Bouza Brey ou Valentín Paz Andrade.

Naqueles anos estudantís integrouse na “Asociación Jurídico-Escolar” da universidade, composta por alumnos de Dereito. Na altura de 1920, o mesmo ano en que remata a carreira, exercía de presidente da mesma⁵.

O primeiro síntoma de latexar galeguista, ou canto menos de sensibilidade respecto da cultura propia, foi a ilustrativa publicación de tres poemas en galego, asinados en Moaña con data de 1920, na revista viguesa *Vida Gallega*, dirixida por Jaime Solá⁶.

A avogacía antes da guerra

Un feito decisivo na vida do noso protagonista foi a case inmediata incorporación, tras licenciarse, ao prestixioso bufete de Adolfo Gregorio Espino.

Este avogado e político vigués militaba daquela na Liga de Defensores de Vigo⁷, optando como candidato a Cortes pola cidade da oliveira en 1923. O seu rival, o urzaísta Rafael Gasset, dobrouno en número de votos naquelas eleccións de sufraxio restrinxido ao sexo masculino.

Mais esta derrota non impediría que Adolfo Gregorio Espino asumira a alcaldía de Vigo meses despois do golpe de estado de Primo de Rivera, concretamente no Nadal de 1923. Ante este novo reto e as responsabilidades que o ocupaban, mirouse na obriga de deixar o bufete a cargo doutra persoa. A escollida foi Roberto González Pastoriza, decisión que revela non só a confianza do alcalde vigués naquela persoa nova e con escasa experiencia, senón tamén a alta consideración profesional que irradiaba. Sen dúbida, xa era don Roberto.

Pero tamén puido resultar igualmente decisiva a pertenza do letrado moaños á Juventud de la Liga de Defensores de Vigo, co cargo de vicesecretario (González Martín, 1998). Os circuitos de relación social son imprescindíbeis para comprender moitos acontecementos.

Dende 1923 deica 1927, o moaños dirixiu os traballos dun dos máis sobranceiros despachos de avogados do Vigo de inicio

de século, encargado dos asuntos propios de importantes empresas. Un paso adiante na ascensión e respecto sociais que se reforzaron tras o casamento no ano 1927 (ou 1928?) coa pianista María Luisa Sanjurjo Oza⁸, procedente dunha familia de tradición militar dende os tempos da francesada e de parentesco co General José Sanjurjo.

Dentro do aumento deste prestixio popular cómpre destacar o seu nomeamento como cónsul honorario do Salvador en 1928. Un cargo de certa relevancia económica polo que tiña de importancia nos asuntos comerciais da burguesía viguesa.

Coa saída da alcaldía, Gregorio Espino reincorporaríase ao bufete. Don Roberto decide, entón, abrir despacho propio con enderezo na Porta do Sol, número 14, segundo. Corría o ano 1927.

Nesta nova localización atendía as consultas en horario de mañá. A principal ocupación foi concentrarse nos procesos xudiciais do Concello de Vigo, ao ser letrado externo da institución⁹. Desempeñaría este cargo, onde aparece decote ao carón de Timoteo Gay (o procurador), deica 1933 en que renuncia a continuar vencellado á cámara municipal¹⁰. Ante esta nova situación decide trasladar o bufete á rúa Velázquez Moreno número 22, segundo piso.

A actividade profesional durante eses anos resultou frenética xa que formaba parte da asesoría xurídica da caixa de aforros, pertencía á secretaría da Unión de Entidades Viguesas e a presidencia de distintos comités laborais¹¹.

No Nadal de 1931 atopamos o nome de don Roberto na comisión promotora do Colexio de Avogados de Vigo, xunto a Senra, Raimundo Vidal Pazos e Agustín Rivas Villanueva¹². As autoridades aprobarían os estatutos case un ano despois, en novembro de 1932. Eis a orixe do actual Colexio de Avogados de Vigo, que tivo como presidentes a Juan Amoedo Seoane ou Adolfo Gregorio Espino, entre outros.

Durante todo este tramo temporal deu saída á súa inquedanza intelectual publicando diversos estudos, artigos e libros arredor case sempre de cuestións profesionais. Por exemplo, en 1926 publica *Posibilidades legales de garantizar los préstamos hipotecarios* e, uns meses despois, *Los límites de la acción del Estado y la ordenación del ahorro*, ambas obras patrocinadas pola caixa de aforros. Tamén analizou na prensa a lei de redención foral e comezou a colaborar en 1928 coa prestixiosa *Revista General de Legislación y Jurisprudencia*, órgano oficial da Academia Nacional de Jurisprudencia y Legislación¹³.

Pero Roberto González Pastoriza exhibía outra faceta publicista como era a de ser colaborador d'*El Pueblo Gallego*, *Faro de Vigo e Galicia*. *Diario de Vigo*, este último dirixido polo seu colega e camarada Valentín Paz Andrade.

A saída á rúa do xornal Galicia favoreceu á difusión dos principios nacionalistas grazas á colaboración de distinguidos intelectuais nas páxinas do devandito periódico: os debuxos de Castelao, Carlos Maside ou Álvaro Cebreiro canda os artigos de Ramón Otero Pedrayo, os Villar Ponte, Vicente Risco, Ramón Cabanillas etc.

O noso protagonista participa neste proxecto xornalístico do nacionalismo galego con achegas asinadas baixo o pseudónimo Gonzal Pastor, empregado xa para os posteriores anos (incluídos os franquistas). Apalpaba de preto o inicio do despertar galeguista.

O Galicia foi pechado en 1926 pola ditadura de Primo de Rivera. Daquela etapa de réxime militar, don Roberto cavilaba o seguinte: “la opinión general [...] recibió el cambio de ambiente prometido por la Dictadura como una esperanza, sin pararmientes en que con el aire de simplicidad, de primitivismo, de fortaleza cavernaria, se imprimía un formidable retroceso a la evolución de la sociedad”¹⁴.

Un humanista e demócrata coma el disentía daquela política opresora.

O nacionalismo e o paso polo grupo autonomista galego

A expresión política e moderna do nacionalismo galego, as Irmandades da Fala, naceu por impulso dos irmáns Villar Ponte. A primeira delas constitúese na Coruña, en 1916, e comeza a espaxiarse por outros puntos da xeografía galega. Salientaban, entre os líderes iniciais, dous mestres universitarios de Roberto González Pastoriza: Luís Porteiro Garea e Lois Peña Novo.

A Vigo chegaría de xeito serodio o despertar galeguista. No mes de maio de 1917 conformábase o grupo local das Irmandades liderado polo daquela estudante Germán López Roca, xunto a

José Gil, Balbino Cruces, Manuel Lustre Rivas, Avelino Rodríguez Elías, Amador Montenegro Saavedra, Mirambell ou Jaime Solá. A inestabilidade e inacción marcaron os primeiros pasos na urbe atlántica.

A primeirísima relación de Roberto González Pastoriza co nacionalismo chega nos anos universitarios. Estamos en 1919 e as Irmandades da Fala celebran a II Asemblea Nacionalista na capital galega. Entre os concorrentes atopamos o seu nome canda outros da talla de Ramón Cabanillas, Losada Diéguez, Castela, os Villar Ponte ou Xaime Quintanilla.

A asemblea, despois de longos debates, aprobou e publicou as conclusións entre as que destacamos o establecemento da “igualdade absoluta política e civil da muller e do home”; “Implantación na Universidade de Santiago das Cátedras de Dereito, Historia e Lingua e Literatura galegas”; “Pedir ós Gobiernos español e portugués a libre circulación dos cidadáns de ambos os dous países, sen o requisito do pasaporte” (García Cotarelo; Lois Calviño e Fernández Jiménez, 1986: 72-73).

O asomar público da militancia galeguista de don Roberto na cidade onde traballa aconteceu en 1923, ao adherirse ao manifesto que reclamaba izar a bandeira galega na cámara municipal de Vigo polo 25 de xullo (xa declarado polas Irmandades da Fala como o día de Galiza). Entre a ringleira de asinantes atopamos os nomes de Lustre Rivas (redactor-xefe do Galicia e amigo do noso protagonista), Xavier Pardo, Valentín Paz Andrade ou Xavier Soto¹⁵.

A desfeita nacionalista, cunha fonda división interna no eido político durante os anos da ditadura de Primo de Rivera, atopou remate nos albores republicanos ao iniciarse un proceso de converxencia de distintas agrupacións.

En 1930 aparecía en Vigo o Grupo Autonomista Galego (GAG), liderado polo avogado Valentín Paz Andrade, que sería un dos colectivos promotores e integrantes da reunificación do nacionalismo galego baixo as siglas do Partido Galeguista. Nesta altura xa encontráramos a Roberto González Pastoriza como un dos fundadores do GAG.

A posta en escena do citado grupo cadraría co 25 de xullo daquel ano, cun mitin realizado no teatro García Barbón (que contou coas intervencións de Castelao, Otero Pedrayo e Paz Andrade) e o posterior xantar nos xardíns da Barxa (terreo actualmente ocupado polas torres de García Barbón). Imaxinamos a presenza do perfil esguío daquel home de lentes que era don Roberto.

Algúns retallos do pensamento galeguista do letrado moañés podémolos atopar nos artigos publicados en prensa. Nun deles, dedicado ao cultivo da arte e co título evocativo de “Primordialmente, gallegos”, afirma: “hay que ser ‘pleno’ –¿humano?–; desde luego, universal. Y, primordialmente, tenemos que ser nosotros. Como condición de fortaleza y aún de existencia”¹⁶. Con certeza, só sendo galegos podemos ser realmente universais.

Nunha carta pública a Valentín Paz Andrade, onde anuncia a súa baixa do GAG, explica: “Coincidente, identificado contigo en la aspiración liberacionista de nuestra tierra, de exaltación de la nacionalidad gallega que sueles imprimirle, porque de siempre ha sido común nuestro pensamiento de que el problema de la libertad, cardinal para todos los sistemas y régimenes, no se planteará en sus términos verdaderos mientras permanezcan sofocadas o sometidas las personalidades con derecho a distrufala”¹⁷.

El Pueblo Gallego, periódico no cal colabora o noso avogado, informaba no romper de 1931 da escolla da dirección do Grupo Autonomista Galego: Valentín Paz Andrade, como presidente; M. Elías Barros, como vicepresidente; Víctor Fraiz, como secretario; Enrique Vilarelle, como vicesecretario; Ovidio Temes, como tesoureiro; José Monteiro, como contador, e Roberto González Pastoriza, como bibliotecario¹⁸.

Unha diverxencia, naquel ano transcendental da proclamación da Segunda República, provocou a dimisión e baixa de González Pastoriza do Grupo Autonomista Galego. Aconteceu no mes de xuño de 1931.

A principal discrepancia interna era a postura do GAG ante as eleccións ás constituíntes. Don Roberto defendía a tese de intervenir como un “órgano atento exclusivamente a los intereses permanentes de Galicia”¹⁹ mais non participar na contenda electoral. É dicir: procuraba crear un colectivo que incidise con propostas galeguistas, de xeito transversal, nas distintas opcións políticas.

Por este motivo solicita convocar unha asemblea e someter a debate a postura, co fin de fixar a posición do grupo de xeito colectivo ante a actuación individual de Valentín Paz Andrade en nome do mesmo. Non houbo tal xuntanza e a petición foi obviada. Ese proceder foi o móbil polo cal Roberto González Pastoriza, xunto a outros militantes, decide abandonar o GAG.

Pouco tardarían os nacionalistas vigueses en atoparse e coincidir organicamente na “grande obra” (inacabada) que dixo Antolín Faraldo, ao fundarse o Partido Galeguista.

A segunda república

A proclamación da Segunda República supuxo unha fervente felicidade para don Roberto xa que “la sociedad existe por los asociados; es de ellos, y para ellos; ahí el camino; la soberanía social; la soberanía del pueblo; su único instrumento, el vehículo que pudiese rodar por este camino de democracia sin embustes, sin mixtificaciones, la República”²⁰. Esta é a expresión dun demócrata convencido, dun home que comprendía o exercicio político como un servizo ao conxunto da sociedade.

Denantes da instauración do sistema republicano aparece un colectivo promovido por un feixe de intelectuais como José Ortega y Gasset, Gregorio Marañón ou Ramón Pérez de Ayala. Creábase, en febreiro de 1931, a Agrupación al Servicio de la República. Non era un partido político senón unha asociación de intelectuais e profesionais defensores dun novo modelo de estado.

En Vigo constituírase polo mes de abril a Agrupación Viguesa al Servicio de la República, dirixido por un comité executivo conformado por Manuel Gómez Román (arquitecto), Manuel Ferreiroa Veiga (médico), Francisco González Garra (médico), Xerardo Álvarez Gallego (avogado) e Roberto González Pastoriza.

O día 17 de abril celébrase unha xuntanza no local do Ateneo, na rúa Velázquez Moreno, número 16, para aprobar os estatutos do grupo local. O primeiro artigo di: “La Agrupación Viguesa al Servicio de la República tiene por objeto asociar a cuantas personas que por imperativo de democracia, o de dignidad humana, proclamen la supremacía de este régimen político, cualesquiera que sean las ideas que profesen en cuanto a la estructuración orgánica del Estado; a sus relaciones con las entidades naturales; a la actitud que debe adoptarse ante los problemas social y religioso, etc.”²¹.

A Agrupación al Servicio de la República presentou candidatos dentro da listaxe republicano-socialista. Acadou trece escanos (Bernardo Giner de los Ríos, Gregorio Marañón, Ortega y Gasset etc.) pero tiveron escaso protagonismo como grupo.

Deseguido, tres dos dirixentes da agrupación de Vigo (Manuel Gómez Román, Xerardo Álvarez Gallego e Roberto González Pastoriza) orientarán a súa actividade cara ao nacionalismo organizado. Así, tras a constitución do Partido Galeguista (PG) no Nadal de 1931, atopamos os seus nomes entre os pioneiros da sección viguesa²².

Don Roberto, integrado na corrente progresista do PG, participaría nas distintas actividades e iniciativas do nacionalismo organizado pero dende unha segunda fila. Así llo confesa a Manuel Portela Valladares: “Apartado del apasionamiento a que me llevaría una política activa, que no practico”²³. A súa figura pódese albiscar nalgúns retratos de grupo pero non entre a relación de oradores nos actos propagandísticos ou na nómina de dirixentes.

Para o público seguidor de Federico García Lorca son coñecidos os seis poemas que este escribiu en galego, resultado da súa relación con Galiza e con escritores galegos como Eduardo Blanco Amor ou Ernesto Guerra da Cal.

A chegada do poeta granadino a Vigo nárranola Landeira Yrago: “Apeado del tren de Madrid, huésped del Comité Vigués, Federico recalca en Vigo, ciudad para é desconocida, el día 6 de mayo [de 1932]. Le rodean prestigiosas figuras –el abogado González Pastoriza, el médico Arbones, el arquitecto Gómez Román, el industrial Fadrique, el catedrático Toledano Cañamaque...– que le acompañan a la tertulia del Derby y al restaurante Casa Pepe, en la calle Doctor Cadaval, próximo al desaparecido diario *El Pueblo Gallego*” (Landeira Yrago, 1986: 42).

Don Roberto rememorou para Xosé Landeira o sucedido aquel día: “Fumos dempois, con algúns amigos, a tomar unhas copas ó Bar Derby, que naquela tempada tiña gran popularidade, nã rúa Urzáiz. E foi alí, sobor do mármore das mesiñas, onde nos servían, que, respondendo a seus pregos, ibamos escribindo-





lle os sinónimos da moitedume de verbas galegas, apús das consonancias i asonancias que il desexaba prós poemas que matinaba faguer na nosa fala”²⁴. O resultado foron uns magníficos poemas cos que García Lorca homenaxeou a nosa terra.

Por confesión propia do noso letrado sabemos que “Federico fué traído a Vigo por el ‘Comité de Cooperación Intelectual’, que yo presidía. Fué disuelto por el franquismo”²⁵ ou, dito doutro xeito, “foi vetada cá xenofobia que houbo de xurdir nã segunda metade do ano 36”²⁶. Descoñecemos dende nin até cando exerceu esta presidencia pero resulta unha información relevante para irmos configurando a fasquía polifacética deste avogado moaños.

Naquel Nadal de 1932 unha nova enloitaría o lar familiar: a morte de José Benito González, o pai do noso protagonista. Un revés para don Roberto, quen continuaba preocupado pola feble saúde da súa dona, a quen cariñosamente chamaba “miña santiña”.

Moitos anos despois confesáballes nunha carta a Manuel Fraga: “la larga enfermedad de mi Santa me impidió aceptar los Gobiernos Civiles de Lugo y de Badajoz, la candidatura del Frente Popular para Diputado a Cortes, la Alcaldía de Vigo que coactivamente quiso impornésemme, y la Dirección General de Administración Local”²⁷.

Outro feito que cómpre rescatar dese escuro lugar do esquecemento é a actitude de Roberto González Pastoriza nos días posteriores á sublevación de outubro de 1934. O avogado

moañés asumiu a defensa de conspicuos líderes republicanos como Enrique Heraclio Botana (dirixente sindical e socialista vigués), Emilio Martínez Garrido (alcalde de Vigo), José Antela Conde (alcalde de Lavadores), Ramón González Brunet (concelleiro socialista de Vigo), Ignacio Seoane Fernández (concelleiro socialista de Vigo), Antonio Vidal Vilas (concelleiro socialista de Vigo), Roberto Rosendo Rodríguez (enfermeiro paseado en 1937) e Francisco Herrera Hidalgo. A causa era a suposta participación dos acusados nos episodios revolucionarios e, por esta razón, foran encarcerados o día sete de outubro e suspendidos nas súas funcións como cargos electos.

Para a defensa deste caso, don Roberto acudiu ao consello do relevante avogado Ángel Ossorio y Gallardo²⁸, quen representaba os presos Manuel Azaña ou Lluís Companys, líder catalanista.

Tras acadar a liberdade a inicios de 1935, logo de meses de prisión, a vitoria da Fronte Popular permitiu a restitución nos seus postos institucionais os devanditos republicanos. Posición que defendera o noso protagonista segundo explica no artigo “Sobre la reposición de los Ayuntamientos de elección popular”²⁹.

Don Roberto ofreceu publicamente diferentes mostras de simpatía pola Fronte Popular liderada por Manuel Azaña, e onde se integraban as formacións republicanas de esquerda e o galeguismo organizado. Así resulta comprensíbel os distintos cargos que lle ofreceron ou a posibilidade de postularse como candidato nunhas listas electorais.

Nun dos asuntos máis polémicos da fase republicana, a ortodoxia da Igrexa católica, o noso protagonista opinou nun artigo titulado “Elecciones y pastorales”³⁰. Sen renunciar ao catolicismo, solicita a separación da Igrexa do Estado e a non intervención na política dos poderes eclesiásticos, negando por tanto que o correcto católico tivese que ser obrigadamente de dereitas. Don Roberto non era partidario das posturas exclusivistas que negaban a condición das persoas cando se refugaba comungar como rodas do muíño. Tiña os principios ben enraizados.

Durante os últimos anos republicanos *A Nosa Terra* anunciaba nas súas páxinas o despacho de don Roberto, como tamén o de Xerardo Álvarez Gallego. Porén non atopamos ningún artigo del na cabeceira periodística do nacionalismo, un feito canto menos estraño dado o perfil militante e a vertente publicista do noso letrado.

A súa relación con Castelao, o líder do Partido Galeguista, foi intensa. “Il rubéu unha moitedume de vegadas ô meu despacho. Coase que endexamais fallaba â tertulia que os sábados tiñamos en Pontevedra, con Cabanillas, Osorio Fernández-Tafall, etc.”³¹. Naquela Pontevedra republicana tamén entaboaría relación con Alexandre Bóveda, con quen terá traballará como asesor na redacción dos capítulos dedicados ao dereito e á administración no Estatuto Galego.

O interese pola cultura galega, expresado en reiteradas ocasións por don Roberto, lévao a participar na asemblea de cons-

titución da Asociación de Escritores Gallegos, celebrada en Compostela no mes de maio de 1936. Aquí atopamos o máis selecto da literatura galega de entón: Castelao, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Gonzalo López Abente, Victoriano Taibo ou o aínda rapaz Álvaro Cunqueiro³².

Un dos derradeiros actos en que participa don Roberto como militante nacionalista denantes da guerra é a entrega en Madrid do Estatuto Galego. Naquela delegación galaica trasladada á capital en xullo de 1936, encabezada por Castelao, Ánxel Casal ou Enrique Peinador, aparece o rostro de Roberto González Pastoriza.

Así recorda con Ramón Otero Pedrayo: “Neste intre volto d’escoital-a confrencia dó Vilas Nogueira, apresentando o seu libro “O Estatuto Gallego”. Lle dixen qu’eu, que fun un dos que lle fixemos entregue –sin representación– ô xefe do Estado daquela”³³.

Un dos trazos de don Roberto era ese traballar silandeiro e abnegado polo ben da causa común do galeguismo e da república. Constatamos que fuxía da aparición pública pero atopámosto decote detrás de importantes acontecementos. Moitas persoas que o trataron anos despois descoñecían esta inxente tarefa e nivel de compromiso. Don Roberto non era home de colgarse medallas nin de botar a lingua a pacer para encher o peito ante a concorrência. Todo o contrario, xa que tendía a ser retraído e calado nos asuntos do pasado.

Avogado nas tebras de Atila

A infausta data do 20 de xullo de 1936 quedou esculpida a base de tiros nos muros dos edificios da Porta do Sol. As tropas golpistas, ao mando do xeneral Carreró Vergés, abriran fogo contra a multitude que os rodeaba causando numerosos mortos e feridos³⁴. Comezaba así a feble resistencia, de apenas tres días, por parte dos demócratas e a inmediata persecución dos desafectos ao novo réxime do falanxismo.

A casa de Roberto González Pastoriza foi rexistrada polas autoridades feixistas mentres el estaba no fogar dun dereitista local, que decidiu protexelo. Os antecedentes políticos eran suficientes para levalo ao cuartel e ser interrogado. A intervención de persoas distinguidas, como Adolfo Gregorio Espino, resultaría decisiva para sacalo axiña da cadea.

Nesta atmosfera apoderada polo medo e a imaxe infrahumana dos corpos deitados nas gabias das estradas ou aos pés das tapias dos camposantos, o noso protagonista non renunciou a exercer de avogado, entre outros, dos principais líderes políticos republicanos de Vigo.

O 2 de agosto de 1936 son procesados por rebelión militar (causa nº 142/36) o alcalde Emilio Martínez Garrido, o deputado da Fronte Popular Antonino Bilbatúa, o concelleiro socialista Waldo Gil e o histórico socialista e sindicalista Enrique Heraclio Botana. Son postos en busca e captura o deputado Ignacio Seoane e o concelleiro Ramón González Brunet. Ao seren detidos, tamén asume a súa defensa don Roberto (Chaves Cuiñas, 1986: 312).

As confesións de Florentino Vázquez Doval e de Manuel Rey Gómez (tamén detido) involucraron os dirixentes republicanos no reparto de armas na Casa do Pobo. O tenente da garda civil, o temido Francisco González Rodríguez “O Rabioso”, participaría de maneira activa declarando contra os procesados.

O avogado presentou a aceptación da defensa nun comunicado ao capitán e xuíz de causas militares da praza de Vigo. Un xesto que podía custarlle caro naqueles días terribes onde a vida non valía nada. Pero fíxoo e esa actitude é a que torna a don Roberto nun deses heroes da xudicatura galega, como un Fermín Bouza Brey que protexeu a tantas persoas da bisbarra da Estrada ou o seu colega Valentín Paz Andrade que fixo o imposíbel para evitar o asasinato de Alexandre Bóveda. Foron homes de ben, humanistas da causa democrática, avogados da liberdade.

O investigador Chaves Cuiñas indica: “Y con paciencia infinita afrontó D. Roberto golpes e insultos de los fascistas que lo condenarían al destierro la madrugada misma del día señalado para el Consejo de Guerra de aquellos hombres, de aquellos sus amigos que depositaban su esperanza común en el gran jurista y conciudadano...” (Chaves Cuiñas, 1986: 313). O estigma social daquela defensa debeu ser notábel nun Vigo onde abrollaban feixistas por uquer, candidatos a pistoleiros que facían méritos para aproveitarse socialmente da nova situación.

Don Roberto González Pastoriza presentou un escrito de defensa ante o xuíz militar que comeza cunha queixa ante a im-

posibilidade de examinar as dilixencias xudiciais, gardadas baixo segredo de sumario, e remata advertindo da dificultade de atopar testemuñas a prol dos detidos debido ás circunstancias bélicas. Nesas condicións, afirma que os cargos “no resultan indicio alguno de criminalidad”. A firmeza expresada na inocencia dos republicanos vigueses e a defensa íntegra dos procesados faino disentir totalmente co tenente da garda civil “O Rabioso”, temido polo seu carácter vingativo.

Realiza unha serie de peticións que serán rexeitadas polo capitán xuíz instructor, Manuel Lage. Elevadas as reclamacións ao auditor de guerra, este nega, nun ditame do 9 de agosto, a legalidade das leis republicanas, consideradas “facciosas”, e recoñece unicamente a existencia dun poder, o da Junta de Defensa Nacional.

O 19 de agosto o auditor de guerra informa á defensa dos procesados a apertura do consello de guerra sumarísimo contra estes e a aplicación do código de xustiza militar. Ante esta modificación Roberto González Pastoriza foi apartado da causa polo seu carácter de avogado civil. Agora o futuro, xa sentenciado dos acusados, dependía do defensor Segundo Cobas Rivero, tenente de infantería Mérida. O día 22 foron condenados a pena de morte acusados de traizón. Cinco días despois eran asasinados en Pereiró.

O fusilamento daqueles homes tan representativos da Segunda República en Vigo resultou un feito inesquecível. De igual xeito ficaría a lembranza da actuación de Roberto González

Pastoriza na defensa incorruptíbel dos asasinados, decisión que lle custou a inimidade dos feixistas.

En canto á represión exercida contra don Roberto, podemos ler os seguintes datos no expediente producido pola Audiencia Provincial de Pontevedra de Responsabilidades Políticas en 1942: “D. Roberto González Pastoriza que estuvo afiliado al partido de Izquierda Republicana siendo persona de significación en el mismo, haciendo labor de captación y como abogado fue Letrado asesor de la Corporación municipal de Vigo y de otras entidades no políticas, no conociendosele otros bienes que los ingresos por su profesión como Letrado en ejercicio y una finca en Panjón valorada en diecisiete mil pesetas y otras dos rústicas situadas en Sotomayor y Nigrán que en conjunto no alcanzan a las cuatro mil pesetas, teniendo constituida la familia con esposa enferma y dos hijos menores de edad. Fue sancionado con la multa de diez mil pesetas por la Comandancia militar de la Plaza de Vigo, por resolución de 17 de octubre de mil novecientos treinta y seis, que satisfizo seg. folios 53 y 54 y desterrado a Verín y quedando detenido en la prisión de dicha población”³⁵. Coidamos que a referencia a Izquierda Republicana é unha confusión con Jaime González Pastoriza (que non consta como familiar de don Roberto), que residía en Bueu e militaba activamente no citado partido.

Amplía a información un informe da comisaría de Vigo do ano 1944: “estuvo afiliado a Izquierda Republicana, en donde no ocupó cargos directivos y se distinguió haciendo gran propaganda de sus ideas. Fué propuesto en una votación para

Diputado a Córtes y después de iniciado el G. M. N. [Glorioso Movemento Nacional] fué detenido por el Delegado de Orden Público de aquella ciudad e ingresado en la Cárcel, habiendo sido puesto en libertad en el mes de Diciembre del año 1936 y desterrado a Verín, imponiéndosele una multa de diez mil pesetas”³⁶.

Temos sospeitas de que as fincas citadas foron incautadas como fórmula de pagamento da multa imposta polas novas autoridades.

A finais de 1938 élle levantada a orde de desterro en Verín. O expediente persoal do noso colexiado revela que sufriu unha depuración sen sanción (pero con expediente aberto) e que non puido exercer a profesión até xullo de 1939³⁷. Non fora o único, de entre os fundadores do colexio de avogados, que padecera a represión. Outros letrados no mesmo caso foron Amado Garra, Valentín Paz Andrade, Arturo Estévez ou o mesmo Adolfo Gregorio Espino (aínda que sen expediente previo).

Para figurarnos a presión do axexo e da vixilancia á cal sometieron a don Roberto podemos reparar no escrito de defensa que el mesmo elabora ante a causa aberta en 1945, relatado en terceira persoa: “Fué juzgado el suscrito en cuatro ocasiones y por autoridades de otros tantos linajes: por la militar, inmediatamente de Julio de 1936; por la Comisión provisional de responsabilidades de la Provincia, cree que simultaneamente; por quienes ostentan la Directiva del Colegio de Abogados de Vigo, en funciones “depuradoras”, después; y por el Tribunal de Responsabilidades, por último”³⁸.

Don Roberto pertencía ao bando dos perdedores e iso implicou as consecuencias que acabamos de relatar. Pero alén das perdas económicas e da represión política estaba tamén o dano público realizado ao prestixioso avogado. Deixou de ser asesor da caixa de aforros, perdeu moitos clientes e tivo que relanzarse de novo como letrado na procura dun espazo no dereito vigués. E aquí é onde a solidariedade se fixo notar en persoas como Álvaro Gil Varela e Xosé Fernández López, empresarios galeguistas e grandes amigos do avogado moañés.

A beira clandestina

O seu nome estaba gardado na listaxe dos falanxistas pero evitou aquel medo, humanamente comprensíbel, para continuar nas ideas democráticas e galeguistas como unha columna de granito. Mantívose firme e disposto dende primeira hora a colaborar coa oposición ao réxime.

Un dos fieis amigos da posguerra será aquel home de mente de aceiro e corazón de ouro que foi Francisco Fernández del Riego. Este, xunto a outros nacionalistas superviventes da guerra, comezaron a argallar a reconstitución do Partido Galeguista retomando o contacto con outros camaradas.

En xullo de 1943 procédese á reorganización do partido cunha xuntanza nunha casa de Coruxo (Vigo). Descoñecemos se Roberto González Pastoriza acudiu en persoa pero temos sospeitas fundadas de que fora informado daquel encontro clandestino que contaba coa súa simpatía.

De inmediato aparece o seu nome entre o dos participantes na constitución da Xunta Galega de Alianza Democrática en Compostela (Fernández del Riego, 2003: 98)³⁹. Alí decidiron a futura instauración do estatuto galego, establecer relacións cos grupos cataláns e vascos e, finalmente, a integración no Comité Nacional de Alianza Democrática.

Anos máis tarde, ao fío daquela vida clandestina, confesaralle a Ramón Piñeiro: “Endexamais m’esquezo daquelas tempadas –¡van acolá unhas décadas!– en que tiñamos qu’andare as agachadas pra faguer algo pra nosa causa”⁴⁰.

A vixilancia do réxime sobre os activistas de pasado republicano non minguara. Os círculos de relación social facilitaban a investigación policial. En Vigo, don Roberto atopábase decote con Francisco Fernández del Riego, Darío Álvarez Blázquez ou con Manuel Gómez Román, unha tríade coñecida polos antecedentes políticos galeguistas.

Malia a barreira oceánica non perdeu o contacto co guieiro inmorredoiro que foi Castelao. Por certo, que para don Roberto o rianxeiro sempre foi “Alfonsiño –pra min endexamais fora Daniel”⁴¹, malia ser máis vello có noso avogado. Sobre esta relación, que supoñía outra ilegalidade naquel réxime feixista, cóntalle a don Ramón de Trasalba co gallo da intervención deste na inauguración do busto de Castelao en Rianxo⁴²: “Si eu houbese aquelado en Rianxo, habería podido eixpricar alí coma o busto ven de sere o símbolo dó que Castelao gorentara en vida: il mandábame as suas novas de Buenos Aires valén-

dose dó Contramaestre do trastlántico ‘Aragón’, da ‘Mala Real Inglesa’, que finóu sendo xefe de conserxes dó Aero Club de Vigo. Alfonso preguntábame, pouco denantes dó seu pasamento, s’il podería voltar á Terra sin risco. Engadindo qu’a sua matinanza era a de limitárese a ollal-as leiras i-o mar dendes dá fenestra da sua casa de Rianxo. E que cando vise algún falanxista camiño adiante, entón pechal’a fenestra, namentras rezaría un Pai Noso ‘pra que todos fagamol-o ben’⁴³.

A ditadura, como dixemos, tíñao entre a relación de persoas fichadas. En 1945 é xulgado polo “Tribunal para la represión de la masonería y del comunismo”, polo delito de ser masón. Era a causa nº 11 613/45.

A orixe deste proceso está no soado caso que don Roberto levou ao odontólogo José de Angulo Fernández-Capalleja, por mor dunha praza en disputa con Ángel Salvador Bugallo Pita⁴⁴. Tanto o doutor como o avogado sufriron presións e mesmo ameazas para desistir nas súas pretensións⁴⁵. A situación chegou deica o punto de seren denunciados por un anónimo por pertenza á masonería, xa que José de Angulo era rotario.

A casa do avogado foi rexistrada pola BPS (Brigada Político-Social). No arquivo sumarial recóllese un informe da causa nº 155/37 onde se lle sitúa na loxa “Vicus” e a localización na súa biblioteca dun impreso sobre o código masónico⁴⁶.

Non atoparon ningunha proba para implicalo e as actuacións foron arquivadas provisionalmente segundo o fallo do 10 de novembro de 1945 e de xeito definitivo vinte anos despois. Po-

rén si sufriu distintas restricións durante o proceso xudicial que o afastaron do exercicio laboral deica o 28 de abril de 1947⁴⁷.

Naquel mesmo ano chega a Galiza Francisco Rei Drox “Chacama” para establecer contactos co gallo de conformar a Unión de Intelectuais Libres. Ulpiano Villanueva, médico colaborador da guerrilla, foi o encargado de tender as pontes entre “Chacama” e a intelectualidade galega.

Tras un seguimento por parte das autoridades, Ulpiano Villanueva foi detido xunto a Ramón Baltar Domínguez baixo acusación de pertenza ao Socorro Rojo Internacional na comarca de Ordes (por onde se movera o Foucellas). Deseguido caeron outros activistas, entre eles Francisco Fernández del Riego, José Otero, Darío Álvarez Blázquez, Jorge Seoane ou Roberto González Pastoriza, o noso avogado.

Verbo deste episodio, Fernández del Riego desvelou que o seu enlace con Chacama era un pasante do despacho de Pastoriza: “Era un delator-culpable, ou infiltrado? Nunca cheguei a sabelo” (Fernández del Riego, 2003: 102).

Os detidos foron interrogados, ameazados e encarcerados, sen comunicación, durante dúas semanas. A continuación foron procesados polo xulgado militar “para la represión del comunismo, la masonería y el espionaje” (causa nº 438/47) e denunciado por colaboración co Socorro Rojo Internacional, segundo relata Borobó⁴⁸.

A acusación contra González Pastoriza foi sobresaída en 1965 pero antes xa sufrira un desterro a Verín, onde residiu apenas un ano (1947-1948). Alí trabou relación con axentes respectados: o médico, o avogado, o boticario... os máis deles de tendencias conservadoras pero receptivos con aquel letrado de sona agora convertido en reo cumprindo condena. Foron a súa axuda mentres lle foi impedido o exercicio profesional. Tamén chegaban de Ourense algúns amigos para visitalo e consultarlle cuestións xurídicas. Por todos era coñecido a alta formación.

Daquela época é esta confesión a Ángel del Castillo: “De veras, muy de veras, nunca como durante la etapa de estos años, me convino el recato. Por eso, con el mayor cuidado procuro permanecer siempre recluso en el ámbito profesional. Cuando no me resisto a cojer [sic] la pluma para la publicidad, lo hago bajo pseudónimo”⁴⁹.

Porén, naquela situación adversa, don Roberto foi nomeado académico correspondente da Academia Galega⁵⁰. Foi proposto por Sebastián Martínez-Risco, Paulino Pedret Casado e Manuel Casás (presidente da institución e tamén avogado). Na defensa da súa candidatura faláron Xosé Filgueira Valverde, Fermín Bouza Brey e Ramón Otero Pedrayo. Todos foron grandes amigos de Roberto González Pastoriza.

Este, nun xesto xeneroso e honrado, refuga inicialmente a designación en favor de Eugenio Elíes Gasset, a quen ten como un mestre do dereito galego: “sus indicaciones son siempre

para mi una ilustración”⁵¹. Pero non fixo falla a renuncia xa que Elices Gasset xa fora nomeado académico correspondente no verán de 1922, baixo presidencia de Manuel Murguía.

Mais aproveitou aquela ocasión, noutro acto de nobreza, para promover como futuros candidatos a académicos os seus bos compañeiros de angueiras políticas: Francisco Fernández del Riego e Manuel Gómez Román. Dillo así a Ramón Otero Pedrayo: “Acaso V., que mejor que yo sabe valorar las excepcionales dotes que hay en Gómez Román y en Fernández del Riego, haya pensado en la gran ventaja que para Galicia sería estimular las aportaciones de ambos”⁵².

Por outra banda, un grupo de intelectuais residentes en Vigo remiten a varias personalidades veciñas, de distintas sensibilidades ideolóxicas, un convite que di o seguinte: “Recogiendo la idea que desde haca [sic] tiempo late en el ambiente de crear en Vigo una Asociación Cultural de amplios horizontes y extensa base, dedicada de un modo exclusivo e intenso al cultivo de las Artes, las Letras y las Ciencias, que reuna en su seno a los dispersos y aislados valores intelectuales que residen en nuestra ciudad y a todas aquellas personas a quienes interese toda manifestación o actividad cultural”⁵³. Asinaban o documento Gerardo Campos Ramos, Julio Sigüenza, Armando Fernández Xesta, José María Marra, Isidro Vázquez Palacios e Eduardo Conde Botas.

Esta etapa da súa vida pechouse co falecemento en Vigo da súa dona María Luisa Sanjurjo, no outono de 1949. Un golpe que o marcou deica a fin.

Actividade no tardofranquismo

Logo do confinamento en Verín, de regreso no hinterland vigués e tras “una breve estancia en Arcade” (González Martín, 1998), axiña abriría un bufete propio na rúa Queipo de Llano, número 1 (actual rúa do Progreso)⁵⁴, e comezaría a traballar con clientes como Antonio García (dono da Panificadora), Estanislao Durán (da consignataria Durán) ou Xosé e Antonio Fernández López (propulsores de empresas como Pescanova, Zeltia etc.). Contou, en todo intre, coa axuda do inestimábel amigo Adolfo Gregorio Espino, quen falecería na primavera de 1962. No despacho de don Roberto formáronse diferentes letrados como Manuel Pérez Gómez, Arsenio Paz, Jesús-Guillermo Rodríguez Gil ou o seu propio neto, Jaime Barreras González-Pastoriza.

Sen dúbida a actividade clandestina reduciuse ante a persecución e condena sufridas. Emporiso continuou sendo un frequéntido do ideario democrático e cedo atopámolo participando, de maneira menos intensa, noutras actividades que se ben legais tiñan un aroma de resistencia. É o caso da axuda á Editorial Galaxia ou á Fundación Penzol⁵⁵, iniciativas galeguistas que se preocupaban pola concienciación das novas xeracións. No ano 1975 dille por carta ao director da nomeada institución, Francisco Fernández del Riego: “Si en ‘Penzol’ faltare algún [exemplar das obras de González López], eu donaríaio”⁵⁶.

Na década dos 60 a policía proseguía coa vixilancia sobre don Roberto. Nunha visita do xeneralísimo Franco a Vigo (coida-

mos que a de 1961 para inaugurar a cruz do Castro), un garda foi á casa do noso protagonista para proceder ao rexistro en procura dalgunha arma de fogo. O seu neto Jaime Barreras rememora o conto nas palabras do seu avó. A aquel garda, que cumpría coas ordes dos superiores, bastoulle a palabra de don Roberto para saber que alí non había ren. Seguía sendo un home respectado pero non se librou de distintas inspeccións no seu domicilio. De feito, dinos Antonio Landesa, laiábase decote cando lle andaban fedellando na biblioteca persoal da súa casa.

O letrado moañés continuou coa súa faceta publicista durante os longos anos de dominio franquista. Resulta relativamente frecuente atopar a súa sinatura nas páxinas de *Faro de Vigo* ou *d'El Pueblo Gallego*. A preocupación polos temas galegos levárono a escribir unha carta ao director deste último xornal, José María Castroviejo. Nela agradécelle o esforzo persoal por centrar a liña editorial en Galiza e engade: “Muchos son los días en que surge el desencanto con la búsqueda de lo que haya de ‘pueblo’ o de ‘gallego’ en el periódico. Salvo cuando Vd., con su ingenio, quiere evitarlo”⁵⁷. Don Roberto era home de expresión directa.

De igual interese é a participación no xornal *La Noche*, que se converteu nun refuxio xornalístico do nacionalismo de aquí terra. Os seus artigos versaban sobre asuntos profesionais, como o titulado “El derecho foral gallego”⁵⁸ ou “En torno a nuestro derecho foral. Galicia y su primacia ante el fuerismo en el orden administrativo”⁵⁹. En todo caso é visíbel que o centro

de preocupación dos seus estudos é Galiza. Unha mostra do interese e traballo polo conformación dun dereito axeitado ao territorio galego. O seu fillo, cun prometedor futuro intelectual, tamén enviaría crónicas da súa estancia polas illas británicas.

Seguramente un dos asuntos profesionais onde máis destacou ao longo da súa traxectoria laboral foi no estudo do dereito foral galego, converténdose nunha das voces máis autorizadas. Xa sabemos dos seus primeiros traballos arredor deste asunto nos anos previos á Segunda República e a continuidade que tivo (véxanse os citados artigos en *La Noche*). Agora, na década dos 60, atopámolo como analista no debate arredor da Lei de compilación do dereito civil foral de Galicia, aprobada o 2 de Nadal de 1963. A súa era unha opinión de peso.

Mandou colaboracións a revistas da colectividade galega en América. É o caso da *Lar. Revista del Hospital Gallego*, onde publica no número especial polo Día da Patria de 1958, “El patrimonio familiar gallego. Un pretérito y una aspiración”. O artigo leva unha dedicatoria a Lois Peña Novo e Antonio Rosón Pérez por seren “dos miradas diferentes, atentas al mismo panorama gallego, desde la atalaya lucense”⁶⁰.

Dende inicios da década dos 60 a Cámara de Comercio de Vigo editaba o *Boletín de Información de la Cámara Oficial de Comercio, Industria y Navegación de Vigo*. Unha das seccións que contou con maior prestixio e interese foi a de Roberto González Pastoriza, co título de “El caso y sus normas”. O noso letrado

colaboraría con esta institución viguesa durante os anos de presidencia de Fernando Conde e de José Nogueira Dalmás.

En 1962 constitúese o Comité Regional de Derecho Marítimo de Vigo que será presidido por Raimundo Vidal Pazos e con Roberto González Pastoriza na vicepresidencia, alén de presidir a comisión de información e publicacións⁶¹. Ambos foron referentes desta temática dentro do dereito galego. En 1968 atopámolo como un dos concorrentes ás primeiras xornadas administrativas de Galiza, celebradas no mes de setembro en Compostela.

Outra faceta que despregou don Roberto foi a militancia lingüística incorporándose á tendencia de enviar felicitacións de Nadal, as nadaliñas. Sobre este asunto o profesor Xesús Alonso Montero dedica un artigo neste mesmo volume, polo cal abstémonos de ampliar esta información.

A aparición, da Asociación Cultural de Vigo, en 1965, supuxo un suceso de interese para o noso letrado. Xurdía esta iniciativa á calor do abrollar do movemento asociativo galego que pulaba pola difusión e exaltación da cultura propia. Pois ben, na relación de membros do colectivo atopámolo como socio número 147, dado de alta o 30 de Nadal de 1966⁶². Xuntábase así a figura do letrado de pasado republicano e galeguista coas novas fornadas educadas, na sombra, en iguais principios. Porén poucos sabían quen fora don Roberto antes de 1936. Unha lagoa memorística que perdura e que merece atopar fin.

A presenza do noso suxeito no local da asociación, con enderezo na rúa López de Neira, número 22, foi discreta. Aparece máis coma ouvinte que como protagonista, como fora toda a súa vida: o traballo calado dos que non pretenden un recoñecemento público pero si a concreción dun compromiso.

Os derradeiros anos

O ocaso de don Roberto comezou o mesmo día en que causou baixa como exercente no Colexio de Avogados de Vigo. Porén, continuaba colexiado como membro fundador. Era o 23 de xuño de 1977. A xubilación empregouse como pretexto para unha homenaxe, celebrada o 4 de xuño en Vigo.

O Ministerio de Xustiza condecorouno coa “Cruz distinguida de 1ª clase de San Raimundo de Peñafort” en xaneiro de 1978⁶³. Con esta distinción valorábase o cultivo e aplicación do estudo do Dereito.

Chegaron as primeiras votacións ao senado. Aquel feito de normalidade democrática resultou vivificadora para don Roberto que lle expresaba por carta a Francisco Fernández del Riego: “Neste intre veño de votar prô Senado. ¡Terra a Nosa!”⁶⁴.

Roberto González Pastoriza apenas aparecía publicamente nas actividades culturais ou políticas a prol de Galiza nos últimos anos. O traballo facíao na sombra, sen acritude nin vaidade. Temos disposto anteriormente algún exemplo e podemos engadir un outro, como foi o do nomeamento de Xosé María Álvarez Blázquez como cronista oficial de Vigo.

O entón alcalde, Joaquín García Picher, envíalle unha carta onde agradece as observacións e consellos a prol de Álvarez Blázquez que serviron de base para a moción que presentou na corporación municipal: “los indudables méritos que José María Álvarez Blázquez reúne y que Vd. me ha expuesto co su acostumbrada propiedad”⁶⁵.

Tras a aprobación da constitución de 1978 comezou o debate arredor dos estatutos de autonomía. As chamadas nacionalidades históricas reclaman a legalidade autonómica usurpada co golpe de estado franquista. Nese contexto don Roberto recupera tres artigos publicados no ano 1933 en *El Pueblo Gallego* para publicalos de novo, e nunha única entrega, baixo o título “Precedentes legales de la autonomía”, desta volta nas páxinas de *Faro de Vigo*⁶⁶.

Dous anos antes escribira unha carta a Manuel Fraga recomendándolle a lectura de *La mancomunidad gallega*, de Lois Peña Novo, para estudar así o problema do encaixe das nacionalidades dentro do deseño constitucional de España. Na mesma epístola, cando Fraga era ministro de Gobernación, engade ao final: “A mis ¡78! años espero la amnistía. Espero que en ella podré fundarme para reclamar quinquenios y jubilación como letrado de la Caja Municipal de Ahorros de Vigo, cargo del que se me privó –despues de 11 años de ejercicio– cuando yo sufría el confinamiento en Verín (aunque oficialmente se tuvo como desterrado)”⁶⁷.

En 1980 afírmalle a Fernández del Riego por carta: “Tanto o gran amigo Antonio Viana Conde, coma eu, somos cotizantes

do Partido Galeguista dende sempre”⁶⁸. Supomos que nesa altura debeu militar no refundado Partido Galeguista de Avelino Pousa Antelo.

En ambas declaracións atopamos a un veterano don Roberto firme nas convicións democráticas e directo, transparente, na posición política.

Pouco sabemos da súa actividade na Academia Galega. Contra o solpor do ano 1976, Sebastián Martínez-Risco, presidente da centenaria institución, infórmao verbo das pretensións de elaborar uns “vocabularios comarcais”. Para O Morrazo cavilara na persoa de don Roberto. Descoñecemos se se levou a cabo esta encomenda aínda que si sabemos que se frustrou o proxecto de Martínez-Risco, un dos grandes amigos do protagonista deste libro.

Os socios fundadores do Colexio de Avogados de Vigo foron condecorados coa insignia de ouro en 1982. Vivían só seis dos vinte e dous fundadores: Juan Baliño, Valentín Paz Andrade, Agustín Rivas, Arturo Estévez, Manuel Facorro e Roberto González Pastoriza.

Aproveitemos esta cita ao colexio de avogados para recuperar unha anécdota narrada pola súa propia filla, Margot González-Pastoriza Sanjurjo. Don Roberto recibía a persoas de distintas categorías sociais e de uso lingüístico diferente. O galegofalante desculpábase ante o avogado por non saber falar o castelán. Entón, respondía: “vostede fáleme o idioma culto de Galicia, o galego”. Xa nos é coñecido, a esta altura do relato, a

defensa e compromiso coa cultura galega de Roberto González Pastoriza.

Don Roberto foi un home dilixente no traballo (sobre todo de despacho), unha miga desordenado, con libros ciscados pola mesa e polo chan, cos restos do xaruto no cinseiro, ocupado en redactar cartas pero moi firme nas ideas que profesaba sen negar por iso o diálogo co contrario. Un home que contou coa axuda constante de María, chamada a Forneira, quen o acompañou tras a morte da súa dona deica os derradeiros días.

No seu testamento, redactado en 1977, deixou mandado “conservar los viejos carballos (robles) que allí existen [na finca Montelar de Moaña]”⁶⁹.

O 16 de febreiro de 1985 falecía en Vigo este ilustre avogado de ideas progresistas e sentir galego. Foi enterrado no camposanto de Pereiró, canda a súa muller. Pechaba os ollos un home de tarefa calada e silandeira. Seguramente unha lección urxente para aprender: o importante non é o éxito persoal, senón o triunfo colectivo.

Beramendi, Justo (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Edicións Xerais: Vigo.

Borobó (2003): "O exemplo de Ulpiano Villanueva de Castro", n' *A Nosa Terra* (17-23 de xullo).

Calvo, Tucho (1998): *Valentín Paz Andrade, a memoria do século*. Edicións do Castro: Sada.

Castro, Xavier (1985): *O galeguismo na encrucillada republicana*. Deputación Provincial de Ourense: Ourense.

Chaves Cuiñas, Antonio Manuel (1998): *La UGT de Vigo. Una aproximación histórica*. Fundación Luis Tilve: Compostela.

Fernández del Riego, Francisco (2003): *Camiño andado*. Editorial Galaxia: Vigo.

García Cotarelo, Xosé Antonio; Lois Calviño, Rubén Víctor e Fernández Jiménez, Xesús (1986): *A autonomía galega (1846-1981)*. Xunta de Galicia: Compostela.

González Martín, Gerardo (1998): "Roberto González Pastoriza, abogado del que se cumple el centenario de su nacimiento", en *Faro de Vigo* (29 de agosto).

Landeira Yrago, José (1986): *Federico García Lorca y Galicia*. Edicións do Castro: Sada.

¹Roberto tiña o costume de acompañar as cartas cun texto titulado “O meu galego”, asinado no Con o 17 de setembro de 1971. Del tomamos a referencia.

²Cf. *El Noticiero de Vigo*, nº 11 338 (25.9.1912). Outros sobranceiros alumnos na aquela época foron Enrique Blein (alcalde republicano da cidade e fusilado), Ramón González Sierra (recoñecido oftalmólogo), José Ramón Fontán (alcalde na ditadura) ou Juan Baliño Ledo (xerente de *Faro de Vigo*).

³Vid. Expediente persoal, Leg. 577, Exp. 2. Arquivo Histórico Universitario.

⁴De feito foi o primeiro concelleiro escollido nunha candidatura abertamente nacionalista, suceso acontecido na Coruña en 1920.

⁵Cf. *El Compostelano*, nº 24 (1.3.1920).

⁶Cf. *Vida Gallega*, nº 158 (10.11.1920).

⁷Os da Liga de Defensores de Vigo serán os promotores da fundación d’*El Pueblo Gallego*.

⁸Nada en Vigo (1896) e filla do promotor urbanístico Benito Sanjurjo (casado con Francisca de Oza) responsábel de varios edificios significados da rúa Urzáiz. Foi discípula de José Tragó (catedrático de piano no conservatorio de Madrid). Entre as primeiras composicións atopamos a peza para piano titulada “Miña terra” (1912). Tras numerosas actuacións ao longo dos anos 20, enfermou gravemente tendo que retirarse da escena pública. Morreu na cidade natal en setembro de 1949.

⁹O seu antecesor no cargo fora o xa citado Lois Peña Novo.

¹⁰No Nadal de 1932 fai firme a súa renuncia como letrado municipal, nunha instancia enviada ao concello, para o exercicio do ano 1933. Arquivo Municipal de Vigo, JUS-6.

¹¹Por exemplo o Comité Paritario de la Industria Hotelera, Comités paritarios de Tranvías, Construcción y Artes Gráficas ou Comités Paritarios del Comercio al por mayor y detalle.

¹²Cf. *El Pueblo Gallego* (16.12.1931).

¹³Outras revistas en que publica ao longo da vida foron *Revista Jurídica y Administrativa de Galicia*, *Astrea*, *Lar*, *Derecho y Justicia*, *Boletín de Información de*

la Cámara Oficial de Comercio, Industria y Navegación de Vigo ou Previsión (onde dirixiu a sección de Dereito).

¹⁴Cf. "Relieve electoral. Independencia y juventud", en *El Pueblo Gallego* (28.6.1931).

¹⁵Cf. Vázquez Gil, L. (2011): "Bandeira galega ergueita no concello (2)", en *Atlántico Diario* (12.4.2011).

¹⁶Cf. "Primordialmente, gallegos", en *El Pueblo Gallego*, (27.12.1930).

¹⁷Cf. "Carta abierta. Una baja en el Grupo Autonomista Galego", en *El Pueblo Gallego* (7.6.1931).

¹⁸Cf. *El Pueblo Gallego*, (14.1.1931).

¹⁹Cf. "Carta abierta. Una baja en el Grupo Autonomista Galego", en *El Pueblo Gallego* (7.6.1931).

²⁰Cf. "Relieve electoral. Independencia y juventud", en *El Pueblo Gallego* (28.6.1931).

²¹Cf. *El Pueblo Gallego* (15.4.1931 e 19.4.1931).

²²Compartirían militancia local con Valentín Paz Andrade, Ramón Obella Vidal, Xerardo Álvarez Gallego, Manuel Gómez Román, Elías Barros Martínez, Alexandro R. Meixide, Ramiro Illa Couto ou o escultor Camilo Nogueira.

²³Cf. Carta a Manuel Portela Valladares (13.4.1935). Cartas de 1935 con González Pastoriza, Roberto sobre diversos asuntos, PS-Madrid, 735/69. Archivo Histórico Nacional.

²⁴Cf. Carta a Xosé Landeira Yrago (4.11.1976). Fondo Roberto González Pastoriza. Arquivo da Cámara de Comercio de Vigo.

²⁵Cf. Carta a Francisco Fernández del Riego (14.7.1978). Fondo Francisco Fernández del Riego. Outros dirixentes deste comité de Vigo foron Manuel Gómez Román, Eduardo Cabello, Eugenio Arbones, Ricardo Trillo, R. López Costas e José Ramón de Castro (Vid. *El Pueblo Gallego*, 7.8.1932).

²⁶Cf. Carta a Xosé Landeira Yrago (4.11.1976). Fondo Roberto González Pastoriza, arquivo da Cámara de Comercio de Vigo.

²⁷Cf. Carta a Manuel Fraga Iribarne (1.7.1976). Fondo Familia González-Pastoriza Sanjurjo.

²⁸Dentro da súa brillante traxectoria profesional, tamén como ensaísta, cómpre destacar a presidencia da Academia de Jurisprudencia, Ateneo de Madrid ou o decanato do colexio de avogados. Deputado nas constituíntes, presidiu a comisión xurídica encargada de redactar o anteproxecto constitucional. Foi defensor de prestixiosas figuras da política española. Fiel á Fronte Popular, exiliouse en Bos Aires e foi ministro sen carteira no goberno de José Giral.

²⁹Cf. "Sobre la reposición de los Ayuntamientos de elección popular", en *El País*, nº 995 (19.2.1936).

³⁰Cf. "Elecciones y pastorales", en *El Heraldo de Madrid* (4.2.1936).

³¹Cf. Carta a Sebastián Martínez-Risco (30.4.1976).). Fondo Roberto González Pastoriza. Arquivo da Cámara de Comercio de Vigo.

³²Cf. *El Pueblo Gallego* (9.5.1936).

³³Cf. Carta a Ramón Otero Pedrayo (20.6.1975). Fondo Ramón Otero Pedrayo, Fundación Penzol.

³⁴Durante a ditadura a céntrica Porta do Sol mudou de nome por "Plaza del Capitán Carreró" (morto durante a guerra), premiando así a cinsenta heroicidade.

³⁵Expediente de Responsabilidades Políticas nº 1226/941. Archivo Histórico Nacional.

³⁶Información 2-43 sobre Roberto González Pastoriza por delito de masonería. TERMC, 11 613. Archivo Histórico Nacional.

³⁷Expediente de Roberto González Pastoriza. Ilustre Colexio de Avogados de Vigo.

³⁸Información 2-43 sobre Roberto González Pastoriza por delito de masonería. TERMC, 11 613. Archivo Histórico Nacional.

³⁹Outros dos presentes foron Ramón Piñeiro, Francisco Lamas e Lois Peña Novo.

⁴⁰Cf. Carta a Ramón Piñeiro (16.11.1976). Fondo Ramón Piñeiro, Fundación Penzol.

⁴¹Cf. Carta a Xosé Filgueira Valverde (18.9.1976). Fondo Ramón Piñeiro, Fundación Penzol.

⁴²Foi unha das derradeiras intervencións públicas de Ramón Otero Pedrayo.

⁴³Cf. Carta a Ramón Otero Pedrayo (31.9.1975). Fondo Ramón Otero Pedrayo, Fundación Penzol.

⁴⁴Caso do que saíría vitorioso tras anos de litixio.

⁴⁵Elina de Angulo Cordobés, filla de José de Angulo, relatounos estes feitos.

⁴⁶Información 2-43 sobre Roberto González Pastoriza por delito de masonería. TERMC, 11 613. Archivo Histórico Nacional.

⁴⁷Expediente de Roberto González Pastoriza. Ilustre Colexio de Avogados de Vigo.

⁴⁸Cf. "O exemplo de Ulpiano Villanueva de Castro", n' *A Nosa Terra* (17-23.7.2003).

⁴⁹Cf. Carta a Ángel del Castillo (6.4.1948). Fondo Ramón Otero Pedrayo, Fundación Penzol.

⁵⁰Cf. *La Noche*, nº 8 399 (8.4.1948).

⁵¹Cf. Carta a Ángel del Castillo (6.4.1948). Fondo Ramón Otero Pedrayo, Fundación Penzol.

⁵²Cf. Carta a Ramón Otero Pedrayo (28.4.1948). Fondo Ramón Otero Pedrayo, Fundación Penzol.

⁵³Fondo Ricardo Gurriarán. Algúns dos nomes convidados: os irmáns Álvarez Blázquez (Darío, Emilio e Xosé María), Juan Baliño, Antonio Beiras, José Cao, José María Castroviejo, Eugenio Fadrique, Francisco Fernández del Riego, Isaac Fraga, Manuel Gómez Román, Xaime Illa Couto, Carlos Maside, Gaspar Massó, Valentín Paz Andrade, Carlos Sobrino, Luís Suárez-Llanos (exalcalde franquista) ou Raimundo Vidal Pazos.

⁵⁴No mesmo edificio, no cuarto andar, vivía don Roberto.

⁵⁵De feito a esta institución filantrópica doou boa parte da súa biblioteca.

⁵⁶Cf. Carta a Francisco Fernández del Riego (27.9.1975). Fondo Francisco Fernández del Riego.

⁵⁷Cf. Carta a José María Castroviejo y Blanco-Cicerón (29.6.1951). Fondo Francisco Fernández del Riego.

⁵⁸Cf. *La Noche*, nº 7 937 (10.10.1946).

⁵⁹Cf. *La Noche*, nº 8 215 (4.9.1947).

⁶⁰Cf. *Lar. Revista do Hospital Gallego* (25.5.1958).

⁶¹Cf. *Faro de Vigo* (23.3.1962). A aprobación dos estatutos por parte das autoridades realizouse no ano 1963.

⁶²Información que agradecemos Xosé González e Ricardo Gurriarán.

⁶³O rango obtido era o terceiro na escala dos galardoados.

⁶⁴Cf. Carta a Francisco Fernández del Riego (15.6.1977). Fondo Francisco Fernández del Riego.

⁶⁵Cf. Carta a Joaquín García Picher (30.9.1976). Fondo Familia González-Pastoriza Sanjurjo.

⁶⁶Cf. *Faro de Vigo* (30.7.1978).

⁶⁷Cf. Carta a Manuel Fraga Iribarne (1.7.1976). Fondo Familia González-Pastoriza Sanjurjo.

⁶⁸Cf. Carta a Francisco Fernández del Riego (1980). Fondo Francisco Fernández del Riego.

⁶⁹Fondo Familia González-Pastoriza Sanjurjo.



Roberto González Pastoriza
Lembrado por Arsenio Paz Carballo

Fernando Román Alonso
Escritor

Arsenio Paz Carballo é un avogado, licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela.

Casou con Asunción Labrador no ano 1977; ambos posúen, en Ourense, unha asesoría xurídica e xestoría administrativa e, en Vilerma, Gomariz, concello de Leiro unha prestixiosa adega chamada co mesmo nome, Vilerma. Teñen como veciño ó dono doutra adega, á vez que recoñecido a nivel mundial como relator de historias no cinema: José Luis Cuerda.

Arsenio, aínda que vencellado a Ourense, viviu e traballou durante anos en Vigo no despacho de Roberto González Pastoriza co que, ademais da relación laboral que tivo con el uníuno unha profunda relación amical. Arsenio cando fala de Pastoriza, emocionase e, malia o trato que tiveron, na conversa que mantiven con el sempre amosou un gran respecto e afecto; en todo momento sempre citouno como don Roberto.

Arsenio Paz Carballo, no seu despacho da asesoría xurídica en Ourense

Cando coñécíches a Roberto González Pastoriza?

Podo dicirche a data exacta. Coñecin a don Roberto o 1º de marzo de 1968.

Recordas o motivo, se se pode saber?

O que che vou dicir é moi persoal. Eu estaba aquí [en Ourense], traballando no bufete do coñecido avogado ourensán Eladio Torres Piñeiro. Acórdaste del? – preguntoume, e respondín

afirmativamente. Estiven uns meses con Torres Piñeiro. Eu vivía en Leiro e Eladio invitoume a traballar con el: “Vén para Ourense”. Estiven no seu bufete desde 1967 ata marzo de 1968. Nese marzo do 68 un amigo meu, Manolo Rodríguez Barreiro, que era avogado en Vigo, e que fora compañeiro meu de curso díxome: “Vén para aquí [Vigo] que unha persoa necesita a alguén que o axude no despacho”. Este foi o motivo que tiven para ir a Vigo a exercer a profesión.

Ata cando estiveches?

Ata o pasamento de Pastoriza, acaecido en 1985. Fun o encargado de pechar o despacho tralo seu pasamento.

Neses anos tiveches moita relación con el?

Si, dende logo que si.

Ti non coñeciches a María Sanjurjo, a súa dona porque morreu en 1949.



Homenaxe realizada en Vigo o 4 de xuño de 1977 a Roberto González Pastoriza (quinto pola dereita, sentado). Foto cedida por Arsenio Paz (o sexto pola dereita a carón de Pastoriza)

Non a coñecin, pero pódoche entregar unha copia da “Crónica sentimental” dos artigos de Gerardo González Martín sobre don Roberto e a súa dona, aparecidos no xornal “Faro de Vigo” en Agosto de 1998:

María Luisa Sanjurjo, una viguesa que triunfó joven como concertista de piano

Era la hija del promotor que construyó algunos de los más valiosos edificios de la calle Urzáiz

En septiembre de 1969, enviábase aquel gran abogado, Roberto González Pastoriza, que ha sido protagonista de una anterior “Crónica sentimental”. A finales de mes era enterrada en el cementerio de Pereiró su esposa, María Luisa Sanjurjo Ota, de una muy conocida familia viguesa, que moría en plena juventud, en la cincuenta. Aspetada de enfermedad, hasta tiempo que no había repido los grandes éxitos logrados como concertista años antes.

Hija del promotor de inmuebles, Benito Sanjurjo Ramirez de Arceano, a quien se deben buena parte de los más hermosos edificios que todavía perviven en la calle de Urzáiz, ahorramos al lector más referencias familiares. En breve nos ocuparemos de aquel florido tándem, al que tanto debe nuestro patrimonio arquitectónico, y que tiene entre sus descendientes directos a la excelente poetisa

galega, nuestra convecina María de Carme Kruckenberg.

Formado en Madrid y Vigo

Ya a principios de siglo, nuestro periódico informaba de los desplazamientos de la niña María Luisa, acompañada de su padre, para realizar exámenes de solfeo y piano en el Conservatorio de Música de Madrid. Aquí, en Vigo, la preparaba Eduardo Villanueva, que fue subdirector de la Banda Municipal de Música y

padre de aquel otro gran músico, íntimo amigo de Reveriano Scotti, que se llamó Manrique Villanueva, con establecimiento que mantienen abiertos sus descendientes, los Sobrinos Manzaneros. La niña se convertirá, al poco tiempo, en la discípula predilecta del eminente pianista Tragó.

Al concluir, en 1913, los estudios reglados en la capital, la revista Blanco y Negro publicó una fotografía de la joven viguesa. Ya se aventuraban los triunfos por venir de quien actuó ante miembros de la realista y de la nobilita, con notable éxito.

En el Boletín de la Real Academia Gallega de 1913-1914, aquel cuidadoso seguidor de la creatividad de los gallegos de su tiempo que se llamaba Cante Alado, dejó reflejada la obra que entonces editó María Luisa: la suite-fletera “Milla terra”. De aquella época, de diciembre de 1913, data

también un pasodoble al que le puso el nombre de nuestro periódico.

Pasodoble para el decano

La pieza dedicaba a FARO DE VIGO no pudo ser estrenada aquel año, como estaba previsto, por la Banda que, bajo la dirección del maestro Miroc G. de la Parra, ofrecía su habitual concierto en las Avenidas. La lluvia impidió la ejecución, que se pospone para unos días después. Al



La concertista de piano, María Luisa Sanjurjo.

luz siguiente del estreno, el decano decía que se trataba de “un pasodoble muy bonito que denota en su autor gran facilidad y un temperamento diáctil a todas las impresiones, así de la geográfica placidez de la suite, que hace meses ejecutó la Banda Municipal en el paseo (en alusión a “Milla terra”), como las alegrías de la composición que la misma banda tocó ayer”.

Tanto la Municipal como la Banda del Regimiento de Marcial, ofrecieron una y otra composición a los vigueses, en incontables ocasiones. Y aquí mismo, en

► Alumna predilecta del pianista Tragó, en Vigo recibió lecciones de Eduardo Villanueva

su tierra, María Luisa participó en numerosos conciertos, interpretando tanto obras clásicas como regionales. Fue memorable, por ejemplo, el festival de 1914, en el Tamberlic, con intervención también del gran cantor poncevedrés Víctor Mercadillo. Hasta a avanzadas los años veinte y aún después, María Lui-

sa Sanjurjo Ota fue prodíga en actuaciones, de las que destacaron varias en Madrid, especialmente en el Teatro de la Comedia, donde logró conseguir algunos de sus más señalados éxitos.

Luego, la dedicación a la familia y la falta de salud de sus últimos años le impidieron seguir la racha de triunfos artísticos. Ella y Roberto González Pastoriza, que a su muerte la acompañó durante casi cuatro décadas, contriguieron uno de los escasos matrimonios locales en los dos eran conocidos por su valía profesional.

A copia destes artigos recibinos de Juan Manuel Cogolludo, que foi cónsul británico en Vigo. Nel se plasma a verdadeira personalidade do noso homenaxeado e da súa dona.

Roberto González Pastoriza, abogado del que se cumple el centenario de su nacimiento

Se carteo con Castela hasta la muerte del insigne galleguista

Hace poco más de 13 años falleció en Vigo, Roberto González Pastoriza, abogado muy admirado en su tiempo, aunque un tanto incomprendido por algunos. Evocamos esta figura local, en el año en que se ha cumplido el centenario de su nacimiento. Según testimonio de Antonio Viana Conde, "don Roberto era capaz de dedicar a cualquier problema, folios y folios de apretada doctrina, que pocos tenían ganas de estudiar". Por cuestiones que no son del caso, en los primeros años setenta tuvo oportunidad de leer un buen número de prólogos de prólogos comentarios del letrado a cuestiones de toda índole, no referidas estrictamente a su especialidad. La fama de excéntrico que se le atribuyó, palidece ante la profundidad de sus pensamientos.

En Vigo en los 20

Debió establecerse en Vigo en los primeros años veinte, aunque ya antes había estudiado aquí el Bachillerato. Lo hizo en el muy conocido Colegio cívico militar de María Auxiliadora, donde entre 1912 y 1915 nos consta documentalmente que obtuvo excelentes resultados en los exámenes. Obtuvo, por ejemplo, matrícula de honor en primer curso de Latín, al tiempo que conseguía un par de sobresalientes más, y tendría matrícula de honor igualmente, al poco, en Dibujo de 2°. Entre sus compañeros de estudios se encontraban viganes de prestigio, como Manuel Salgado Uriaga, el otorinolaringólogo que ya ha ocupado esta sección, o Aniceto Charro Arias, que sería ilustre catedrático de la Universidad de Galicia.

En noviembre de 1920, ya concluidos sus estudios jurídicos, residía en Moaña, donde de fechaba algunas "Cántigas acasares", que publicaba en el semanario de Jaime Solá, Vida Ga. De entonces data el inicio de las tres actividades que marcarían su vida: la Abogacía, el periodismo y la literatura, y también la política. También por entonces empieza a escribir sobre Castela, a cuya personalidad y obra se referiría en varias ocasiones que fue uno de sus grandes amos; con el que se carteo hasta las vísperas de la muerte del galleguista.

Precisamente uno de sus primeros trabajos periodísticos lo dedicaría a Adolfo Gregorio Espino, el abogado que ocupó la Alcaldía viganesa en los años veinte, con la Liga de Defensores

de Vigo. Tendrían una estrecha amistad, y en 1923, al volver Espino en la política, González Pastoriza se hizo cargo de su bufete, a cuyo frente siguió hasta 1927, en que estableció su propio despacho. Veinte años después, Pastoriza apadrinó a otro viganes conocido en su jura como abogado, que igualmente sería alcalde; nos referimos a José Ramón Fontán González. Para concluir la referencia a la relación entre el protagonista de nuestra "Crónica sentimental" y Gregorio Espino, el hombre que consiguió la donación del Parque Quilones de León, cabe señalar que justo a él fue abogado asesor de la Cala de Abores Municipal de Vigo. También fue letrado municipal.

Divulgar jurístico

Es el archivo de la Cámara Oficial de Comercio, cada día más completo y valioso, se conserva una publicación de Castaño de 1925, la dedicada a la "Primera Asamblea Regional de Calas de Ahorros de Galicia", que lleva precisamente este título. Uno de sus apéndices es un estudio de González Pastoriza: "Posibilidades legales de garantizar los préstamos hipotecarios sobre inscripciones de posesión en el Registro como sustitutivo de las de dominio". Este es el trabajo de divulgación jurídica más antiguo que conocemos de su autoría. Lue-



González Pastoriza y María Luisa Sanjurjo, con sus hijos.

go profundizaría notablemente en ese campo, en el que su labor más amplia la desarrolló en el Boletín de Información de la ciudad corporación mercantil, la COCIN. En esta publicación, que se mantuvo poco más de una década, entre los sesenta y los setenta, se responsabilizó de la sección "El caso y su nor-

ma", para el que solicitó algunas colaboraciones de otros letrados, pero en el que el trabajo fundamental lo desarrolló él. También en los sesenta fue uno de los principales artífices del Centro de Estudios Comunes de Derecho Marítimo, entidad viganesa de prestigio que vicepresidente.

En lo relativo a su profesión, por no ser más prolijo, cabe señalar que pocos años antes de su muerte, se le impuso en enero de 1978 la cruz distinguida de primera clase de San Raimundo de Peñafort. En julio de este mismo año, Roberto González Pastoriza publicó en las páginas de FARO DE VIGO un artículo muy celebrado, que llevaba el título de "Precedentes legales de la autonomía". Era un tema para el muy querido, no en vano había formado parte en los años treinta del Grupo Autonómico Gallego, en Vigo, y por entonces fue también asesor de Alexandre Boveda para la redacción de algunos artículos del Estatuto de Autonomía de 1976.

► En 1978 FARO publicaba un importante artículo de su autoría, sobre precedentes de la autonomía

A lo largo de su vida, a partir de los veinte, nuestro personaje se prodigó en la colaboración periodística, tanto en FARO DE VIGO, como, entre otros, en los diarios locales Galicia y Faro de Vigo, así como en la revista Vida Gallega. Además de sus colaboraciones en las revistas profesionales del ámbito judicial.

Hombre preocupado también por nuestra cultura, hay que señalar que fue uno de los acompañantes de Federico García Lorca en el viaje del poeta andaluz a Vigo, en 1932. Por entonces, el inmortel escritor dio una conferencia en el "García Barbero", bajo el título "Arquitectura del canto jondo".

Hijo del secretario del juzgado de Moaña y casado con una prestigiosa concertista

Nuestro personaje vino al mundo en Moaña, en 1898, según documentos del Colegio de Abogados del 26 de febrero de aquel año. Era hijo de José Benito González Portela y Doña Paula Domínguez. Su padre, secretario del juzgado municipal de la localidad del Morrazo, donde vivió hasta los veinte y cinco años, en tiempos de la II República, dejando una familia numerosa. Roberto González Pastoriza casó con una popular concertista viganesa, María Luisa Sanjurjo, a la que dedicaremos una próxima entrega. Aunque ella también procedía de familia amplia, solamente dejaron dos hijos, Roberto-Víctor y Margarita González Pastoriza Sanjurjo. La ilustre

pianista murió joven, en 1949, en tanto su esposo falleció el 16 de febrero de 1965, con 86 años de edad, una década después de haberse dado de baja como ejerciente en el Colegio profesional, al que se había adscrito poco después de jubilarse en Santiago en 1920, siempre según documentos de la corporación de la Abogacía viganesa. Señalamos incientemente que en los años treinta, cuando se creó el Colegio, figuraba entre los fundadores del mismo.

Vida política

Ya en 1922 localizamos a González Pastoriza como vicesecretario de la Juventud de la Liga de Defensores de Vigo, aquel grupo que se pro-

puso de manera muy especial de la regeneración de la política en esta ciudad. Un quinquenio más tarde era director de la Información de Entidades Viguesas, que hemos dicho muchas veces es el precedente de la actual Fundación Provigo, y que presidía por aquellos tiempos Fernando Conde, el importante consignatario local.

Al abhinamiento de la República nuestro hombre ya formaba parte del consejo directivo local del Grupo Autonómico Gallego. En alguno de sus equipos de gobierno, bajo la presidencia de Valentín Paz Andrade, apareció don Roberto como bibliotecario. Y poco más tarde sería uno de los activos miembros de la Agrupa-

ción Viguesa al Servicio de la República, con compañeros de viaje tan dignos como el arquitecto Moisés de Castro, o el también abogado y escritor Emilio Álvarez Gallego, el autor de la novela "Salvador de Poyo".

En cualquier caso, no quiso tener presencia en la vida política institucional, aunque le ofrecieron varios gobiernos locales.

Con estos antecedentes, no es extraño que en aquel período de irracionalidad que fue nuestra guerra civil, y la primera posguerra, se le destituyera a Verín, que fue un paréntesis en su vida, seguido de una breve estancia en Comelle, de donde regresaría a Vigo,

Que concepto tes de Roberto González Pastoriza como persoa e como xurista?

Don Roberto naceu en 1898, por iso o coñecín cando xa tiña 70 anos. Chamábame “meu benquerido Paz”. Tiven unha relación magnífica, moi afectiva. Don Roberto vivía só coa Forneiriña, unha señora de Moaña, que o coidaba. Pastoriza tiña as súas rarezas como todos porque a súa vida non fora precisamente de cor de rosa por cuestións políticas, pero era unha gran persoa. Era unha excelente persoa. Tiña unha eiva; eu dicíalle: “Don Roberto, vostede ve a vida a través do Dereito”. Era un avogado nato. Cóntoche unha anécdota da súa vida profesional. É curioso. Don Roberto tiña a biblioteca en todo o piso, vivira antes en Velázquez Moreno, nun edificio moi importante que agora é da Caixa de Aforros, coido, onde lle roubaron unhas pranchas das “Cousas” de Castelao. Despois trasladouse á rúa Queipo de Llano, número 1. E no seu membrete don Roberto, que fora represaliado, puña: “Roberto González Pastoriza, calle Queipo de Llano, 1, (antes Progreso)”; hoxe xa se volve a chamar así. En todo o piso tiña a biblioteca; trasladouna completa. Estaba subscrito a dezasete revistas de dereito. Folleábaas todas; da prensa facía recortes que logo ia agrupando por materias.

Un día díxome: “Paz, a partir de hoxe non vou a saber nada máis de dereito”. Chegou un día en que pechou como se pecha unha porta. El vivía no cuarto andar e o bufete tiña no primeiro. Foi unha cousa! Díxome: “Quedas aí. Ali -sinalou cara a porta do piso- podes pór unha placa que poña: “ Arsenio

Paz Carballo e Roberto González Pastoriza”. Pechou como se se lle borrara todo; non volveu facer ningunha consulta. Quedei só no despacho. Cincuenta anos de profesión pecháronse de súpeto.

Influiu moito en ti?

Totalmente.

Como xurista ... era un especialista en Dereito Administrativo?

Era un especialista en moitas causas: en dereito administrativo, en dereito contencioso administrativo, ... Era avogado de empresa. Nós levabamos no bufete moitas empresas. Quéroche recordar que antes da guerra civil, don Roberto fora avogado da Caixa de Aforros, tamén do Concello [de Vigo]; tiña unha boa clientela e durante a guerra, dos empresarios de Vigo, só lle quedou un: Don Antonio García Valcárcel que era socio fundador de “La Panificadora”; coñecino porque eramos avogados desa empresa. Eu coído que Pastoriza estivo moi marcado pola situación política derivada da guerra civil.

Roberto era un hombre de gran prestixio no campo do dereito, mesmo quixérono nomear director xeral de administración local, también no galeguismo pero ... non quixo estar na primeira fila do galeguismo nin ser protagonista?

Como xa che dixen eu coñecin a don Roberto cando xa tiña 70 anos e un recoñecido prestixio profesional. El contoume que lle propuxeran, nos tempos da República, a dirección xeral

de Administración Local, que rexeitou. Do seu pasado daquela época apenas facia comentarios. Pero un día paseando os dous polo monte do Castro fixémonos nun edificio neoclásico e díxome: “Isto pudo ter sido meu”. Eu, tempo despois, souben a través doutro colaborador del, Manolo Pérez, cal era o fundamento desa afirmación; o caso fora que en plena contenda do 36, naqueles anos tan turbulentos e con don Roberto na cadea, Gregorio Espino que fora Alcalde de Vigo negociou a súa posta en liberdade mediante a cesión que tiña da opción de compra dese solar. Sabes a quen lle interesaba ese solar? – preguntoume Arsenio -, a monseñor Eijo Garay [sorri Arsenio]. Despois chamouno Gregorio Espino, con quen traballara don Roberto como Abogado, e díxolle: “tes que aceptar isto, así quedas en liberdade, pero tes que renunciar á opción de compra”.

Gregorio Espino foi alcalde de Vigo no cuadrenio 1923-1927; nese tempo, Roberto González Pastoriza foi o responsable do seu bufete, mentres este exerceu o cargo público. Arsenio en relación coa especialidade do dereito marítimo de González Pastoriza recorda que participou con el na resolución do accidente do Polycomander:

Nós eramos os avogados da consignataria Durán, de Estanislao Durán. Encargámonos da tramitación das indemnizacións que lle correspondían a todos os afectados. Foi importante, pero en relación co que veu despois [refírese ó Prestixe] fora un accidente moito menor.

Arsenio Paz ensinoume todas as publicacións que realizou Roberto González Pastoriza; nalgunhas cooperou el.

Don Roberto era un avogado excepcional. Tivo un asunto moi coñecido, que implicou a moita xente. Foi unha historia rocambolesca, un asunto que estivo á cabeza dos expedientes de todas as asociacións de avogados: foi o caso Bugallo Pita, que durou máis de vinte anos.

¿Explicanos a cerne do mesmo?

A historia comenza, pola volta do ano 1944, cando o Concello de Vigo convoca un concurso para cubrir un praza de médico odontólogo municipal. Preséntanse a el os odontólogos señores Angulo e Bugallo Pita. A relevancia que acadou este asunto deriva da circunstancia de que Bugallo Pita era irmán do crego Bugallo Pita que por entón era o máximo responsable de Diocese ourensá, pois estaba vacante a sé episcopal. Entre os méritos avaliábeis daquel concurso do concello vigués, figuraba o ter prestado servizos de odontoloxía noutro termo municipal.

Pois ben, un dos méritos alegados por Bugallo Pita foi ter sido odontólogo dun concello ourensán e aportaba a documentación que así o demostraba.

E a cuestión xorde cando o Angulo pon en dúbida que Bugallo Pita exercese como tal e acude á vía penal para impugnar a valideza da documentación aportada por Bugallo. Unha desas probas era un exemplar do xornal “La Región” no que se daba a noticia do nomeamento de Bugallo como odontólogo dun concello ourensán.

Durante ese longo proceso, que se iniciou no ano 1944 e finaliza, con condena, na Audiencia de Ourense no ano 1966, acreditouse que aquel exemplar de “La Región” fora falsificado –de aí a imputación tamén do director dese xornal—e que tamén foran falseadas as actas e os libros de contas do concello ourensán no que supostamente exercera a actividade o señor Bugallo, pois había que acreditar que se lle pagaban os seus servizos.

Xa podes supoñer que non foi cousa doada esclarecer toda a trama tecida daquel falso nomeamento. Máxime se temos en conta que a defensa do señor Angulo estaba encomendada a un avogado de esquerdas e represaliado como era don Roberto. Durante ese longo proceso, e vinculado con el, don Roberto foi acusado de masón. Un día un tenente coronel xurídico que coñecía a don Roberto díxolle: “Pastoriza estás metido en un buen lio, te acusan de ser masón”. Don Roberto contestoulle: “Bueno, tendréis que demostrar vosostros que lo soy”. E aquel tenente coronel contestoulle: “Pastoriza, déjate de coñas jurídicas”. A don Roberto admitíronlle como escusa que levara un asunto contra un masón. Que tempos!

Vouche contar outra anécdota curiosa: O señor Angulo presentaba os escritos que don Roberto facía, para presentalos, por exemplo, nunha Administración, e Angulo comentoulle a don Roberto: “Mire, don Roberto, eu presento un escrito e tras de min veñen dous señores vestidos de negro que seica queiren saber o que presento”. Ó cabo descubriuse que eran dous xesuitas que estaban a facer un “dossier” sobre o crego Bu-

gallo Pita. E desde entón, cando Angulo presentaba calquera escrito nuha Administración, dicíalle ó da xaneliña: “Agora van vir dous señores de negro, déixolles esta copia para eles”.

Tivo problemas políticos?

Claro que os tivo por mor da súa filiación política, de esquerda republicana, que o levou á cadea e o desterró, e que aínda nos anos cincuenta volveu estar na cadea.

Tamén foi coñecida a súa amizade con Castelao.

Si ... e con García Lorca. Estivo con él na Casa Pepe, en Vigo. De Castelao desde logo era moi amigo.

Escoitácheslle falar de Alexandre Bóveda.

De Bóveda no lle escoitei falar.

Tamén se relacionou con Alberto Vilanova.

Desde logo que si, pero pensa que ti tes unhas cartas con el do ano 52 e eu comecei a traballar no seu despacho no ano 68.

Don Roberto era moi reservado na súa vida privada. Coñezo anécdotas súas; souben o de Eijo Garay pero era moi reservado. Na súa mocidade xogou a vida varias veces.

Tamén tiña moita relación co empresariado.

Si. Cando eu cheguei a Vigo era avogado de importantes empresa de Vigo e, nomeadamente, do Porriño. De Vigo xa se-

ñalei “La Panificadora”, que tiveron a triste honra de xestionar a súa suspensión de pagamentos. Era tamén avogado do Consulado Británico. Unha causa curiosa é que, andando o tempo, representou a Nicolás Franco. Fíxate que cousas curiosas che dá a vida! Era unha empresa de recauchutados. E cando lle encargaron o asunto díxolle a quen lle encomendou: “Dille a ese señor que eu son un represaliado do rexime franquista”. El contestoulle: “Xa o sabe, pero o que a el lle interesa é que contrate a un bo avogado”.

Arsenio recordaba:

No despacho xamais se presentaba unha demanda se non se avisaba previamente ó demandado. Xamais. Don Roberto era un home curioso porque antes de pór un preito perdía máis tempo as veces en arranxar o asunto que en interpoñer o preito. Ás veces enviaba cartas a alguén que puidera interceder no asunto para evitar o conflito. Era un humanista. Recordo que íamos á Audiencia da Coruña; eu non estaba matriculado, polo que pedía a venia para que puidese estar como axudante. Ó mellor eu levaba gran parte do asunto, pero el era o que o expoñía na Audiencia. Xamais anoaba a garabata. Sacaba o reloxo, puñao na mesa e empezaba a expoñer o asunto. E pasaban as horas coa súa exposición. Unha vez levabamos un asunto dun señor de Ribeira e don Roberto, que xa tiña anos, e díxolle ó Presidente da Sala: “Solicito un receso da audiencia porque teño que ir ó baño por problemas de próstata”. O curioso foi que no tempo que el tardou celebrouse outro xuízo. Ás veces o Presidente dícialle: “A ver si pode ir acabando”.

El respondíalle: “Tan pronto a Sala estea convencido do meu alegato rematarei”.

Parece que era una persoa entrañable.

Desde logo que o era. Tiña unha preciosa finca en Moaña á que ia con frecuencia as fins de semana, e sempre levaba a súa gabardina. Un día dixenlle: “Don Roberto, co bo día que fai e vostede coa súa gabardina”. O curioso era que o luns volvía normalmente con choiva.

Para min don Roberto foi un home moi entrañable que influíu moito na miña vida. Era un avogado ó que lle gustaba ensinar ós que con el traballabamos unha forma moi humana do exercicio da nosa profesión, cun profundo sentido ético da profesión da avogacía. En todos os asuntos que levaba había que profundizar na xurisprudencia, na lexislación, e observar como ambas as dúas ían evoluindo, para acompasalas ó caso concreto. Estudaba demoradamente cada asunto. Un día contoume que nun procedemento de arrendamentos urbanos fixera unha boa exposición do asunto que levaba e perdeuno a pesar de que el cría que tiña toda a razón. Un día o xuíz que sentenciou o caso díxolle: “Don Roberto vostede estará estrañado pola sentenza que puxen, pero foi porque vostede sabía tanto e a outra parte era tan pobre na exposición que eu vinme na obriga de ditar esa sentenza”. Pastoriza respondeulle: “Non se preocupe, señor xuíz, a próxima vez que teña un preito con vostede xa saberei facerme o burro”.

Para rematar, doulle as grazas por lembrar a vida de Roberto González Pastoriza.

Ti removiches uns anos moi importantes da miña vida. Eu, despois de morrer don Roberto González Pastoriza, viñen para Ourense e aquel despacho pechou.



**Tres cartas de Roberto González Pastoriza
sobre o idioma galego, Castelao e García Lorca**

Xesús Alonso Montero
Escritor

Tratei pouco a don Roberto pero o suficiente para decatarme de que era un home cheo de bondades, virtudes que me teñen confirmado todos os que o coñeceron. O que lembro con máis precisión é unha longa conversa que tivemos, arredor de 1970, na Asociación Cultural de Vigo, co gallo dunha conferencia pronunciada por un amigo común. Naquel cónclave don Roberto era, sen dúbida o máis vello (nacera en 1898). Viña do galeguismo anterior a 1936, época na que foi moi amigo de Castelao. Continuou sempre no galeguismo como unha especie de militante espiritual. Recordo que naquela ocasión falamos, a instancias del, de formas e xeitos da lingua galega, cuestión que o preocupaba desde había tempo.

Era, tamén, un militante da Fala, case tanto, nun aspecto, como Xosé Ramón Fernández-Oxea, o gran Ben-Cho-Shey. Sabido é que don Xosé Ramón, inspector de ensino primario, felicitaba a amigos, colegas e correligionarios (“irmáns”) nas festas de Nadal e Aninovo, cun tarxetón enteiramente redactado en galego no que sempre figuraba un texto seu, en verso “ad hoc”. Ben-Cho-Shey agasallou coas súas panxoliñas a centos de persoas anualmente desde os inicios dos corenta, cando case non existía na Galicia metropolitana literatura pública en lingua galega. Estes nadaís (literatura de destino privado) constituían, daquela, unha forma de resistencia que Ben-Cho-Shey e algúns outros (por exemplo, Manuel María) exercían de xeito moi consciente.

Ignoro cando don Roberto iniciou, na posguerra, esta militancia idiomática. Eu penso, de anos bastantes posteriores,

un número non pequeno de nadais seus literariamente moi interesantes, cadanseu con tres, catro ou cinco poemas breves de escritores amigos (Celso Emilio Ferreiro, Emilio Álvarez Blázquez, Cunqueiro...) ou achegados (é o caso da súa sobriña política María del Carmen Kruckemberg). Teño a impresión de que cos nadais “editados” por don Roberto entre 1960 e 1980 podería facerse unha interesante escolma da poesía galega de tema navideño desas dúas décadas (Polo que lembro, nos últimos anos- morreu en 1985 xa non agasallaba ós amigos cos seus nadais).

AS CARTAS

Exhumo tres, moi representativas do seu carácter e das súas inquiredanzas galeguistas. Opto por ofrecelas en facsímile para que os lectores reparen na súa peculiar escrita, ateigado de trazos pouco concordes coas formas e os grafemas dos escritores contemporáneos.

As dúas primeiras cartas (a Ramón Otero Pedrayo) obran no arquivo correspondente da Biblioteca Penzol (Vigo); en canto á terceira (a Xosé Landeira Yrago), posúo unha fotocopia que me proporcionou, no seu día José Francisco Armesto Faginas,director, daquela, do “Faro de Vigo” (Supoño que o orixinal obraba nos arquivos deste xornal do que era redactor, en 1976, o destinatario da carta).

Carta a R.Otero Pedrayo (Vigo, 17-9-1971)

Mais que unha carta é un anexo da mesma na que don Roberto Ile expón ó seu ilustre destinatario as características d'“O meu galego” (certamente moi peculiar). Este é o texto:

O MEU GALEGO

Ben eu quixer atinaxe n'unhas liñas aqueland'o xeito d'o meu galego: O' quéu deprendera, de cativo, cand'a miña escola--ña de Moaña. Me non eu esquadín dendesd'entón e saime arreo, sin m'eu decatare.

I-á pol-o atal qu'eu matino d'agarimal-o seo celme, apús de recoleitare, á traveso das anadas, aquela seitura, c'os seus fonemas ventureiros, empregando a grafía que m'asemella máis axeitada prá xusta eispresividade.

Dabond'eu recomenze, i-ademiro, a boa labouira dá nosa academia, como tamén a que s'alcada no libro "Galego 1", dá Universidade, --merescetes da xeral gra--titude--, en percura dá unidade da lingua.

Mais velahí com'eu cavilo qu'istas miñas matinanzas d' hoxe --cheas de lembranzas pra mín e prás xentes de Morrazo--, cecais ocidan servíren, nō mañán, de materias pra qu'os homes de sabencia, esculcantes, haxan eles d'ergeren as leises científicas.

O gón, ná data de 17/ 9/ 71

Moaña, mencionada na terceira liña, é a localidade na que naceu o autor no ano 1898 e na que aprendeu as primeiras letras. O volume mencionado no penúltimo parágrafo, “Galego 1” é unha obra do Instituto da Lingua Galega que acababa de aparecer. Verbo do último parágrafo, é lícito sospeitar que don Roberto Ile achegaba a don Ramón un glosario ou un inventario de formas lingüísticas. Se é así, esas “matinanzas” non figuraron no “corpus” epistolar Roberto González Pastoriza-Ramón Otero Pedrayo obrante na biblioteca Penzol.

Carta a R. Otero Pedrayo (Vigo,1 (?) – 9-1975)

Interesa, deste texto, a referencia ó acto celebrado en Rianxo co gallo da inauguración do busto a Castelao (29-9-1975). Foi a última intervención pública de don Ramón, daquela coa saúde moi quebrantada (desde que falecera a súa esposa en abril dese ano). Don Ramón morrería pouco despois, o 19 de abril de 1976. Verbo de Castelao, non carece de interese a confianza que lle fixo sobre o seu desexo de volgar á Terra, para morrer, aínda baixo o Réxime de Franco. De tódolos xeitos, cumpriría saber con precisión cáles foron as palabras que Castelao encomendou ó “contramaestre” e en que medida este as transmitiu con exactitude.

R. GONZALEZ PASTORIZA ABOGADO

QUERO DE LLANO (BOGOSSECH) 1-1-A

TELEFONO 219132

VIGO ESPAÑA

CORRESPONSALIAS PROFESIONALES

Bogeti - Buenos Aires - Barcelona - Caracas - Chicago - Dublin
Guatemala - La Asunción - La Habana - La Plata - Lima - Lisboa
Managua - Manila - México del Yucatán - México - Montevideo
Montpellier - Montreal - Nancy - Nimes - Nueva York - Oporto
Ottawa - Panamá - Paracuruc - Quito - Porto Rico de Janeiro - San
José de Costa Rica - San Juan de Puerto Rico - Santa Isabel
de Fernando Pó - Santiago de Chile - Santo Domingo - San
Séver - Tanger - Tegucigalpa - Toulouse

Dr.

D. Ramón Otero Pedrayo
Trassalba.- Pcia. de Orense.

Meu veterán i-ademirado amigo:

Ben se percisaba que, n'ista torrenteira de névns no-
xentass, que decolais nos tran os xornás, xurdise algunhas que nos va-
la de consolo.

A primeira, o nomesmento de Vostede coma fillo predileito d'Ou-
rens. Aínda que o stal se non percisaba, pois que Vostede, dendesde
fai dabénno ducias de snos, ten ben gñada isa predilección de to-
del-a Galicia do mundo.

A segunda nova, das que nos tran a ledicia, son as verbas que
Vostede pronunciou ó s'erixire, noutronte, en Rianxo, o busto de Caste-
lao: Vostede erguéu a gran figura espiritual deste bo amigo, tanto co-
me foi sempre foi meresciente.

Non eu poidem viaxar hastra ecollá naquela data, topándome, baixo orde
médica, n'unhas vencencias en terras d'altura, Monterroso.

Si eu houbese aquelado en Rianxo, habería podido eixpricar alí co-
ma o busto ven sere coma o símbolo dó que Castela gorentara en Vi-
da: Il mandámame as suas novas de Buenos Aires valéndose dó Contramaestre
do transatlántico "Aragón", dá "Mala Real Inglesa", que finóu sendo xe-
fe de conserxes dó Aero Club de Vigo. Alfonso perguntábame, pouco denan-
tes dó seu pasamento s'il podería voltar á Terra sin risco. Engadin-
do qu'a sua matinzanza era s de limitárese a ollar-as leires i-o mar den-
desdó dá fenestra de sua casa de Rianxo. E que cando vise algún falan-
xista camiño adiante, entón pechal'a fenestra, naméntas rezaría un
Pai Noso "pra que todos fagemo-l-o ben".

O busto de Rianxo coído que ficóu pousado cara ó mar. Teño a segu-
ranza é que será respetado envante. Ó memo que o fose aquel fraterna
amigo, Alfonso, s'il aínda poidese voltar en vida.

As fortes e devotas apertas

(Aínda que o seguinte non sexa unha nova pra Vostede, vállelle co-
ma lembranza: Antr'os libros que levei a Monterroso, algúns pra relex
figuróu o dá "Grandeza y decadencia del Reino de Galicia" de Emilio
González López. Topeime, má ps. 280, cá cita ó libro de Vostede dá
Historia de la Cultura Gallega, pra testimonial-o engado das "Canti-
gas a Santa María" Id., má "Bibliografía", ps. 316). (González López
enrobome dendesde New York, que il'arromatan d'imprentar en Ba. Aí-
res a sus nova obra tiduada "El Bicho gallego y el Aguila gala. La in-
misión gallega contra los franceses". Penso que, si me non trebuco,
ven sere o 72. tomo da gran obra historiográficas d'Emilio).

Carta a Xosé Landeira Yrago (Vigo 4.11.1976)

O día que se escriba a historia da erudición literaria en Galicia, Landeira Yrago (Santiago, 1923-Vigo, 1995) protagonizará un dos capítulos máis ilustres. A parcela que cultivou con máis paixón e minucia foi a de García Lorca. Unha obra de tema lorquiano (“Federico García Lorca de A a Z, 1986”) é, precisamente, a que suscita a presente carta. En realidade, o escrito que a suscita é un comentario de Cosme Barreiros (Francisco Fernández del Riego) publicado días antes no “Faro de Vigo”. A carta interesa, non pouco, polos datos que o autor nos achega sobre a xestación dos “Seis poemas galegos” de Federico.

Reproduzamos a secuencia que máis importa, aínda hoxe, ós especialistas na obra galega do excelso poeta granadino (“Tradúzoa” ó “sistema gráfico de hoxe, moi próximo ó hexemónico de 1976):

“E foi ali (no café Derby), sobor do mármore das mesiñas, onde nos servía, que, respondendo a seus pregos, íbamos escribín-dolle os sinónimos da moitedume de verbas galegas, apús das consonancias i asonancias que il desexaba prós poemas que matinaba faguer na nosa fala”

Por un traballo moi meticuloso de Landeira, escrito coa colaboración de X.L.Franco Grande¹ podemos seguir con precisión o periplo galego de Lorca en 1932: conferencia en Vigo o 6 de maio (“arquitectura del cante jondo”); viaxe a Santiago o día 7, onde diserta sobre o poeta, granadino do XVII Pedro Soto de Rojas...Por certo, no eruditísimo artigo de Landeira /Franco

R. GONZALEZ PASTORIZA
ABOGADO
Queipo de Llano, 1-1.
V I G O

Vigo, 4 de novembro de 1976

Sr.
D. Xosé Landeira Yrago
Diretor do "F a r o d e V i g o"
C H A P E L A

Mon Señor e Mestre:

Dimpois das liñas que houben de lle dirixir o día 25 do derradeiro mes, poden ler, no "F a r o" da vispra a recensión que Cosme Barreiros adica á labours de Vostede encol de García Lorca, con quen me uníu fonda amizade. Endalí que m'eu apresurái a lle encargar a Fernando, o do "Librería Cultural", un eixemprer da obra de Vostede, "García Lorca de A a Z".

Non sei si chegaría xa a seu coñecimento que García Lorca estivo convivinte eiquí, conosco en Vigo, acolá polo ano 1935, si m'eu non trabuco.

Pró caso de que careza dese nova, cecais pódalle oferecer curiosidade.

Í-é polo atal que m'eu permito estas liñas, relatándolle brevemente pois ben sei da valía do seu tempo.

O "Comité de Cooperación Intelectual" funcionaba, en pleo auxe, na nosa cibdade, cás suas relacións alón das fronteiras. (Hastrea que foi vetada cā xenofobia que houbo de xurdire nā segunda metade do ano 36).

Lémbrome que entre os intelectuais que daquela víveron a Vigo, pra nos doner as xoias das suas sabencias, figuran, ademáis de García Lorca, o Gómez de la Serna, cás suas "Greguerías" --escribíame dimpois sempre con tinta vermella-- i-Osorio Gallardo, o "Monárquico sin Rey", etc.

Pro, si m'hei concretare ó García Lorca, o seguinte:

Eu, coma directivo do "Comité", leveino ceir a "Casa Pepe", daquela en gran auxe, nā qu'hoxe nomásese rua do Dr. Cadaval.

Fumos dimpois, con algúns amigos, a tomar unhas copas ó "Bar Derby", que naquela tempada tiña gran popularidade, nā rua de Urzaiz.

E foi alí, sobor do mármore das masíñas, onde nos servían, que, respondendo a seus pregos, íbamos escribíndolle os sinónimos de moitadume de verbos galegos, apés das coñecencias i-asónancias que il desexaba prós poemas que matineba fagueir nā nosa fala.

Deíqui foise camiño de Sant Yago, e non pasou máite tempada pra que il nos remitise os poemas galegos --máirandas coas

Grande sinaláse que o xornal vigués “El Pueblo Gallego” (8 de maio) publicou unha fotografía na que Lorca aparece rodeado de varios membros do Comité de Cooperación Intelectual, entre eles, Roberto González Pastoriza. Cómpre aclarar que don Roberto non recorda con precisión a estancia de Lorca en Vigo. Aconteceu en maio de 1932, como xa dixemos, e non “acólá polo ano 1935, si m’eu non trabuco”. Trabucábase na data e máis no número de poemas, que foron seis, non cinco (“uns cinco, si mal me non lembro”).

Cando en 1980, visitei a Francisco Lamas² en Navidad (o 29 de decembro) non só me proporcionou a fotocopia do primeiro poema (“chove en Santiago/meu doce amor”), o único texto autógrafo que existe das seis composicións, senón que me explicou cómo se elaborara en Lugo, en novembro de 1932 ese primeiro poema³. Foi na tenda de gramolas do escritor Luís Manteiga onde éste e o propio Lamas exerceron de asesores lingüísticos, de dicionarios viventes, de Federico. Algo semellante fixeran, meses antes, González Pastoriza e os acompañantes vigueses de Lorca no Café Derby (“escribíndolle os sinónimos de moitedume de verbas galegas...”). Polas palabras de don Roberto non sabíamos se nesta sesión viguesa Lorca estaba a elaborar un glosario castelán-galego ou xa estaba a construír o primeiro dos seus poemas galegos. En calquera caso, non carece de utilidade exhumar esta carta que, forzosamente, han ter en conta os interesados na xestación dos “Seis poemas galegos”.

Tamén me conforta exhumar as outras dúas, textos todos eles que nos achegan trazos da personalidade e das inquiredanzas dun home que foi, sen dúbida ningunha, bo e xeneroso.

¹“Cronología gallega de FGL y datos sincrónicos”). Grial, Vigo, núm.45, 1974.

²O doutor Francisco Lamas López (Lugo, 1905-Madrid, 1987), de Izquierda Republicana, foi alcande de Lugo, polo Frente Popular, en 1936. Estivo en prisión varios anos.

³V.o meu art. “Encontro, en Madrid, con García Lorca e Francisco Lamas”, “Faro de Vigo”, 9-1-1981. (Recolleito no meu libro “Escritores...”, Ediciós do Castro,1981)







O meu avó don Roberto
Jaime Barreras González-Pastoriza
Avogado

Certo día chámame Xosé González Martínez para comunicarme que a Irmandade Xurídica Galega está a preparar unha homenaxe ao meu avó, don Roberto González Pastoriza, por ser merecente do recoñecemento xeral, e pola súa aportación ao mundo do Dereito no exercicio da súa profesión de avogado. Pídeme que escriba unhas liñas sobre el.

Como sei que as cualidades profesionais xa as van salientar outras persoas, coido que eu debo facelo desde o punto de vista humano e familiar, que me vén dado pola miña convivencia con el, xa que tiven a sorte de ser o neto que máis lle “secretarizaba” como el adoitaba dicir.

Cando eu vivía con el na súa casa da rúa Progreso sentía o que era unha verdadeira democracia, pois dentro das regras que deben imperar en toda convivencia deixábame facer, máis ou menos, o que me petaba no tempo das miñas vacacións. Claro, iso foi ao principio, porque despois iame gañando terreo daquela maneira habelenciosa que o caracterizaba dicíndome cousas, como por exemplo “érguete, preguiceiro, que outros rapaces xa están traballando”. Eu contestáballe que estaba de vacacións e el asentía, pero sempre quería que aproveitara o tempo, e como a súa secretaria, María del Río Durán, “A Forneira”, tamén estaba de vacacións, o que fixo foi poñerme diante dunha máquina de escribir, concretamente unha “Underwood”, e deume o método para que o fose aprendendo.

Cando dei aprendido a escribir a máquina deixei de ser o neto e convertéume nun asalariado. Encomendoume a misión de

pasarlle a máquina as cartas que el escribía a man en todo aquel papel que tiña ao seu carón, obviamente reciclado, tal como, por exemplo, os sobres de cartas que el recibía, papel de envoltorio dalgún libro que mercaba, papel de regalos que lle enviaba alguén,etc.

Deste xeito tiveron a honra de escribirlle cartas a xente moi importante naqueles tempos, desde Fraga Iribarne, cando estaba de Embaixador en Londres, para lle agradecer que recibiría alá a seu fillo, meu tío “Tito”, pasando por Pepe Fernández, fundador de “Pescanova”, Ramón Otero Pedrayo, Fernando Conde Montero Ríos, Xosé María Castroviejo, Francisco Fernández del Riego, Antonio Hernández Gil e moitos máis.

Dicía que me convertira en “asalariado” porque por cada carta que lle pasaba a máquina pagábame, coido que dúas pesetas, pero iso conlevaba que xa non lle podía chamar “lo”, como agamosamente lle dicía, senón don Roberto. De súpeto deixou de ser meu avó para pasar a ser meu xefe.

As fins de semana íamos a Moaña onde tiña unha fermosa finca, “Montelar”, onde el seguía a traballar, se ben para “despellar a testa”. Podaba os seus limoeiros, arrincaba as malas herbas, regaba as árbores e plantas, e aproveitaba para facer algunha obra como revisar o motor do pozo, facer algún arranxo nos muros, o pendello onde gardaba o angazo, pico, pá, tesouras de podar, etc. Chegada a hora do xantar todas as persoas que interviñeran neses mesteres (canteiros, fontaneiros, técnico do pozo, María, “A Forneira”,etc. sentabamos xuntos na mesa.

O normal era que fosemos dez ou doce, pero ese número incrementábase coa aparición dalgún máis.

Case que todas as fins de semana viña xente diferente, desde Pepe Fernández coa súa dona e algún fillo, o catedrático Argomániz, a súa irmá Lola, a monxa con algunha compañeira da Orde, o dentista Fernando Filgueira coa súa familia, e outros amigos que ian visitalo. Ali compartíase todo, e se , por poñer un exemplo, non chegaba o xantar, don Roberto dicíalle case en segredo a María que fixese o favor de facer un par de tortillas e que abrida unhas latas de callos con garavanzos de “Louriña”.

Falábase de todo e todo o mundo era escoitado. No que coincidían todos era que aquela terraza era unha verdadeira benzón, pois desde ali mirábase Vigo e don Roberto adoitaba dicir que tiña o mellor cadro que podía haber, que non precisaba de ningún outro. E, como colofón, se alguén quería bañarse que non o dubidase, pois tiña a “piscina” máis grande de Galicia. Evidentemente, a nosa ría.

Unha nota que revela como era don Roberto vén dada polo que dispuxo no seu testamento: ademais de facer as súas adxudicacións incluíu unha cláusula na que lle imponía aos herdeiros a obriga de conservaren os vellos carballos que había en “Montelar”, puidendo talalos no único caso de que supuxesen un grave perigo, subordinando tal decisión ao que resolvesen por maioría o alcalde do Concello de Moaña e os presidentes da Hermandade de Labradores e Pósito de Pescadores.

O meu avó, como republicano que era, exercía de verdadeiro demócrata e así me educou. Tan convencido estaba que sempre me aconsellaba que eu fixese o que me petara, pero sempre e cando se respetara os dereitos dos demais. Sempre dicía: “No uso da túa liberdade podes facer isto ou aquilo, pero mira ben que non fagas dano a ninguén”. Naturalmente, isto dicíamo cando el miraba que o que eu ía facer non era o máis aconsellable e levaba o camiño trabucado.

Lémbrome de que unha vez debín facer algo que non estivo ben e botoume unha boa rifa. A verdade é que non o mirara nunca tan enfurruñado. Díxome: “Graimo (así me chamaba garimosamente), o que acabas de facer non está nada ben. Fíxate que é tan importante que che vou berrar en castelán, para que non teñas a desculpa de que non me entendiches”. Comezaba a falar en castelán e cando ía pola segunda frase, sen decatarse, seguía a falar en galego. A min déume a risa e lonxe de se enfadar máis, el tamén riu, e díxome: “Tes razón, xa che berrarei despois cando estea máis tranquilo”.

Outra vez, cando eu tería oito ou nove anos, mirando que tiña varios xoguetes, díxome que non había dereito a que tivese tantos e outros nenos ningún. Contesteille que mos regalaran os meus pais, padriño e un tío polo meu cumpreanos e que me gustaba xogar con eles. Díxome que iso estaba moi ben e que era legal, pero que “no uso da miña liberdade”, e se eu estaba de acordo, poderíamos facer un ha cousa: eu xogarí a con todos eles durante unha semana e que a seguinte iríamos levar un deles aos nenos da “Gota de leite”. Aceptei. Pois ben, chega-

do o día, efectivamente, levoume a ese Centro de Menores co xoguete que eu decidira regalar. Cando nos abriu a porta unha monxa díxolle que queríamos entregar ese xoguete e pediulle permiso para que nos deixase entrar para ver como xogaban os rapaces. Non fixeron falta máis palabras. Malia miña curta idade comprendín todo naquel intre. Pois ben, tempo despois de falecer don Roberto eu impúxenme a min mesmo seguir facendo o que el, que era levarlles de cando en vez algo que non tivesen e, desde logo, en nadal os típicos doces, tales como turrón, améndoas, mazapáns e outras larpeiradas.

Cando meus pais me meteron interno no colexio dos Xesuitas de Vigo, meu avó escribíame en galego unha carta á semana e eu contestáballa no mesmo idioma. Como era aínda ben cativo e o meu galego non era precisamente moi académico, o que facía don Roberto era mandarme outra carta á seguinte semana acompañando a miña corrixida en vermello coas verbas que debera ter empregado. Se eu lle dicía “o sábado -se me deixan saír- (había que gañalo) vou comer contigo”, el mandábama corrixida e onde puña “comer” el puña “xantar”; “non me dou conta de quen é”, el corrixía así: “me non decato de quen é”, e así fun aprendendo a falar o noso idioma.

Todo o mundo quería ben, sobre todo en Moaña. Era unha persoa moi benquerida. Loitou polo seu pobo cando quixeron quitar a liña de transporte marítimo con Vigo. Loitou para que Moaña non quedara illada de Vigo e sempre que escribía no “Pueblo Gallego” non desaproveitaba a ocasión para reclamar que se construira unha ponte entre Vigo e Moaña que sirvi-

se para que a xente de alá non tivese que dar unha tremenda volta por Vilaboa para chegaren aos seus traballos. Outra das persoas que loitaron moitísimo para que se construíse a ponte foi Xerardo Campos. Algún amigo de don Roberto adoitaba dicir que se algún día se chegase a construír debería chamarse “Ponte Xerardo Campos e Pastoriza”.

Cando algún paisano ia ao despacho de don Roberto atendíao o mellor que el sabía e podía, e , por suposto, endexamais lles cobraba un patacón polo que lles facía. E normalmente, se eran moi humildes, aínda saían de alí cuns paquetes de galletas e un par de tabletas de chocolate, porque el era avogado da fábrica “La Peninsular”, que pertencía ao pai do escultor Juan Oliveira, e tamén da de cholates “La Perfección”.

Ademais, accedendo ás peticións que lle facían, trataba de procurarlles traballo en “Pescanova”, porque tamén era vogado da empresa e amigo persoal de Pepe Fernández. A quen lograba metelo a traballar ali “tocáballe a lotería”, porque aínda por enriba de ter choio naqueles tempos, estaban moi ben pagos. E todo isto coa particularidade de que moitos dos fillos daqueles traballadores tamén entraron a traballar ali; cónstame que hoxe hai netos dos primeiros.

Tanto amor sentía por Moaña que en canto podía nomeaba a súa vila de nacemento para dar a coñecer e presumir as cousas boas que tiña e que moita xente descoñecía.

Despois de falecer don Roberto, a súa filla, miña nai, Margot González-Pastoriza, herdou a finca “Montelar” e respetou o

que el deixara escrito de manter os carballos sen talar ningún e, por un acordo co Concello de Moaña, que por certo asinei- no eu no seu nome, cedeu uns 10.500 m2. da finca para facer neles un parque público. O entón Alcalde e Concelleiro de Urbanismo quedaron gratamente agradecidos, porque ningun- ha familia de Moaña tivera semellante xesto con ningunha das grandes fincas que había no concello e prometeronm que o día que se fixese o parque público habíase chamar “Parque don Roberto Gonzále”. Que me conste, aínda non se inaugurou e, xa que logo, coido que o lugar aínda non leva o seu nome oficialmente.

Cando se vendeu a finca a uns promotores de Moaña, fíxose figurar na escritura notarial esa obriga por parte dos compra- dores de cederen ao Concello aquela superficie para os come- tidos que miña nai indic ada, como así se fixo.

Polo descoñecemento que se tiña no Concello desta nosa doazón chegaron aos meus ouvidos que se pensara que os doantes eran os promotores e, curiosamente, íanlle poñer ao parque o nome do egrexio moañés de Tirán, Xosé María Cas- troviejo, gran amigo de don Roberto. Aínda estamos a tempo de facerlle xustiza!



O bo letrado

Francisco de Cominges Cáceres
Maxistrado

A homenaxe a un xurista de tan elevada calidade profesional e humana como Roberto González Pastoriza, constitúe unha magnífica ocasión para reflexionar sobre o compromiso ético e social que o exercicio do Dereito esixe dos seus diferentes operadores (avogados, funcionarios, xuíces).

Máis que unha ciencia, a práctica do Dereito é unha arte na que se debe combinar un coñecemento profundo das normas coa intuición da experiencia, o sentido común e, por enriba de todo, a honestidade.

E por honestidade enténdese, en primeiro lugar a sinceridade coa que o letrado debe dirixirse dende un principio ao seu cliente, desalentándoo por exemplo para embarcarse en litixios perdidos de antemán, asesorándoo e axudándolle a evitar novos conflitos, ou a pacificar os preexistentes. O bo avogado é ante todo un bo negociador, flexible e capacitado para acadar acordos antes do proceso xudicial, evitándoo, ou incluso despois, na fase de execución de sentenza, simplificándoo e axilizándoo. En non poucas ocasións as dúas partes en litixio teñen algo de razón nas súas respectivas pretensións. A solución rápida e eficaz do problema –eludindo o trauma e a lentitude do proceso xudicial- pende moitas veces, máis que da enxundia da controversia en sí, da aptitude dos letrados para entablaren unha boa negociación e para convencer aos seus clientes sobre as vantaxes que conleva evitar o xuízo.

En segundo lugar, o bo avogado debe ser respetuoso e educado cos seus compañeiros. Debe comportarse como os xoga-

dores dunha partida de xadrez, esforzándose en gañar, pero con nobreza, sen focalizar o enfrontamento cara a persoa do letrado contrario, mantendo certa distancia anímica co conflito e certas regras de cortesía que no fondo benefician a todos. Dende logo debe ser fiable, cumprindo a súa palabra no tratado e comprometido cos letrados contrarios.

O avogado honesto debe tamén adicarlle a atención precisa a cada asunto, dándolle a maior calidade posible ao seu traballo, evitando o uso de formularios, coidando os prazos e requisitos procesuais, instruíndose e estudando a fondo a xurisprudencia e a lexislación, que evolúen a gran velocidade.

Análogos principios de honestidade deben rexer a actuación dos letrados que serven ás Administracións públicas, e a dos propios xuíces. Cun importante engadido, derivado da súa condición de servidores públicos, que é o tratamento igualitario, respetuoso e obxectivo a todos os cidadáns cos que deban tratar.

Pero, a marxe e sen prexuízo do antedito, para un bo xurista (vocacional e motivado) o exercicio do Dereito conleva sen dúbida un compromiso social. No contexto de extremada complexidade normativa no que nos movemos, nunha sociedade en crise, na que se incrementa a un ritmo trepidante o grupo de poboación máis vulnerable e desfavorecida, os profesionais do Dereito teñen unha responsabilidade e unha misión que cumprir. Non poden quedar indiferentes –na perspectiva xurídica na que se moven- ante as situacións inxustas, arbitra-

rias, discriminatorias, coas que se topan cada día. Haberán de colaborar, na medida das súas aptitudes e posibilidades, na consecución dunha sociedade máis xusta, defendendo os dereitos fundamentais dos cidadáns, protexendo ao mais feble, loitando en definitiva pola xustiza material.

Afortunadamente, son moitos os xuristas que na nosa sociedade galega traballan no exercicio do Dereito, honesta e coherentemente, cun alto grao de implicación e compromiso social. Para todos eles, para todos nós, a figura de Roberto González Pastoriza, na súa propia faceta de xurista, constitúe un bo exemplo e unha fonte de motivación.







**Unha proposta para a prevención
dos riscos da corrupción**

Carlos Varela García
Fiscal Superior de Galicia

1-Introdución.

No noso Dereito penal a corrupción non é un delito autónomo, senón unha determinada forma de agresión que pode vulnerar diversos intereses penalmente protexidos. As figuras penais relacionadas con comportamentos corruptos son sancionadas como suborno (art. 419 e seguintes), tráfico de influencias (art. 428 e seguintes), prevaricación (art. 404), negociacións prohibidas a funcionarios (art. 439), abuso de poder, malversación (art. 432 e seguintes), branqueo de activos e outros ilícitos económicos, corrupción entre particulares (art. 286 bis), corrupción nas transaccións económicas internacionais (art. 445). Este amplo abano ten a enorme vantaxe de desenvolver e ampliar a censura ética da corrupción por parte da gran maioría dos cidadáns.

O problema non está tanto na regulación penal destas condutas como na necesidade de non deixar recaer toda a carga do sistema de control sobre a vertente represiva.

Tampouco radica o problema na inexistencia no noso ordenamento de mecanismos de control e fiscalización sobre a actuación dos axentes decisores, senón fundamentalmente na efectividade destes mecanismos, a cal se ve diminuída cando desde determinados ámbitos se lle resta importancia ás advertencias destes, a sabendas —claro está— do que dito por estas instancias de fiscalización externa (por exemplo, Consello de Contas) moitas veces non é vinculante e dificilmente chega a concretarse en sancións efectivas. Iso está relacionado cun ele-

mento importante da responsabilidade horizontal efectiva: a prevención e disuasión dos actos transgresores e corruptos.

En efecto, a decisión dun axente potencialmente corrupto vese influenciada pola probabilidade que el considera que ten de ser detectado e sancionado. Así, canto maior sexa a probabilidade de que unha actividade corrupta sexa detectada e castigada tanto menor será a posibilidade de oportunidades de que ocorra.

É certo que moitas veces a lexislación vixente non propicia, de forma doada, a toma de decisións sen riscos. En efecto, a lexislación aplicable é en multitude de ocasións burocratizante, complexa, vasta e desarticulada; existe unha excesiva regulamentación, moitos procedementos e sub-procedementos, o que obstaculiza a operatividade, impide unha correcta xestión dos medios materiais e dos recursos humanos e potencia o risco de cometer irregularidades.

A xestión do risco é un proceso de análise metódica dos riscos inherentes ás actividades de prosecución das actividades e competencias das institucións, tendo por obxectivo a defensa e protección de cada interveniente nos diversos procedementos, salvagardándose, así, o interese colectivo. É unha actividade que comprende a xestión, *stricto sensu*, a identificación de riscos inmanentes a calquera actividade, á súa análise metódica, e finalmente á proposición de medidas que poidan obstaculizar eventuais comportamentos desviados e irregulares.

Seguindo a pauta do que foi feito noutros países e polo suxerido ou recomendado por organizacións internacionais, o Fiscal Superior na súa comparecencia parlamentaria de presentación da Memoria de 2010 anticipou a necesidade de avanzar nesta dirección establecendo na nosa comunidade autónoma un órgano coa misión de axudar a previr fenómenos desta natureza.

A iniciativa foi aceptada polas voceiras das tres forzas políticas presentes no parlamento galego, e unha delas solicitou maior concreción na memoria. Tamén tivo unha favorable acollida nos medios de comunicación autonómicos, que ao longo do ano publicaran diversos episodios presuntamente corruptos acaecidos no ámbito político.

Asumindo o compromiso de precisar a delimitación do seu contido, o *Órgano de control da Corrupción* que se propón non sería unha entidade de investigación da corrupción. Esa tarefa, como vimos, xa está definida pola lei. Trataríase dun órgano que intervéñ na área da prevención, cunha perspectiva pedagóxica, no sentido de facer cada vez máis difícil a ocorrencia destes ilícitos.

Debemos ser conscientes de que non existen solucións doadas e inmediatas para resolver o vasto e complexo problema que representa a corrupción. Non obstante tamén debemos acreditar que para abordar este problema se pode facer aínda moito máis.

Para iso deberíamos ser capaces de mobilizar non só ás entidades e institucións, públicas ou privadas, senón tamén á cidadá-

nía en xeral, no sentido de abrir as consciencias para demostrar que a corrupción é algo que nos concirne directamente e que ten un pesado custo por afectar a toda a sociedade de xeito transversal. Iso é así porque mina a confianza dos cidadáns nas súas institucións e nos respectivos titulares de responsabilidades públicas. Se non facemos nada, se deixamos que invada impunemente a sociedade, se non lles damos unha resposta axeitada ás esixencias dos cidadáns de maior transparencia na xestión pública, corremos o risco de caer na caza de bruxas e no descrédito total, onde todos son sospeitosos e onde o xuízo na praza pública, por falta de resposta das institucións, se converte nun penoso lugar común.

Faise, por iso, necesario poñer en práctica todo o que sexa posible para combater as tentacións dos favores ilexítimos, da delincuencia ligada á influencia pública e da perniciosa confusión entre ben común, interese público e intereses privados. Non abonda con expresar boas intencións e lanzar propostas inconcretas e xenéricas. Temos que ser capaces de limitar drasticamente as ocasións e oportunidades que conducen a estas infraccións administrativas e a estes delitos.

Só actuando conxuntamente favoreceremos as sinerxías entre todas as institucións e as súas áreas de competencia, en particular a investigación penal, que serán auxiliadas pola conciencia cidadá e a da sociedade no tocante ás raíces desta necesidade permanente de reflexionar sobre o fenómeno da corrupción, dos seus riscos e da necesidade dunha axeitada prevención.

2-Modelos europeos

No ámbito europeo existen varios modelos inspirados nas Recomendacións do Grupo de Acción Financeira (GAFI) que, na máis recente versión das súas Recomendacións (20/06/2003), se refire á necesidade de dispoñer de sistemas de xestión de riscos axeitados aplicables ás “persoas politicamente expostas”, concepto que se lles aplica ás persoas individuais que desempeñan ou desempeñaron recentemente (ata hai un ano), altos cargos de natureza política ou pública, así como os membros da súa familia e persoas que recoñecidamente teñan con elas estreitas relacións de natureza societaria ou comercial.

A Convención da ONU contra a corrupción do 31 de decembro de 2003, coñecida como Convención de Mérida, insiste na necesidade de establecer sistemas eficaces, proporcionados e disuasorios, tanto nas normas penais coma nas prácticas preventivas ás que a Convención lle atribúe especial relevancia no ámbito da Administración Pública. A Convención de Mérida contra a corrupción, ratificada por España o 16 de setembro de 2005, establece para as institucións financeiras a obriga de someter a un control reforzado as contas das “persoas politicamente expostas” para os efectos de detectar transaccións sospeitosas para a súa comunicación ás autoridades competentes.

No modelo portugués a Lei 54/2008, do 4 de setembro, crea o *Consello de Prevención da Corrupción (en diante CPC)* corrixindo unha lagoa legal coa creación dunha entidade administrati-

va independente que se implique dunha forma metódica no problema da prevención da corrupción. A Recomendación do CPC, do 1 de xullo de 2009, establece que os órganos dirixentes máximos de entidades xestoras de diñeiro, valores ou patrimonios públicos, sexa cal for a súa natureza, deben, no prazo de noventa días, elaborar plans de xestión de riscos de corrupción e infraccións conexas.

É importante advertir que non se trata sen máis dunha entidade que fiscalice ou combata directamente os fenómenos de corrupción. Esta difícil e complexa tarefa queda reservada para a Policía Judicial, os órganos xudiciais e o Ministerio Público. Trátase dunha entidade administrativa independente que desenvolve a súa función xunto ao Tribunal de Contas e está composta por oito conselleiros. (Director Xeral do Tribunal de Contas, Inspector Xeral de Finanzas, Inspector Xeral de Obras Públicas, Transportes e Comunicacions, Inspector Xeral de Administración Local, un maxistrado do Ministerio Público, un xurista, unha persoa de prestixio nesta área).

O seu obxectivo é a prevención e espertar conciencias para esta cuestión complexa, identificar puntos que deben ser mellorados, acompañar a creación e execución de políticas de prevención en colaboración coas entidades públicas que o soliciten na adopción de medidas internas para esta finalidade preventiva.

Para iso dótase o CPC dunha serie de competencias e atribucións, como a recollida e organización da información relativa

á prevención de ocorrencia de feitos de corrupción activa ou pasiva, á delincuencia económica e financeira, ao branqueo de capitais, así como o seguimento da aplicación de instrumentos xurídicos e medidas implementadas pola Administración Pública e sector público empresarial neste ámbito, e a avaliación da súa eficacia e efectiva implementación. Outra das súas atribucións é dar o seu parecer sobre a elaboración e aprobación de instrumentos normativos, internos ou internacionais de prevención e represión da corrupción.

O Consello de Prevención da Corrupción colabora ademais na elaboración de códigos de conduta, na promoción de accións de formación para a prevención e combate da corrupción, así como a cooperación con outros organismos, nacionais ou internacionais, semellantes.

Do Consello partiu, como se dixo, a idea de recomendarlles ás entidades que compoñen o sector público a elaboración de plans de xestión de riscos de corrupción. Un exercicio útil como ferramenta de xestión, pedagóxico pola introspección a que obriga no seo das organizacións e de responsabilidade pola necesidade de cumprimento e efectiva implementación deses plans, que será fiscalizada polos órganos de control interno e polo Tribunal de Contas en futuras auditorías.

Esta iniciativa, pioneira a nivel internacional, mereceu unha adhesión francamente positiva por parte dos seus destinatarios, despois de recibir o Consello máis de 728 plans de Xestión de Riscos de Corrupción e Infraccións Conexas, de cuxa

análise se ocupa. Entre as institucións que formalizaron estes plans preventivos e que os fixeron chegar ao CPC encóntranse institucións tan salientables como a propia Asemblea da República (Parlamento), o Banco de Portugal, a Dirección Xeral do Tribunal de Contas, a Inspección Xeral de Finanzas, Grupo de Augas de Portugal, a gran maioría dos municipios e as máis importantes administracións públicas.

O *Reino Unido*, continuando cunha lexislación vangardista na materia, aprobou a “Bribery Act 2010” (Lei da corrupción 2010), co obxectivo de modernizar e simplificar a lexislación existente e, en última instancia, permitir un combate máis efectivo da corrupción cometida dentro e fóra das súas fronteiras. O seu comezo de vixencia foi sinalado o 1 de xullo de 2011, en Inglaterra, País de Gales, Escocia e Irlanda do Norte. A “Bribery Act 2010” criminaliza a oferta, promesa ou concesión dunha vantaxe de calquera natureza (corrupción activa) e a solicitude, aceptación ou acordo para recibir unha vantaxe non permitida pola lei (corrupción pasiva). Pero sobre todo, na parte preventiva que aquí nos interesa, establece como un dos seus principios xerais de obrigado cumprimento o da *avaliación do risco*, no sentido dunha avaliación —periódica, informada e documentada— da natureza e extensión da exposición dunha entidade a potenciais riscos, internos e externos, de corrupción.

Conforme á “Bribery Act 2010” as empresas poderán eximirse de calquera responsabilidade penal se logran demostrar que a pesar de que a persoa física a ela asociada realizase un delito

de corrupción, implementaron todos os procedementos adecuados para mitigar o risco de corrupción no seo da empresa (manual de boas prácticas).

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de *Cataluña* creou a chamada *Oficina Antifraude* que se configura como unha institución independente que ten por obxecto fortalecer a integridade do sector público mediante a prevención da corrupción e a investigación de condutas corruptas, tales como o uso ou destino ilegal de fondos públicos ou calquera outro aproveitamento irregular derivado de condutas que impliquen conflito de intereses ou o uso en beneficio privado de informacións derivadas das funcións propias do persoal ao servizo do sector público.

En definitiva, a Oficina Antifraude ten que velar para que a actuación dos poderes públicos e dos seus representantes sexa coherente cos valores de integridade, honestidade, probidade, transparencia, legalidade, neutralidade, imparcialidade e obxectividade. A súa natureza xurídica é a dunha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, creada pola Lei 14/2008, do 5 de novembro, da oficina antifraude. Adscríbese ao Parlamento de Cataluña, o que lexítima e garante a súa independencia, co fin de cumprir con ecuanimidade e eficacia as funcións que ten encomendadas.

A Oficina Antifraude desempeña as súas funcións ao redor de dous eixes: a) previr a corrupción; y b) investigar os casos en que esta se manifeste, xa sexa no sector público ou no privado,

para poñelos en coñecemento das autoridades administrativas competentes, do Ministerio fiscal e da autoridade xudicial.

3-Contido dos Plans de Xestión de Riscos de Corrupción

Todos os modelos referenciados insisten na proposta da Convención das Nacións Unidas contra a Corrupción de 2003, no sentido de fomentar políticas e prácticas de prevención, mediante a creación de organismos ad hoc e a obriga de avaliar as políticas públicas e os instrumentos xurídicos (arts. 5, 6 e 36).

A proposta que se formaliza, en liña cos documentos internacionais, é a da habilitación dun organismo administrativo de ámbito autonómico co labor específico de detectar os riscos de corrupción que poidan existir en relación co desenvolvemento da función ou actividade dun organismo público e no que concirne ás prácticas da administración pública. Como exemplo, as áreas máis susceptibles de xeración de risco e de adopción de medidas que deberán ser consideradas na aplicación do Plan serían as seguintes:

- a) Contratación Pública.
- b) Concesión de subvencións e beneficios públicos.
- c) Urbanismo e edificación.
- d) Recursos humanos.
- f) Xestión financeira.

Con carácter xeral, sen ánimo de exhaustividade a Oficina Antifraude de Cataluña relaciona algunhas funcións e situacións concretas de maior risco que poden xerar oportunidades de corrupción:

Administración de recursos públicos:

- Compras e contratación de obras e servizos.
- Xestión de grandes proxectos de obra pública.
- Encargo de informes ou ditames a profesionais, despachos, bufetes e consultores externos.
- Outorgamento de subvencións, axudas, avais, créditos a empresas e organizacións.
- Xestión financeira en xeral, tesouraría e contas correntes.
- Alleamento ou permutas de patrimonio.
- Establecemento de certos convenios con organizacións públicas ou privadas.

Funcións de regulación, inspección e sanción:

- Emisión de licenzas e autorizacións.
- Elaboración de normativas reguladoras de sectores de actividade.
- Imposición ou reconsideración de multas e sancións; condonación ou aprazamento de débedas.
- Exercicio de funcións de autoridade en xeral.

- Determinación do importe aboable por impostos, taxas e prezos públicos.
- Exercicio de funcións de fe pública, auditoría e control financeiro, en xeral.

Autorizacións urbanísticas:

- Decisións urbanísticas en xeral e, en especial, recualificacións de solo e convenios urbanísticos.
- Inspección ou avaliación do cumprimento de normas e estándares en locais, vivendas, empresas e organizacións, maquinaria e equipos, vehículos, produtos...

Xestión de persoal:

- Selección de persoal fixo ou temporal (funcionario, interino, laboral ou eventual).
- Avaliación e promoción de persoal.
- Xestión de nóminas, horas extra, axudas, axudas sociais, anticipos e outros pagamentos e beneficios para os empregados.
- Exercicio simultáneo doutros postos de traballo ou realización de tarefas profesionais para outros organismos, empresas ou particulares.
- Obtención dun posto de traballo no sector privado despois de ocupar un cargo público.

Relacións con ámbitos externos:

- Actividades comerciais de empresas públicas e organismos autónomos.
- Aceptación de convites ou regalos que excedan do uso normal.
- Acordos de patrocinio e mecenado.
- Constitución e xestión de empresas mixtas e doutras iniciativas público-privadas.
- Tratos habituais co sector empresarial privado.
- Relacións con organizacións e profesionais que representen intereses privados (lobbies).

Outros ámbitos e situacións:

- Corpos policiais en xeral
- Emisión de informes, ditames ou peritaxes necesarias para as actuacións administrativas ou xudiciais
- Xestión de información confidencial relevante sobre persoas e organizacións
- Delegación de competencias en órganos subordinados
- Situacións en que se produce un conflito de intereses entre a persoa e as súas funcións públicas
- Uso da tarxeta de crédito institucional
- Uso do patrimonio público fóra das instalacións e en horarios non habituais (coche oficial, ordenador, teléfono móbil, despachos...).

Á vista destas situacións concretas de maior risco, parece claro que entre as accións que debería promover o órgano de control destaca a elaboración dun cuestionario dirixido a toda a Administración autonómica e local sobre a xestión de riscos con especial enfoque nas áreas da contratación pública e a concesión de subvencións. Con iso preténdese realizar unha identificación de cales son as áreas e situacións máis permeables e con maior risco. Da análise e das respostas ao cuestionario derivaría a recomendación ás entidades que compoñen o sector público para que elaborasen plans de xestión deses mesmos riscos de corrupción.

Debido á natureza heteroxénea das entidades en cuestión, non podería elaborarse un plan ríxido senón un adaptado ás súas especiais características, deixándolles así liberdade e marxe de manobra ás entidades na elaboración dos seus plans de xestión de riscos.

Non obstante, o órgano de control determinaría os puntos comúns que todos os plans deben conter. Así, independentemente da natureza da entidade, todos os plans deberían, concretamente, conter os seguintes elementos:

- a) Unha identificación dos riscos de corrupción e infraccións conexas en todas as súas áreas e departamentos administrativos.
- b) Sobre a base da identificación dos riscos, identificación das medidas adoptadas que preveñan a súa ocorrencia (por exemplo, mecanismos de control interno, segregación de

funcións, definición previa de criterios xerais e abstractos, concretamente, na concesión de beneficios públicos e no recurso a especialistas externos, nomeamento de xurados diferenciados para cada concurso etc.).

c) Definición e identificación dos distintos responsables encargados de verificar ese control.

d) Finalmente, as distintas entidades administrativas deberían elaborar unha memoria anual sobre a implementación e execución do respectivo plan.

4-Organigrama para a elaboración do Plan.

O plan de Xestión de Riscos debe establecer un organigrama no que se identifican as distintas unidades orgánicas da administración correspondente, os cargos dirixentes e os responsables dos distintos niveis de decisión que se adecúen ás especificidades de cada órgano.

En segundo lugar, procédese á elaboración dun cadro coa información relativa aos seguintes aspectos:

- Identificación dos departamentos/unidades ou subdepartamentos.
- Identificación da misión e principais actividades.
- Identificación dos riscos potenciais.
- Valoración de frecuencia dos riscos.

- Medidas.
- Responsables.

Un plan-tipo de prevención de riscos de xestión para unha Administración Local desenvolveríase sobre a base do seguinte modelo:

Modelo: Identificación das áreas e actividades, dos riscos de corrupción e infraccións conexas, da cualificación da frecuencia dos riscos, das medidas e dos responsables.

Unidade orgánica	Subunidade orgánica	Obxecto	Principais actividades	Riscos identificados	Frecuencia	Medidas propostas
					MF-Moi Frecuente F-frecuente PF-Pouco Frecuente I-Inexistente	

Nun departamento concreto, por exemplo:

Concesión de beneficios públicos

Exemplos de riscos:

- Inexistencia de instrumento xeral e abstracto que estableza as regras de atribución de beneficios públicos (subsídios, subvencións, bonificacións, axudas, incentivos, doazóns etc.).
- Inexistencia de declaracións de intereses privados dos funcionarios encargados dos procesos de concesión de beneficios.

- Existencia de situacións de favoritismo inxustificado para un determinado beneficiario.
- Existencia de situacións indiciarias de concerto entre os intervinientes no proceso;
- Non aplicación de sancións en caso de incumprimento ou cumprimento defectuoso por parte do beneficiario.
- Non presentación, polos beneficiarios, da relación de actividades.
- Ausencia de mecanismo de publicidade.
- Existencia de incompatibilidades, como a participación de familiares, nos órganos das sociedades beneficiarias.
- Inexistencia dun proceso, cronoloxicamente organizado, que identifique os intervinientes e os actos que practican.

Exemplos de medidas:

- Implementación dun sistema de xestión documental que acredite que o beneficiario cumpre todas as normas legais aplicables.
- Esixencia de declaración de intereses.
- Apreciación de todas as solicitudes no mesmo acto decisorio.
- Publicidade da concesión dos beneficios.
- Implementación de mecanismos de control interno que permitan detectar e rexeitar situacións de favoritismo para un determinado beneficiario.

- Establecemento de consecuencias en caso de incumprimento ou de cumprimento defectuoso por parte do beneficiario, concretamente a devolución da contía entregada ou do beneficio recibido.
- Dispoñer, a través das novas tecnoloxías, de toda a información de carácter administrativo que permita detectar situacións irregulares.

Para ser eficaces os plans de prevención da corrupción deben ser instrumentos dinámicos, en actualización permanente co fin de garantir que non se instalen nos servizos públicos novos focos ou ambientes perturbadores. Esta eficacia esixe tamén que unha vez elaborados sexan actuados e non queden depositados nos arquivos das institucións coma se se tratase dunha tarefa burocrática cumprida e finalizada.

Pero ademais, a xestión do risco de corrupción é unha responsabilidade de todos os traballadores das institucións, tanto sexan membros dos órganos, tanto o sexan do persoal con funcións dirixentes, ou cando se trate mesmo dun simple funcionario. Tamén é certo que os riscos poden ser graduados en función da probabilidade da súa ocorrencia e da gravidade das súas consecuencias, debendo establecerse a correspondente cuantificación para cada tipo de risco,.

En definitiva, con estas previsións os plans de prevención de riscos son o mellor instrumento de prevención da corrupción. Neles deben quedar integrados os códigos de conduta internos adaptados a cada entidade, así como a implantación dos

mecanismos eficaces de control. Canto menor sexa a eficacia, maior será o risco.

Deste xeito, o combate contra a corrupción situaríase a todos os niveis: política criminal e política lexislativa, investigación e prevención.





**Plurilingüismo e dereito: a diversidade lingüística
no marco político dun estado**

Consuelo Castro Rey
Xefa de Avogados do Estado en Galicia

Moitas grazas por assistiren á lectura deste discurso co que ingreso na Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación, e teño a honra de facelo, ademais, no lugar que ocupou un dos xuristas máis prestixiosos e queridos de Galicia, D. José Cora Rodríguez. Obrigado é, polo tanto, principiar o meu discurso cunha lembranza, curta pero agarimosa, da súa figura. Nado no Porto do Barqueiro en 1922, José Cora ingresou na carreira xudicial en 1950 e ascendeu a maxistrado en 1961. Despois de percorrer diversos destinos dentro e fóra de Galicia, en 1983 foi nomeado presidente da Audiencia Territorial da Coruña. Foi o primeiro presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dende onde afrontou a tarefa de desenvolver na nosa Comunidade o novo sistema xudicial deseñado pola Lei Orgánica do Poder Xudicial de 1985 e pola Lei de Demarcación e Planta Xudicial de 1988. En 1990 foi nomeado Valedor do Pobo, o primeiro da historia da institución. Faleceu no ano 2008 deixando un fondo baldeiro no mundo xurídico galego.

Co traballo ao que vou dar lectura, titulado “plurilingüismo e Dereito: a diversidade lingüística no marco político dun Estado”, pretendo defender que a coexistencia dunha pluralidade de linguas dentro das fronteiras políticas dun Estado non debe ser percibida coma unha indesexable fonte de conflito. A diversidade, no eido lingüístico coma en calquera outro, non esixe máis que artellar a convivencia entre suxeitos cuxos intereses poden ás veces entrar en contradición. Esta e non outra é, ao cabo, a razón de ser do Dereito.

Para un achegamento xurídico minimamente serio a esta cuestión non abundan perspectivas como a da “exitosa” teoría da liberdade lingüística, en torno á cal non é posible artellar toda a engrenaxe de dereitos e deberes, públicos e privados, que precisa a regulamentación do feito lingüístico, igual que calquera outro feito xuridicamente relevante da convivencia humana.

Dende o devandito punto de vista, tentarei facer unha análise -necesariamente breve- do ordenamento xurídico español nesta materia, debullar algunhas das cuestións máis polémicas que arestora se suscitan, e concluír con algunhas reflexións acerca da realidade lingüística do noso país.

A LINGUA COMO ELEMENTO DO ESTADO

O paradigma do Estado-nación xurdido na Idade Moderna aséntase en grande parte na crenza de que as persoas que comparten un espazo político deben compartir tamén certos elementos de identidade como a raza, a relixión, a cultura ou a lingua.

Por iso, unha das pretensións que case sempre estivo presente no proceso de construción política dos Estados foi a de acadar a homoxeneidade racial, relixiosa, cultural e lingüística da poboación, para edificar sobre ela a idea dunha identidade común. Ese obxectivo deu lugar a procesos de integración e asimilación; de represión, subordinación e marxinação; e mesmo ás veces de expulsión e aniquilación.

No noso país temos abondosas mostras de normativa discriminatoria en materia lingüística. Só no século XX podemos lembrar, entre outras normas, o Decreto de 21 de novembro de 1902, que sancionaba coa expulsión do corpo de maxisterio aos mestres que aprendesen aos seus discípulos nun idioma ou dialecto que non fose a lingua castelá; o Decreto de 20 de xuño de 1904, que estableceu o uso preceptivo do castelán nas comunicacións de índole administrativa, gobernativa ou xudicial; o Regulamento do Notariado de 6 de abril de 1917, que prohibiu facer as escrituras públicas noutro idioma que non fose o castelán; o Decreto de 18 de setembro de 1923, que prohibiu ás persoas investidas de autoridade usar outro idioma que o castelán; e o Real Decreto de 17 de marzo de 1926, que tipificou como delito a negativa ou resistencia a utilizar a lingua española cando fose preceptiva e o uso doutro idioma ou dialecto no lugar daquela.

Xa nos anos do réxime franquista pódense citar, sen ánimo de exhaustividade, as prohibicións de empregar calquera lingua distinta do castelán no rexistro civil, nos rótulos e anuncios, na proxección de películas, nos telegramas, nos instrumentos públicos, nos nomes de barcos e, naturalmente, no ensino e na Administración pública.

Malia a insistencia coa que foi perseguido ese ideal de uniformidade, no caso da lingua a realidade acredita que as fronteiras políticas e as fronteiras lingüísticas rara vez son coincidentes. Fronte á concepción tan estendida de que a diversidade lingüística dentro das fronteiras políticas dun Estado é unha

situación patolóxica, cómpre recordar que no mundo actual existen unhas 6000 linguas vivas e tan só 192 Estados, e que o 90% dos Estados do mundo son plurilingües.

Se ollamos cara a Europa atopámonos, non só con que o 75% dos Estados recoñecen a diversidade lingüística nas súas normas constitucionais, senón tamén con moi diversos modelos de organizar xurídica e politicamente esa diversidade. Hai Estados nos que varias linguas son oficiais na totalidade do territorio (Irlanda, Finlandia ou Luxemburgo), Estados que se dividen en varios territorios lingüísticos con cadansúa lingua oficial (Suíza ou Bélxica), Estados cunha lingua oficial común e linguas cooficiais en territorios dotados de autonomía política (España, Italia ou Reino Unido), Estados con linguas cooficiais en territorios sen autonomía política (Alemaña, Holanda ou Suecia), e Estados que recoñecen unha única lingua oficial, con ou sen normas protectoras doutras linguas (Francia, Grecia ou Portugal).

En definitiva, a coexistencia de distintas linguas segue a ser unha evidencia no marco político dos Estados contemporáneos, pero esa realidade xa non se aborda hoxe -alomenos en Europa- dende a perspectiva de que a pluralidade lingüística é unha situación indesexable que hai que tender a eliminar, senón dende a sensibilidade cara á conservación da diversidade lingüística, e á protección e promoción das linguas menos favorecidas.

A LINGUA COMO DEREITO E A LINGUA COMO OBXECTO DO DEREITO

1.- A LINGUA COMO DEREITO: O DEREITO Á LINGUA.

Dende a perspectiva do dereito en sentido subxectivo, o dereito á lingua pode entenderse, en primeiro lugar, como a facultade das persoas de empregar a lingua de seu alomenos nas comunicacións privadas e nas creacións artísticas e intelectuais.

Considerado nesa acepción, semella incuestionable que o dereito á lingua é un dereito humano fundamental que unha sociedade democrática non pode deixar de recoñecer expresa ou tacitamente. Mesmo cabe afirmar que o dereito á lingua non é máis que unha manifestación doutros dereitos fundamentais como o dereito á intimidade ou a liberdade de expresión.

En segundo lugar, o dereito á lingua pódese entender tamén como a facultade de esixir, en certas condicións históricas e sociolingüísticas, que a propia lingua sexa recoñecida como lingua oficial, co conxunto de facultades que pola súa vez derivan de tal recoñecemento, e que se concretan basicamente na posibilidade de empregar unha lingua con efectos xurídicos.

O recoñecemento do dereito á lingua entendido nesta segunda acepción presenta moitas dificultades e aínda non pode atoparse en ningún instrumento internacional.

2.- A LINGUA COMO OBXECTO DO DEREITO.

Dende a perspectiva do Dereito en sentido obxectivo, a lingua como obxecto do Dereito pódese conceptualizar de dúas maneiras.

Por unha banda, como un ben de natureza inmaterial, un elemento integrante do patrimonio cultural dunha comunidade. A lingua así considerada pode ser obxecto de disposicións xurídicas relativas á súa protección e conservación.

Por outra banda, a lingua pode cualificarse como un feito, un elemento da vida social, un vehículo de relación entre os suxeitos que conviven dentro dunha comunidade. Tamén nesa dimensión a lingua pode ser obxecto de regulación xurídica, encamiñada neste caso a establecer a súa función no desenvolvemento das relacións sociais xuridicamente relevantes.

Neste traballo parto da premisa de que, agás en contados casos de comunidades políticas pequenas e moi homoxéneas, a lingua é un feito relevante á hora de artellar a convivencia dentro dunha comunidade política, e de que como tal feito relevante debe ser considerada polo Dereito. Dende esa perspectiva voume ocupar de seguido do tratamento que recibe o feito lingüístico no ordenamento xurídico español.

AS FONTES DO DEREITO LINGÜÍSTICO EN ESPAÑA

As fontes do ordenamento xurídico español en materia lingüística son a Constitución de 1978; os Estatutos de Autonomía

que, xunta a Constitución, integran o bloque de constitucionalidade nesta materia; os tratados internacionais –nomeadamente a Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias ratificada por España o 2 de febreiro do 2001-; e as normas legais e regulamentarias emanadas do Estado e, principalmente, das Comunidades Autónomas. Temos que lembrar, ademais, a importantísima función interpretativa e de control de constitucionalidade que corresponde ao Tribunal Constitucional.

No que atinxe á distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas, a premisa xeral é que compete a cada Comunidade Autónoma definir o alcance e mais o réxime xurídico da cooficialidade lingüística no seu territorio (v. gr. SSTC 82/1986, 74/1989 e 87/1997).

Porén, son moitos os conflitos competenciais que xorden cando a lexislación sectorial que dicta o Estado en materias da súa competencia incide en aspectos de natureza lingüística, ou ben cando as disposicións en materia lingüística que dictan as Comunidades Autónomas despregan efectos sobre materias de competencia estatal.

Respecto desas situacións, a xurisprudencia constitucional lémbra-nos a necesidade de conciliar dúas premisas: por un lado, que o titular dunha competencia substantiva está habilitado para regular o uso da lingua no correspondente ámbito material; mais por outro, que as Comunidades Autónomas poden establecer os parámetros que o titular da competencia material debe respectar como un *prius* ao regular o emprego

das linguas, sempre que eses parámetros deban cualificarse como consecuencias do réxime de oficialidade (v. gr. STC 87/1997).

O MODELO DA CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA DE 1978

A Constitución española de 1978 non estableceu, nin moito menos, un modelo lingüístico acabado. Como di o profesor Miguel Revenga Sánchez¹, *“o que fai o artigo 3.2 é abrir un marco de posibilidades tan amplo e indeterminado como sexa preciso para eludir o planteamento das cuestións verdadeiramente decisivas”*.

O grao de indefinición do texto constitucional deu lugar a un modelo moi aberto, que os Estatutos de Autonomía, a lexislación autonómica e estatal, e a xurisprudencia do Tribunal Constitucional foron enchendo de contido, pero que aínda hoxe dista moito de estar rematado.

A primeira cuestión que fica sen resolver é se a Constitución establece un sistema de oficialidade asimétrica entre o castelán e as restantes linguas de España, ou se, polo contrario, estas últimas poden acceder nos respectivos territorios a un estatuto xurídico igual ao do castelán. Sobre esta cuestión volveremos máis adiante.

No canto, o que si parece claro é que a Constitución, ao encomendar as Comunidades Autónomas posuidoras dunha lingua propia a definición do estatuto xurídico de cadansúa lingua,

sentou as bases dun sistema de oficialidade potencialmente asimétrico entre as diversas linguas de España distintas do castelán.

O ESTATUTO XURÍDICO DAS LINGUAS: A OFICIALIDADE LINGÜÍSTICA

Aínda que o estatuto xurídico das linguas suscita hoxe no Dereito español outras cuestións de interese, por razóns de tempo e de sistemática, voume ocupar unicamente do estatuto xurídico da oficialidade lingüística.

1.- O CONCEPTO DE OFICIALIDADE LINGÜÍSTICA.

Á hora de abordarmos o estudo da oficialidade lingüística, o primeiro que chama a atención é a imposibilidade de atopar nin no Dereito interno, nin no Dereito comparado, nin no Dereito internacional, un concepto xurídico-positivo expreso de “lingua oficial”.

E se o que tentamos é extraer o concepto implícito nas normas que regulan as consecuencias xurídicas da oficialidade, temos que concluír que non existe un concepto unívoco e xeral de “oficialidade lingüística”. Trátase, polo contrario, dunha expresión polisémica cuxo alcance e significado varían sensiblemente duns sistemas xurídicos a outros.

No Dereito español, xa vimos que a Constitución non só non ofrece un concepto de oficialidade, senón que mesmo senta

as bases dun réxime xurídico diferenciado para as distintas linguas oficiais.

O Tribunal Constitucional intentou fixar un concepto de oficialidade dicindo que *"é oficial unha lingua, independentemente da súa realidade e peso como fenómeno social, cando é recoñecida polos poderes públicos como medio normal de comunicación en e entre eles e na súa relación cos suxeitos privados, con plena validez e efectos xurídicos"* (v. gr. SSTC 82/1986, 46/1991 e 31/2010).

2.-O CONTIDO DA OFICIALIDADE LINGÜÍSTICA.

Na determinación do concreto contido de dereitos e deberes que derivan da declaración de oficialidade dunha lingua, é onde xorden as principais controversias. De seguido tentarei sistematizar os principais destes dereitos e deberes, distinguindo a posición xurídica dos cidadáns e a dos poderes públicos.

2.1.-DEREITOS DERIVADOS DA OFICIALIDADE DUNHA LINGUA.

Únicamente os cidadáns –e non os poderes públicos– poden ser titulares de dereitos lingüísticos. Os dereitos dos cidadáns en materia lingüística son os seguintes:

1.-Dereito de uso, entendido como o dereito a expresarse nunha determinada lingua e a non ser discriminado por esa circunstancia.

2.-Dereito de uso con validez xurídica, denominado por moitos autores dereito de opción lingüística. Segundo o Tribunal Constitucional, este dereito é inherente ao con-

cepto de oficialidade derivado da Constitución sen necesidade de intermediación normativa ningunha, e esténdese a todos os poderes públicos radicados no territorio da Comunidade Autónoma, sexan estatais, autonómicos ou locais. O dereito de opción lingüística presenta pola súa vez tres aspectos:

- Plenitude de efectos xurídicos dos documentos redactados en calquera lingua oficial.
- Dereito de uso activo, que é o dereito a dirixirse aos poderes públicos en calquera lingua oficial con plena validez xurídica.
- Dereito de uso pasivo, que é o dereito a ser respondido polos poderes públicos na lingua oficial elixida.

Este último aspecto do dereito de opción lingüística e o que presenta uns contornos máis difusos.

En primeiro lugar, respecto das condicións nas que este dereito debe ser satisfeito, o Tribunal Constitucional mantivo que a Administración ten que dispoñer dun prazo de adaptación gradual e progresiva á situación de bilingüismo prevista na Constitución (v. gr. STC 82/1986). Na miña opinión, despois de case 35 anos, o prazo de adaptación debe entenderse hoxe concluído, e a citada doutrina do Tribunal Constitucional xa non pode ser invocada para xustificar os atrancos que se poidan atopar na satisfacción deste dereito.

En segundo lugar, discútese se o dereito a obter unha resposta na lingua elixida polo cidadán limítase á comunicación escrita ou debe estenderse tamén á comunicación verbal, cuestión que ao meu xuízo non debería ofrecer dúbida ningunha, pois non hai razón para aplicar criterios diferentes nun e noutro caso.

En terceiro lugar, a lexislación estatal e as lexislacións autonómicas regulan con moi distinto alcance diversos aspectos do dereito de opción lingüística na súa vertente pasiva. Entre eles pode citarse a posibilidade ou non de elixir a lingua dos asentamentos e das certificacións nos rexistros administrativos e noutros rexistros públicos (Rexistro da Propiedade, Rexistro Mercantil e Rexistro Civil). Na sentenza 87/1997 o Tribunal Constitucional respaldou unha restrición deste dereito ao declarar constitucional a existencia do Regulamento do Rexistro Mercantil de que os asentamentos só poidan practicarse en castelán, calquera que sexa a sé do Rexistro (artigo 36). Non obstante, con posterioridade a esta sentenza a Lei de Política Lingüística de Cataluña estableceu que en todos os Rexistros públicos de Cataluña os asentamentos deben realizarse na lingua na que estea redactado o documento ou se faga a manifestación (artigo 17 da Lei 1/1998), sen que esta previsión fose recorrida ante o Tribunal Constitucional.

Finalmente, cómpre salientar que, no caso das linguas distintas do castelán, o dereito de uso pasivo está restrinxido nalgúns ámbitos tan relevantes coma o da Administración de Xustiza.

Así, o artigo 231.1 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que *“en todas as actuacións xudiciais os xuíces, maxistrados, fiscais, secretarios e demais funcionarios de xulgados e tribunais usarán o castelán, lingua oficial do Estado”*. E o apartado 2 engade que *“os xuíces, maxistrados, fiscais, secretarios e demais funcionarios de xulgados e tribunais poderán usar tamén a lingua oficial propia da Comunidade Autónoma, se ningunha das partes se opuxer alegando descoñecemento dela que puiden producir indefensión”*.

Estas previsións foron recorridas perante o Tribunal Constitucional polas Comunidades Autónomas de Galicia, Cataluña e o País Vasco, mais o Tribunal declarounas conformes ao bloque de constitucionalidade en materia de cooficialidade lingüística co argumento de que o dereito a non sufrir indefensión anóase á obriga constitucional de coñecemento do castelán (STC 56/1990).

Sen embargo, esta argumentación é incongruente coa que o propio Tribunal Constitucional empregou nas sentenzas que recoñecen o dereito a un intérprete aos cidadáns españois que alegan verosimilmente o descoñecemento da lingua castelá, pois nesas sentenzas o Tribunal desvencella rotundamente o principio de proscripción da indefensión das consecuencias do deber constitucional de coñecemento do castelán.

Nos informes de supervisión dos compromisos asumidos por España en relación coa Carta Europea das Linguas

Rexionais ou Minoritarias, o Comité de expertos considera que o artigo 231 da Lei Orgánica do Poder Xudicial constitúe un incumprimento da Carta, e que debe ser modificado para que os procedementos se desenvolvan nas linguas cooficiais distintas do castelán cando o solicite unha das partes.

3.- Dereito de coñecemento.

Segundo o Tribunal Constitucional, o dereito a coñecer as linguas oficiais deriva directamente da Constitución (STC 87/1983) e ten como consecuencia principal o ensino obrigatorio de todas elas. Entende o Tribunal que o dereito de uso dunha lingua oficial esixe o seu estudo e aprendizaxe previo, e que os poderes públicos teñen o deber constitucional de aseguraren o coñecemento de todas as linguas oficiais (v. gr. SSTC 87/1983, 88/1983 e 123/1988).

O ensino das linguas oficiais suscita, como sabemos, agres controversias.

Unha das primeiras cuestións que chegou aos tribunais foi a de se existe un dereito de elección sobre a lingua do ensino ou, máis ben, un dereito de exclusión que permita recibir o ensino nunha soa das linguas oficiais a elección dos interesados (os pais no caso do ensino non universitario e os alumnos no caso do ensino universitario). Este dereito foi firmemente rexeitado polo Tribunal Constitucional en SSTC 195/1989, 19/1990, 337/1994 e 31/2010.

A segunda cuestión que suscita o ensino das linguas oficiais é a que se refire á lingua vehicular, é dicir, á lingua que deba ser empregada como vehículo de comunicación entre docentes e alumnos.

Xa dende a sentenza 137/1986 o Tribunal Constitucional salienta a lexitimidade constitucional de empregar as linguas oficiais distintas do castelán como linguas vehiculares no ensino. Hoxe non se discute, polo tanto, se é posible ou non empregar calquera lingua oficial como lingua vehicular no ensino, senón se cabe conferir a unha determinada lingua oficial o carácter de lingua vehicular única e obrigatoria.

O Tribunal Constitucional ocúpase polo miúdo da lingua vehicular na sentenza 31/2010 ao resolver o recurso interposto contra o Estatuto de Cataluña do 2006. A tese do Tribunal é que o catalán non pode converterse en lingua vehicular única do ensino con exclusión do castelán, mais non aprecia eiva ningunha para que *“en atención ao obxectivo da normalización lingüística en Cataluña o catalán sexa o centro de gravidade [do] deste modelo de bilingüismo”*. Noutras palabras, o Tribunal Constitucional entende que o castelán non pode ser privado da condición de lingua vehicular no ensino, pero que si pode ser lingua vehicular nunha proporción inferior á outra lingua cooficial.

Amais do anterior, a STC 31/2010 contén un pronunciamento sobre as linguas vehiculares no ensino que para min, visto dende a Comunidade Autónoma galega, reviste tamén

moito interese. Efectivamente, ata o de agora o Tribunal Constitucional sentara a obriga dos poderes públicos de garantir o ensino de todas as linguas oficiais, pero nunca dixeran que ese mandato esixise recoñecer a todas elas a condición de linguas vehiculares no ensino. No entanto, a STC 31/2010 afirma claramente que *“ámbalas linguas han de ser non só obxecto de ensino, senón tamén medio de comunicación no conxunto do proceso educativo” e que “é constitucionalmente obrigado que as dúas linguas cooficiais sexan recoñecidas polos poderes públicos competentes como vehiculares”*.

2.2.- DEBERES DERIVADOS DA OFICIALIDADE DUNHA LINGUA.

Nos primeiros tempos de vixencia do actual modelo constitucional en materia lingüística, mantívose acotío que a cooficialidade dunha lingua distinta do castelán é para os cidadáns unha fonte de dereitos mais non de obrigas.

Esta concepción, ao meu entender, ten que ser hoxe revisada ante a evidencia de que a oficialidade das linguas distintas do castelán quedaría moi minguada se non pode desprezar efectos, non só na relación cos poderes públicos, senón tamén en certos ámbitos da relación entre os particulares.

2.2.1.- DEBERES DOS CIDADÁNS.

a) Deber de coñecemento.

O deber de coñecemento que a Constitución impón expresamente para a lingua castelá e omite para as outras linguas é, a

día de hoxe, a diferenza máis relevante entre o estatuto xurídico dunha e doutras linguas, sobre todo porque, se analizamos a máis recente xurisprudencia do Tribunal Constitucional, o devandito deber rematou por converterse no único argumento que permite ao Tribunal, por unha parte, sustentar o trato de favor que moitas normas estatais dispensan ao castelán e, por outra, declarar contrarias á Constitución algunhas das normas autonómicas que pretenden equiparar ao castelán o resto das linguas oficiais.

A positivización do deber de coñecemento dunha lingua ten, ao meu entender, unha transcendencia indubidable, non porque se poida esixir o seu cumprimento con medidas coercitivas –que non é o caso–, senón porque a negación dese deber permite alegar validamente o descoñecemento da lingua, erixíndose nun importante obstáculo ao dereito de uso no ámbito das relacións privadas. Ese obstáculo cobra maior relevancia naquelas relacións nas que unha das partes ostenta unha posición de superioridade respecto da outra e pode impoñer o uso dunha lingua determinada.

A previsión constitucional do deber de coñecemento do castelán deu lugar a debater dende o inicio cal era o alcance que debía darse á ausencia dunha imposición equivalente para as outras linguas de España. Trataríase de decidir se a falta de previsión constitucional debe ou non interpretarse como unha prohibición para que os Estatutos de Autonomía ou a lexislación autonómica poidan impoñer o deber de coñecemento doutras linguas distintas do castelán.

Neste punto é de salientar unha importante diferenza entre a Constitución de 1978 e a súa precedente, a Constitución de 1931, pois esta última, tras proclamar a obriga de saber o castelán, engadía expresamente que *"a ningún se lle poderá esixir o coñecemento nin o uso de ningunha lingua rexional"*, exclusión que non contén a Constitución de 1978.

En calquera caso, o certo é que no primeiro momento ningún Estatuto de Autonomía introduciu entre as súas disposicións o deber de coñecemento da lingua cooficial.

O primeiro pronunciamento do Tribunal Constitucional sobre esta cuestión tivo lugar na sentenza 84/1986, con ocasión do recurso de inconstitucionalidade contra a Lei galega de normalización lingüística, que no artigo 1.2 impoñía a todos os galegos o deber de coñecer o idioma galego. Daquela o Tribunal Constitucional declarou inconstitucional o citado artigo aducindo que *"tal deber non ven imposto na Constitución e non é inherente á cooficialidade da lingua galega"*. Engadía o Tribunal que esa falta de previsión constitucional non pode considerarse discriminatoria porque non se da nas linguas cooficiais o presuposto que serve de fundamento ao deber de coñecemento do castelán, que é o de ser o idioma común a todos os españois.

Quedaba sen resolver, porén, se o deber de coñecemento dunha lingua distinta do castelán podía establecerse nun Estatuto de Autonomía, na súa condición de norma integrante do bloque de constitucionalidade.

A devandita situación produciuse co Estatuto de Cataluña do 2006, que dispuxo no artigo 6.2 que os cidadáns de Cataluña teñen o dereito e o deber de coñeceren as dúas linguas oficiais.

O Tribunal Constitucional pronunciouse ao respecto na sentenza 31/2010, na que recoñece que a falta de previsión constitucional sobre o dereito de uso das linguas cooficiais non impide que os Estatutos de Autonomía recoñezan tal dereito, pero nega, no canto, que a mesma posibilidade poida facerse extensiva ao deber de coñecemento desas linguas, sen máis argumento que afirmar -facendo suposto da cuestión- que non pode esixirse o coñecemento do catalán porque só é obrigatorio coñecer o castelán.

Unha vez visto que o Tribunal Constitucional non acepta a posibilidade de impoñer a todos os cidadáns dunha Comunidade Autónoma con carácter xeral a obriga de coñecer as linguas oficiais distintas do castelán, cómpre analizar se tal obriga si pode impoñerse a determinados suxeitos ou categorías de suxeitos nos que concorran circunstancias que xustifiquen esa esixencia.

Referireime concretamente ao caso dos funcionarios públicos, aos suxeitos privados que prestan servizos públicos, e aos suxeitos que manteñen relacións comerciais con consumidores e usuarios, especialmente se o fan dende unha posición de dominio da relación.

No que atinxe aos funcionarios públicos, son da opinión de que a plena efectividade do dereito de opción lingüística

dos cidadáns ante os poderes públicos ten como contrapartida inescusable o deber de coñecemento de todas as linguas oficiais por parte dos funcionarios públicos que presten servizos no territorio dunha Comunidade Autónoma con lingua cooficial. E tamén de que tal coñecemento debe acreditarse nos procedementos de acceso á función pública -no caso das Administracións autonómica e local- ou, no caso da Administración estatal, nos procedementos de acceso ás prazas do territorio onde hai cooficialidade lingüística.

Podería argumentarse en contra que o uso da lingua cooficial por parte dos poderes públicos pode ser garantida con que só unha parte dos funcionarios poidan expresarse nesa lingua, ou ben por medio de servizos de tradución. Mais non hai dúbida que a necesidade de requirir a presenza de funcionarios determinados ou de remitir os documentos a servizos de tradución pode ocasionar molestias aos cidadáns e retrasos na tramitación dos expedientes, actuando coma un elemento discriminatorio ou, cando menos, disuasorio do uso da lingua cooficial.

Tamén podería aducirse, en contra do coñecemento da lingua como condición de acceso á función pública, que a ninguén se lle pode impoñer a obriga de coñecer unha lingua distinta do castelán. Pero a inexistencia dese deber para os cidadáns na súa condición de tales, non é incompatible coa prescrición do mesmo deber no marco dunha relación estatutaria, como é a función pública, máxime se aparece coma un requisito para garantir o respecto a determinados mandatos constitucionais.

Neste punto a xurisprudencia do Tribunal Constitucional experimentou unha fonda evolución dende o ano 1983, no que considerou contrario aos principios de mérito e capacidade a existencia do coñecemento dunha lingua cooficial (STC 76/1983), ata o ano 2010 no que mantivo que o deber de coñecemento do catalán non pode impoñerse como un deber xeral para todos os cidadáns, pero si no ámbito das relacións de suxeición especial da Administración catalá cos seus funcionarios (STC 31/2010).

Outro ámbito no que semella obrigado esixir o coñecemento de todas as linguas oficiais é o das entidades privadas que, en virtude de mecanismos xurídicos como os concertos ou as concesións, se encargan da prestación de servizos públicos aos cidadáns por conta da Administración. É o caso do ensino concertado, a sanidade concertada, as concesións de transporte e tantos outros. E a mesma conclusión debería estenderse a aqueles lugares nos que se desenvolven funcións de indubidable transcendencia pública como a fe pública notarial ou a levanza dos rexistros públicos non administrativos.

Finalmente, respecto dos suxeitos privados que actúan no mercado, cabe preguntarse se non se debería incluír entre os dereitos dos consumidores e usuarios o de seren comprendidos cando se expresen nunha lingua oficial, sexa esta cal for.

En todo caso, aínda non existindo un recoñecemento legal dese dereito, probablemente podería cualificarse como discriminatoria e, polo tanto, ilegal a alegación de descoñecer unha

lingua oficial esgrimida como xustificación para denegar atención nun establecemento aberto ao público, para rexeitar entaboar unha relación comercial, ou para vetar o exercicio dos dereitos legalmente recoñecidos aos consumidores e usuarios.

b) Deber de uso.

Con carácter xeral hase soste que a imposición aos cidadáns do deber de usar unha determinada lingua é incompatible co dereito de opción lingüística que lles asiste.

Non obstante, hai determinados ámbitos nos que si se considera constitucionalmente lexítimo establecer obrigas de uso dunha determinada lingua a cargo de suxeitos privados.

Así sucede, por exemplo, no caso das Notarías, ás que todas as normas autonómicas impoñen a esixencia de redactar os documentos públicos na lingua elixida polos interesados.

O Estatuto de Cataluña do 2006 establece tamén un deber de dispoñibilidade lingüística para todas as entidades, empresas e establecementos abertos ao público en Cataluña co fin de que os consumidores e usuarios poidan ser atendidos oralmente e por escrito na lingua oficial da súa elección. Este deber de dispoñibilidade lingüística foi declarado constitucional na STC 31/2010 coa salvidade de que non pode implicar a imposición de obrigas individuais de uso dunha lingua.

Outros deberes de uso en ámbitos privados que impoñen algunhas lexislacións autonómicas –non a galega– refírense á

obriga de empregar as dúas linguas oficiais -e non só o castelán como esixe a lexislación estatal- no etiquetado, embañado e instrucións de uso de todos ou dalgúns produtos. Esta esixencia tamén foi declarada constitucional pola STC 31/2010 sempre que non se exclúa a utilización do castelán.

Este tipo de obrigas pode estenderse así mesmo aos contratos de adhesión, á sinalética e á publicidade.

No eido das relacións privadas, o estatuto xurídico da oficialidade das linguas distintas do castelán ten un desenvolvemento embrionario e os seus perfís están aínda por determinar. Porén, é unha evidencia que as relacións de índole económica e comercial inciden sobre o uso das linguas cunha forza equíparable á que teñen as relacións entre os cidadáns e os poderes públicos.

Neste aspecto da cooficialidade lingüística contrasta a postura decidida dalgunhas Comunidades Autónomas coa pasividade doutras. A lexislación daquelas e mais a maneira na que sexa interpretada polo Tribunal Constitucional permitirán ir definindo co tempo os efectos que o principio de cooficialidade lingüística proxecta sobre eses sectores da vida social.

2.2.2.- DEBERES DOS PODERES PÚBLICOS

As mais das obrigas que corresponden aos poderes públicos respecto das linguas oficiais son correlativas dos dereitos dos cidadáns que ata aquí viñemos analizando, e están encamiñadas a garantir a efectividade deses dereitos.

Pero existen outros deberes que o ordenamento xurídico impón aos poderes públicos, sen ter como contrapartida inmediata ningún dereito cidadán, e cuxa lexitimidade e alcance tamén son obxecto de debate.

a) Deber de uso exclusivo ou preferente dunha lingua determinada.-

Xa vimos antes que os poderes públicos nas súas relacións cos cidadáns están obrigados a utilizar a lingua elixida por estes.

Pero esa premisa deixa sen resolver cal é a lingua que deben utilizar os poderes públicos en tres supostos:

- Nas relacións cos cidadáns cando estes non expresen ningunha opción lingüística.
- Nas relacións cos cidadáns cando a actuación administrativa ten como destinatarios a grupos indeterminados de persoas.
- Nas relacións internas dos propios poderes públicos.

Neste extremo faise patente a desigualdade de tratamento que o Tribunal Constitucional dispensa ao castelán e ás restantes linguas oficiais.

En efecto, son moitas as normas estatais que impoñen o castelán como lingua preferente ou mesmo exclusiva en

defecto de opción lingüística dos cidadáns, e tamén nas relacións internas da Administración.

Nese sentido cabe citar o artigo 36 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común que, salvante o caso de opción lingüística expresa dun cidadán a prol doutra lingua, establece que *“a lingua dos procedementos tramitados pola Administración Xeral do Estado será o castelán”*.

Tamén a Orde 35/1987, pola que se regula o uso das linguas oficiais das Comunidades Autónomas na Administración Militar, establece que *“en todos os actos e relacións de servizo no seo das Forzas Armadas utilizarase sempre o castelán, calquera que sexa o destinatario das ordes, comunicacións ou notificacións e a Comunidade Autónoma na cal se realicen”* (artigo 5).

E xa vimos antes tamén como a Lei Orgánica do Poder Xudicial establece o uso preferente do castelán por parte dos xuíces, fiscais, secretarios e demais persoal da Administración de Xustiza.

Ningunha destas normas mereceu o reproche do Tribunal Constitucional, malia ter sido obxecto de impugnación ás relativas á Administración de Xustiza (STC 56/1990) e á Administración Militar (STC 123/1988).

No entanto, a STC 31/2010 afirma que o catalán non pode ser a lingua de uso preferente e normal do poder público

-aínda que só sexa do poder público autonómico- porque iso –di o Tribunal- *“contradí ás características constitucionalmente definidoras da oficialidade lingüística”*, e porque –engade despois- *“as Administracións públicas catalás, coma o poder estatal en Cataluña, non poden ter preferencia por ningunha das dúas linguas oficiais”*.

b) Outros deberes.

Finalmente, outros deberes dos poderes públicos relativos ás linguas oficiais distintas do castelán, que se establecen na propia Constitución ou nos Estatutos de Autonomía, son os deberes de protección, potenciación, fomento e normalización.

Estes deberes tradúcense en obrigas relativas á lingua dos medios de comunicación de titularidade pública, á lingua de publicación das normas, á toponimia, e á normativización do idioma.

Ademais, o deber de normalización -que o Tribunal Constitucional cualifica como un deber derivado do bloque de constitucionalidade (v. gr. SSTC 82/1986 e 31/2010)- habilita ao lexislador autonómico para introducir medidas de intervención e mesmo de discriminación positiva –como a imposición de cotas mínimas de uso en determinados ámbitos- que aínda son fonte de fortes discrepancias.

A OPERATIVIDADE REAL DAS NORMAS SOBRE COOFICIALIDADE LINGÜÍSTICA.

O compromiso de normalización lingüística asumido nos Estatutos de Autonomía ten como obxectivo poñer fin á situación de diglosia que caracteriza a realidade sociolingüística española como resultado das circunstancias históricas ás que fixen referencia ao principio deste traballo.

A diglosia pode definirse como un reparto desigual de funcións sociais entre dúas linguas, unha que se emprega nas institucións públicas, nos medios de comunicación e no ensino, e que desenvolve as funcións propias de ámbitos formais, elevados ou elaborados; e outra que se reserva para situacións informais, contidos pouco elaborados e uso oral.

Esta situación de desequilibrio produce importantes efectos sobre a penetración social das linguas e sobre as crenzas e os comportamentos dos falantes.

No que atinxe á penetración social das linguas, a lingua en situación diglósica retrocede en número de falantes e en espazos sociais e xeográficos; o seu uso redúcese aos estratos de poboación de escasa formación ou de idade avanzada; e sofre interferencias da lingua dominante perdendo elementos da súa fonoloxía, gramática e léxico e, sobre todo, os mecanismos propios de creación e formación de palabras.

No aspecto das crenzas e os comportamentos, a diglosia xera fenómenos como a estigmatización social de orixe lingüísti-

ca; a inhibición no uso da lingua por sentimentos de vergonza e autodesprezo; a perda de gran parte do valor simbólico e identitario que toda lingua ten para os seus falantes; a ruptura na transmisión xeracional da lingua; e, en última instancia, a substitución lingüística².

A normalización lingüística, isto é, a superación da situación diglósica que padece unha lingua, require ante todo un marco legal axeitado. Na configuración dese marco a declaración de oficialidade das linguas distintas do castelán foi unha decisión de extraordinaria importancia. Pero a declaración de oficialidade non abonda para repoñer a unha lingua á situación de normalidade. Velaí está para demostralo o caso do irlandés, declarado lingua nacional e primeira lingua oficial na Constitución de Irlanda, pero con un uso oficial reducido ao plano simbólico e apenas 20.000 falantes.

Partindo da declaración de oficialidade que conteñen a Constitución e os Estatutos, a eficacia do proceso normalizador depende en grande parte das medidas lexislativas que adopten as Comunidades Autónomas en canto titulares das competencias fundamentais en materia lingüística. E depende tamén, obviamente, da operatividade real desas medidas, pois ás veces as normas apróbanse en contextos de falta de apoio real e de inaplicación consentida.

Tanto no primeiro coma no segundo aspecto é preciso salientar as enormes diferenzas entre as diversas Comunidades Autónomas. O grao de desenvolvemento regulamentario e o

propio contido das leis de normalización lingüística é radicalmente distinto dunhas Comunidades a outras. E tamén o é o nivel de aplicación e cumprimento da normativa existente e, consecuentemente, os resultados obtidos ata o de agora.

O último informe do Comité de expertos do Consello de Europa que supervisa o cumprimento da Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias, emitido o 11 de decembro do 2008, salienta o diverso grao de cumprimento por parte das distintas Comunidades Autónomas.

No tocante ao Estado, o Comité denuncia un grao de cumprimento “moi insatisfactorio” nos ámbitos do poder xudicial, da Administración periférica do Estado, dos servizos públicos xestionados polo Estado e dos medios estatais de difusión pública, dos que chega a afirmar que *“propician un clima de confrontación e tensións entre as comunidades lingüísticas”*.

REFLEXIÓN CARA AO FUTURO.

Finalmente gustaríame rematar este discurso cunha reflexión de cara ao futuro.

Unha lingua non pode sobrevivir sen funcións relevantes de comunicación. Isto significa hoxe en día estar presente na actividade dos poderes públicos, nas relacións económicas e comerciais, na creación intelectual e, dende logo, nos medios de comunicación de masas, sen os cales as linguas non teñen posibilidades de manter unha mínima vitalidade e influencia.

A presenza dunha lingua en todos eses ámbitos, cando historicamente estivo apartada deles, require dende logo a adopción de decisións políticas e a aprobación de normas xurídicas. Pero a capacidade do Dereito de incidir nos procesos lingüísticos é limitada. Como di o profesor Eduardo Ruiz Vieytez³ *“as sancións coercitivas teñen moi pouca eficacia en comparación con sancións sociais como a perda de prestixio social, as dificultades para desenvolver unha actividade comercial ou laboral rendible, ou o fracaso escolar”*. Por iso, en última instancia, o futuro dunha lingua depende do valor que lle dea o grupo social.

Co marco constitucional do que nos dotamos en 1978, o futuro que lle agarda á lingua galega, hoxe na encrucillada, é unha decisión que nos corresponde tomar a todos nós: aos galegos que pensan que o galego non é útil e que o lugar axeitado para el está na taberna e nas cancións populares, mais tamén a aqueles que pensamos, como Wittgenstein, que a linguaxe é para o ser humano *“o mapa da realidade”*, e que por iso pouco ou nada da alma deste pobo pode perdurar sen a súa lingua.

Moitas grazas.

¹*“Notas sobre oficialidad lingüística y cultura constitucional” (Revista de Llingua i Dret núm. 43).*

²*Nestes parágrafos segúin basicamente a exposición de Ramón D'Andrés Díaz no seu traballo “Los procesos de normalización social de las lenguas”.*

³*Op. cit.*



**Xurisprudencia e galego,
de represión e continuidades**

***Xesús Costas Abreu
Letrado Concello de Vigo***

I

Os antecedentes xurisprudenciais, e xa que logo legais e institucionais, da actual situación e do actual rexime lingüístico teñen interese histórico e teñen, tamén, interese polo seu desvalor e peso en termos de des/continuidade.

Continuidades estruturais hainas porque afloran moitos elementos do padrón uniformizador da “cultura política” imperante, vinculada ao proceso de construción do estado español contra os inimigos interiores (antes e despois do franquismo).

Continuidades porque as forzas políticas dominantes en Galicia se caracterizan pola súa non-ruptura, non-negación de e co rexime político anterior, e isto é así non só nos seus representantes máis anciáns, que procedentes do partido único, mantiveron como principios de política lingüística os seus prexuizos, ás veces latentes e silentes pero vivos, e sen grandes cambios máis que nas formas.

E continuidades porque os autores destas sentenzas eran, e seguiron sendo ata a súa xubilación, os titulares dos órganos xurídicos superiores, decisores, creadores de xurisprudencia en canto fonte de dereito.

Imos pois partir dunha presa de sentenzas do Tribunal Supremo que operan, as máis delas, sobre outras previas do *Tribunal de Orden Público* (TOP), datadas entre os anos 1957 e 1973 nas que a “cuestión do galego” asoma expresamente, para logo relacionalas con outras posteriores.

Certamente a cuestión lingüística ás veces non é o máis relevante dos casos “subxacentes”, de condenas por exercer os dereitos e liberdades reprimidas (cuestión da que se ocupou monograficamente Francisco J. Bastida), pero o xeito de tratala é sumamente relevador e trátase dun asunto no que non abondan precisamente os traballos. Realmente, o máis interesante sería que alguén puidese acceder aos autos (no TOP e no TS) para manexar unha información máis completa destes e doutros casos. Tal sería a maior utilidade posible deste achegamento, á parte de avisar do “retorno dos monstros” e, se cadra, rir un pouco, aínda sen esquecermos a pouca graza do asunto.

Non podemos por menos que avisar que o argot empregado oscila moitas veces entre o ridículo, o cursi e o totalitario, con afinados rexistros da xerga espesa estudada por D^a Luciana Calvo Ramos nos seu clásico sobre a linguaxe xurídica española.

1) STS 1-2-1957. Crim.(R. X. Ar. 235). Relator Parera Abello.

Un paisano mandou por correo uns versos “en forma de cuartetas e escritas en galego”, contando dunha “señorita” que dormira “no monte” e outras lerias do estilo.

Condenouno a Audiencia por inxurias graves, por escrito e “con publicidade” (porque enviara dous exemplares, un deles ao “pretendiente” da ofendida).

O TS anulou o da “publicidade” e substituíu os tres meses de arresto por dous anos de desterro, reducindo a multa a 2000 pesetas.

Sobre “ultraxes” á nación española e a súa relación coa “*expresión que mayor afrenta produce a la mujer*” pode verse a STS do 13-7-1956 (R.X. Ar 2569), na que un “estranxeiro” (o cal viría ser un atenuante) que exercía a “*profesión de torero, tan española*” (segundo o tópico “cañí” empregado polo TS) é condenado, con petición ao goberno de que “a represión do feito delitivo sexa proporcionada”, e non como resultou da aplicación das disposicións legais (e se non que llo dixeran a S. Vaamonde algúns anos despois).

Sobre os efectos do alcol, o dimorfismo insultuoso aplicado a homes e mulleres, e o ultraxe á nación española “no sentimento da súa unidade, non seus símbolos e nos seus emblemas”, pero sen chegar á protección penal “de xeito aillado (dos) elementos que constitúen a nación e entre eles o persoal pertencente ao sexo masculino” pode verse a STS do 25-5-1959 (R.X.Ar. 1797).

2) STS 25-1-1969. Crim. (R.X. Ar. 337). Rel. Casas y Ruiz.

Este é un dos casos máis coñecidos da actuación do TOP que condenou a E. Miguez A. como “autor” do delito de propaganda ilegal.

O delito foi a introdución, a elaboración e publicación dun libro “bilingue” (é dicir en dobre texto) titulado “Castelao y nosotros. Castelao é nós”, editado “no estranxeiro” (por “Sempre en Galicia”).

Decide o TS que “a condición de autor do procesado refírese a todo o contido do libro... sen excepción ningunha”, cando é unha antoloxía de textos de Castelao.

O tal contido da obra é definido como “unha exaltación do nacionalismo, da autonomía, con federalismo ou separatismo de Galicia, fomentando a disgregación desta da indivisibilidade patria á que pertence”, en singular expresión do TOP que o TS reafirma.

A autoría de Castelao redúcese pois á “materia... da propaganda”.

Particularmente expresivo é o que se di no cuarto “considerando” cando se afirma que “se ataca a outra rexión española (Castela) con criterios... insultantes pola súa condición de vello núcleo da nacionalidade española nos tempos da súa formación”.

O alegato defensivo de que os textos serían expresións doutrinarias sobre o idioma galego, o federalismo... é desbotado polos “tons altamente separatistas” porque para o TOP e o TS só hai “unidade”, ou diferentes tons de separatismo (autonomía, federalismo, serían para estes notables xuristas iso e só iso).

Na STS do 16-2-1957 (R.X. Ar. 268) na que a colocación dunha bandeira é delito, dise que tal conduta é: “un notorio ataque á unidade da nación española, que non permite, ... a disgregación... en rexións autónomas...” A STS do 17-2-1969 (R.X. Ar. 684) é explícita ao considerar que as bandeiras “rexionais” non

poden ocupar o lugar que lle corresponde “por probado costume” á bandeira española.

3) STS 18-3-1969. Crim. (R.X. Ar. 1662). Rel. Escudero del Corral

José A. G. levouse seis meses e un día por colocar 25 pasquíns no Barco de Valdeorras e ter máis aínda na casa, co texto de “liberdade para Galicia” e “viva Galicia ceibe e socialista”.

O tal texto é “de tendencia separatista, pois a proclamación de liberdade para Galicia, pedida precisamente na súa lingua vernácula, ía dirixida... a atacar a unidade da nación española, pois fronte a ela pídese esa liberdade, cunhas expresións... con ataque á integridade e correlativa defensa do separatismo...”.

Cabe salientar a agravante do emprego de “lingua vernácula”, así como a gravidade do uso de palabra “liberdade” polas súas moitas implicacións.

4) STS 20-3-1969. Crim. (R.X. Ar. 1665). Rel. Riaño Gari.

Antonio B.R. levou igual condena que o anterior procesado, tamén por propagandas ilegais e por repartir pasquíns en escaparates, automóviles e caixas de correos, reclamando tamén liberdade para Galicia.

Dinos o TS que isto non é “libre pensamento”, porque reclamar liberdade “só para Galicia”, “por medio de pasquíns colocados de noite e ás agachadas” (?) é fomentar ideas separatistas que desintegran a patria. En cambio “liberidad para todas las regiones e individuos es anhelo de gobernantes y gobernados”, dísenos con tanto cinismo como cursilería.

Para rematar a faena “a orixe castelá do autor” agrava o crime (co cal, a atenuante de ser estranxeiro complementábase aquí coa agravante de non ser galego), aínda sendo unha reclamación “que no se tiene particularmente en aquela zona”.

5) STS 6-10-1969. Crim. (R. X. Arz. 4939). Rel. Escudero del Corral

A Domingo B.V. e Juan S.G. condenáronos a sete meses e multa, por transportar un, e colocar o outro, pegatinas en Lugo coa xa coñecida e seica disolvente frase “liberdade para Galicia”, o que é aquí para o TS “manifestacións dun desexo idealmente secesionista” e por facelo, ademais, na “lingua vernácula”.

Como “a liberdade solicitada non se condicionaba e se pretendía como ilimitada e sen restrición ningunha” o separatismo era claro para o tribunal.

O transportista do perigoso material adhesivo é condenado, pola súa tenza e por levar a cabo actos necesarios para a propaganda, como coautor.

Con todo, é forzoso engadir e constatar que, aínda sen emprego da lingua vernácula nin aplicar as súas reivindicacións a Galicia, outros que repartían follos tamén eran condenados: STS 9-2-1970 (R.X. Ar. 894), xoves das comisións obreiras por Vigo e o Morrazo, por asociación ilícita.

6) STS 26-12-1969. Cont- Admtvo. (R. X. Ar. 6163). Rel. Serván Mur.

É o coñecido (e “utilizado”) caso da “Carta aberta”, publicada o 26-7-1967, “ao director de La Voz de Galicia” de Augusto Assía

“sobre el idioma gallego”, que deu lugar a unha multa ao director daquela D. Francisco P.R. de 50.000 pesetas polo *“Ministro de Información y Turismo”,* que o 25-11-1968 aplicou así a súa *“Lei de prensa”* de 1966, da que tanto se gabou.

Dicíase nesa carta que o galego “é tratado como un estigma que hai que ocultar” ao que lle ocorría o que “aos negros en Estados Unidos”.

Tamén afirmaba que o galego era utilizado como “instrumento de clase”, como un “ferro para marcar a servidume”, mentres o castelán se usa “coma unha prumaxe coa que adornar pretensións e superioridades” pola “xente fina”.

En fin, estimou o tal ministro que se faltaba á verdade e ao “devido respecto” á Igrexa, á Universidade, á Escola, aos estrados (xudiciais) e ás oficinas públicas nas que sucedía e sucede o que este autor (de cambiante traxectoria) describía en canto á lingua deste “país tan relegado”.

O TS ratificou a gravidade da falta, a responsabilidade do director e a sanción imposta por seren as expresións publicadas “apoloxéticas dunha conduta de acción... oposta aos principios... da orde pública, da paz interior” e da unidade intanxible entre todos os españois e as terras de España.

Outro caso de aplicación represiva da lei de prensa (comunmente coñecida como lei Fraga) a outro xornal galego (tamén pouco sospeitoso daquela como hoxe de afeccións galeguistas ou progresistas) pode verse na STS do 30-1-1971 (R.X. Ar.

144) en relación cunha sanción a “El Ideal Gallego” por excederse no número de traballadores de Bazán manifestantes o 5-5-1969 en “el Ferrol del caudillo” (por orde do gobernador civil eran 200, no xornal dixeron que 1.400, hai cousas que non cambian).

A STS do 21-3-1969 (R. X. Ar. 1676) trata tamén dunha “carta aberta” publicada en “Destino”, e titulada “El catalán se acaba” que facía unha (irónica) apoloxía da conveniencia da erradicación do catalán (de “aparente celo patriótico” fala o TS). Nesta curiosa sentenza chega o tribunal a afirmar que “a esta nación española se le puede ofender tanto en su totalidad como en su partes”. Esta carta aberta é un interesante precedente das teses das asociacións que defenden aos castelanfalantes indefensos aplicando o criterio de “acudir rápido en auxilio del vencedor” en todo conflito.

7) STS 21-3-1970. Crim. (R. X. Ar. 1480). Rel. Saez Jimenez

Julio C.I. e José M^a M. D. tiñan no seu poder uns panfletos “impresos subversivos para ser repartidos” que non chegaron ser distribuídos. Foron sancionados en vía administrativa e polos mesmos feitos foron condenados polo TOP por delito consumado de propaganda ilegal, sentenza ratificada en casación polo TS.

Denegóuselles a proba de malos tratos policiais por impertinente e irrelevante (“fuera o no ciertamente maltratado coetaneamente a su deposición”).

Di o TS que “se evidencia... que o contido dos impresos intentaba ostensiblemente relaxar o sentimento nacional “ao atacar ao estado “na personalidade dos seus xenuínos órganos representativos”, ao presentar aos obreiros, ao pobo e á rexión galega como vítimas de inxustizas e desigualdades” propugnando o “nacionalismo popular galego”.

A confusión (o identificación se se prefire) entre estado, nación e réxime político é unha das características definitorias da xurisprudencia do TS, e propia do pensamento totalitario. Lembremos que na “lei para a seguridade do estado” do 29-3-1941 (BOE 11-4-1941) os “actos encamiñados a substituír por outro o goberno” eran tipificados como delitos de traizón. Nesta lei fálase de “bandeiras separatistas”, de “ultraxes á nación española, ou ao sentimento da súa unidade, así como os seus símbolos e emblemas...”, da “relaxación do sentimento nacional”, ... Esta “lei complementaba a do 1-3-1940 “sobre represión da masonería e o comunismo”, e foi modificada e completada pola L. 154/1963 que creou os xulgados e tribunais de orde pública centralizados (BOE do 5-12-1963).

8) STS 23-2-1971. Crim. (R.X. Ar. 678). Rel. Escudero del Corral.

Trátase doutro dos casos coñecidos ou, cando menos, non totalmente ignorados: á saída dunha misa por Rosalía producíronse diversos cantos (un deles “venceremos nós”) e oiuse un berro: “viva Galicia ceibe”. Xaime Illa Couto, que finou hai ben pouco, foi detido como autor e condenado por desordes públicas, sen que houbera máis desorde que a súa detención pola policía política do rexime.

Desta vez o TS anulou a sentenza do TOP porque:

- foi unha soa vez, un “berro aillado, non reiterado sequera”, sen consecuencia ningunha.
- non consta un “desexo de tendencia finalista indubidable... para conseguir a secesión da unidade de España”.
- o “diferente contido” da palabra “ceibe” non permite apreciar “un seguro matiz separatista non perseguido”, ou máis ben “un sentido rexionalista exaltador da unidade dentro da variedade... que mesmo resulta defendible”.
- a persoa da que procede o berro, “un Abogado” do que “se descoñece a súa ideoloxía”.
- “a falta de significación da reunión” (unha misa). Sobre misas “en vascuence” pode verse a STS do 27-1-1969, (R. X. Ar. 386), nela se reclamaban misas na lingua propia.
- e “a ausencia dun certo clima separatista na rexión na que se produciu”.

9) STS 24-9-1973. Crim. (R. X. Ar. 670). Rel. Escudero del Corral.

Xose G. M. foi condenado a dous anos de prisión e multa polo “delito” de propaganda ilegal, consistente en botar desde un balcón en Vigo unhas follas ciclostiladas sobre a represión en Compostela e “en moitos lugares da nosa nación”.

O considerando terceiro desta sentenza confirmatoria do TS sorprende ao afirmar que é “imposible de admitir a interpre-

tación gramatical que se quere facer ao dicir que o texto se refería á expresión dun rexionalismo, e que ao falar de nación se tería que entender á galega... xa que esta non é outra que España... Galicia non constitúe por si nación ningunha... a mutación da cualificación proposta resulta estéril e imposible...".

Obsérvese como o tribunal, levado polos seus ideoloxemas, chega a "forzar" o texto polo que condena, ao non lle ter encaixe nos seus presupostos ideolóxicos.

//

Se se nos permite agora un primeiro salto no tempo, as primeiras sentenzas sobre cuestións lingüísticas posteriores á Constitución permiten considerar algunha das continuidades ás que ao principio nos referíamos.

Non falamos de identidade, hai algúns cambios formais, pero tamén continuidades de fondo coa doutrina e o discurso anteriores.

- A STS do 21-4-1980 (R. X. Ar. 1392). Rel. Pérez Fernández, resolve sobre a petición de "E. G. R." (un clásico) do "dereito" dun seu fillo a recibir clases só en castelán, con libros de texto só en castelán, en Barcelona.

A Audiencia Territorial de Barcelona inadmitira o recurso, pero o TS en apelación admítelo e estímao, cunha tese que explicita no considerando cuarto: hai unha "*oficial lengua española*" que

se debe coñecer como *"oficial del estado"*, e hai as *"demás lenguas españolas que pueden ser usadas y enseñadas"* por *"quienes las conocen"*, e iso invocando o dereito á educación e máis o *"absoluto respecto doutros mandatos constitucionais"* (excusatio non petita...)

- A STS do 25-1-1984 (R. X. Ar. 205). Rel. Jaime Rodríguez Hermida, ocúpase dunha convocatoria da Deputación de Guipúzcoa para unha praza do servizo de bombeiros na que se puntuaba o coñecemento do idioma vasco.

A A.T. de Pamplona desestimou o recurso do "Colegio Oficial de Ingenieros Industriales de Madrid" pero o TS, en apelación, estimouno porque:

- *"La lengua oficial de España es el castellano"*.
- *"Cualquier consursante que no domine el euskera estará en peor situación... discriminando a los que hablan el castellano, lengua oficial de España"*.
- Dálle igual ao tribunal que o exercicio de euskera non sexa eliminatorio, porque se discrimina en prexuízo dos que falan un idioma *"que además de ser el oficial de los españoles, está asimilado al de Euskadi"*... *"de ahí que no nos podamos explicar como al que habla en castellano no se le da el mismo trato en puntuación el que habla el lenguaje de euskera"* (sic).
- Tampouco lle vale ao tribunal que se puntúe o coñecemento de francés, alemán, inglés... porque o discrimi-

natorio e contrario ao principio de igualdade é precisamente para o tribunal que se puntúe o euskera.

Remata a faena o relator referíndose precisamente a STS do 21-4-1980, un bucle, un círculo vicioso.

O relator desta sentenza, disque galego, tivo un final profesional fecundo, que pode seguirse a través das sentenzas do TS do 3-5-1986 (R. X. Ar. 4666), 2-9-1987, 22-1-1988, 27-12-1996 (non as busquedes nin no CENDOJ nin no Aranzadi, estas non se publicaron), na STC 98/1989, no ATC 207/1997... estaba a “outras cousas” o home.

Logo destas sentenzas houbo moitas outras, houbo evolución, con avances e retrocesos tamén.

III

Na actualidade hai un campo no que a simple lectura dos textos xudiciais invita a unha reflexión porque, ou ben se trata doutra manifestación de continuidade na afirmación metaxurídica do nacionalismo lingüístico uniformizador español, ou ben, o nelas predicado ten que valer para todos os idiomas oficiais.

Trátase dun bo número de sentenzas definitivas de doutrina xurisprudencial sobre adquisición da nacionalidade española, e en concreto da aplicación do artigo 220.5º do Regulamento que desenvolve a Lei do rexistro civil, que alude expresamente

a falar “*castellano u otra lengua española*” como elemento relevante para a concesión da nacionalidade, en relación coa “integración na sociedade española” do art. 20.4 do Código civil.

Afirmase nestas sentenzas que o grao de integración social depende dun comportamento positivo tendente á integración que implica necesariamente un coñecemento suficiente do “idioma”, en singular. Dise que non abonda con xustificar tempo de residencia se falta o “esfuerzo persoal” para integrarse na sociedade, e que o coñecemento en grao suficiente “do idioma”, en singular, é o presuposto que permite a relación social e a integración efectiva.

A única excepción admitida é o “analfabetismo” (involuntario, sobreenténdese) da persoa solicitante.

Só nunha das moitas sentenzas sobre este asunto se alude aos idiomas oficiais españois, en plural, para todas as demais en España hai un só idioma oficial, ata o punto de que as previsións da norma aplicada son amputadas, nesta doutrina xurisprudencial, de toda consideración do pluralismo lingüístico constitucionalizado.

A cuestión é, o criterio que conecta o coñecemento suficiente do/s idioma/s do país coa integración social ten valor xeral? é sostible, é trasladable a diferentes situacións? Noutros termos, un analfabeto voluntario en galego que reside moitos anos en Galicia é un cidadán culto, minimamente? existe o dereito, a liberdade de escolla, a ser analfabeto na lingua oficial e propia dun país?

Vigo, outubro de 2012

Roberto González Pastoriza
Un galeguista republicano con todo dereito

Xurxo Martínez González-Escritor 19

Roberto González Pastoriza
Lembrado por Arsenio Paz Carballo

Fernando Román Alonso-Escritor 67

Tres cartas de Roberto González Pastoriza
sobre o idioma galego, Castelao e García Lorca

Xesús Alonso Montero-Escritor 83

O meu avó don Roberto

Jaime Barreras González-Pastoriza-Avogado 97

O bo letrado

Francisco de Cominges Cáceres-Maxistrado 107

Unha proposta para a prevención
dos riscos da corrupción

Carlos Varela García-Fiscal Superior de Galicia 115

Plurilingüismo e dereito: a diversidade lingüística
no marco político dun estado

Consuelo Castro Rey-Xefa de Avogados do Estado en Galicia 139

Xurisprudencia e galego,
de represión e continuidades

Xesús Costas Abreu-Letrado do Concello de Vigo 173

*Este libro editouse co gallo do 125 aniversario do
nacemento de don Roberto González Pastoriza, xurista e
humanista, para recoñecer e lembrar o seu compromiso con
Galicia, exemplo a imitar polos profesionais do dereito.*

